

A reforma agraria liberal.

O triunfo da revolución liberal en España tivo notables consecuencias económicas e sociais. Para os liberais, o asentamento da nova orde política e social pasaba por unha fonda transformación da agricultura. Esta constituía a principal actividade produtiva e arredor dela se articulaba a vida da poboación rural, aínda amplamente maioritaria. O programa agrario do liberalismo decimonónico español amosa unha significativa continuidade con algunhas das propostas do reformismo ilustrado (Campomanes, Olavide e, sobre todo, Jovellanos), singularmente no tocante á vontade de superar os atrancos institucionais ao avance da produción e dos intercambios agrarios (amortización, vinculación, regulacións comerciais, etc.). [DOC. 1]

A chamada **reforma agraria liberal** inclúe unha serie de cambios xurídico-institucionais que modificaron substancialmente o réxime de propiedade da terra e impulsaron o desenvolvemento do capitalismo no mundo rural. O obxectivo fundamental da nova lexislación era instituír o que os xuristas da época denominaban unha *propiedad perfecta*, individual, libre, absoluta e unívoca. Consonte aos principios económicos liberais, só esta garantía unha axeitada asignación dos recursos e, polo tanto, o aumento sostido da produción e o benestar económico. Pero estes principios habían modularse por mor das conflitivas circunstancias en que se produciu o triunfo do liberalismo, a necesidade de ampliar os apoios sociais do novo réxime e as urxencias financeiras do Estado.

Entre as **medidas** que conforman a reforma agraria liberal destacan a desamortización, a desvinculación dos morgados e a abolición dos señoríos. Pero non deben esquecerse outras: a abolición do dezmo, a fin dos privilexios da Mesta, a liberdade de cultivos e cercamentos, a liberdade de prezos e contratación, etc.



G. M. de Jovellanos, retrato de F. de Goya (1798)
[Dominio Público], dende Wikimedia Commons

DOC. 1: Informe sobre a lei agraria, de Jovellanos (1795)

A primeira providencia que a nación reclama destes principios é a derogación de tódalas leis que permitan vincular a propiedade territorial. Respéctense en hora boa as vinculacións feitas ata o de agora [...] e fíxese canto antes o único límite que pode ter a súa perniciosa influencia. Debe cesar, polo tanto, a facultade de vincular [...], de xeito que conserve a tódolos cidadáns a facultade de dispor de tódolos seus bens [...]

É en van[...] agardar a baratura dos prezos doutro principio có da abundancia, e é en van agardar esta abundancia senón da libre contratación de froitos. Só a esperanza do interese pode producir a concorrencia, e por esta aquela equidade de prezos que é tan xustamente desexada. As taxas, as prohibicións e tódalas demais precaucións regulamentarias non poden deixar de amortecer aquela esperanza e, polo mesmo, desalentar o cultivo e diminuír a concorrencia e abundancia e, daquela, por unha reacción infalible, a carestía nacerá dos mesmos medios dirixidos a evitala.[...]

De qué servirán los cerramientos se subsiste o sistema de protección parcial e os privilexios da gandería? De que os canles de rego se non se autorizan os cerramientos? A construción de portos reclama a de camiños, a de camiños, a libre circulación de froitos, e esta circulación un sistema de contribucións compatible cos dereitos de propiedade e coa liberdade de cultivo.[...]

A desamortización.

A **desamortización** consistiu na nacionalización polo Estado dos bens inmobles amortizados de certas institucións (Igrexa, municipios...) para a súa posterior privatización por medio da venda a particulares en pública poxa. Ao longo do século XIX aprobáronse diversas disposicións desamortizadoras. As máis importantes tiveron lugar durante o **reinado de Isabel II** (1833-1868), en concreto durante os períodos de hexemonía progresista (1836-37, 1840-43, 1854-56), pero non se deben esquecerse importantes **antecedentes**: a chamada *desamortización de Godoy* (1798), a iniciada en 1809 durante o reinado José Bonaparte (1808), a decretada polas Cortes en 1813, retomada en 1820 ao comezo do Trienio Liberal.

O decreto desamortizador promovido por **Mendizábal** en 1836 afectou a patrimonio do clero regular [DOC. 2]. En 1841, durante a rexencia de **Espartero**, unha nova disposición estendeu os efectos da desamortización a tódalas propiedades do clero secular [DOC. 3]. En 1855, as Cortes do Bienio Progresista aprobaron a **Lei de Desamortización Xeral** promovida polo ministro de Facenda **Pascual Madoz** [DOC. 4]. Esta atinxía a tódolos bens amortizados tanto aos aínda pertencentes a institucións eclesiásticas (clero, ordes militares, confrarías, obras pías, santuarios...) como os de titularidade municipal, comunal e estatal.

As disposicións desamortizadoras respondían a diversos **obxectivos**:

- ➔ **Adaptar a propiedade agraria** aos principios liberais e promover o desenvolvemento dunha economía capitalista.
- ➔ **Ampliar as bases sociais do réxime liberal** ou, segundo proclamaba o decreto de 1836, “*crear unha copiosa familia de propietarios, que apoie principalmente no triunfo das nosas actuais institucións os seus goces e a súa existencia*” [DOC.2].



D. Juan Álvarez Mendizábal
Juan Álvarez Mendizábal, segundo un gravado de J. Gómez (c. 1836)

[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

DOC. 2: Decreto desamortizador de 1836 (desamortización de Mendizábal).

Señora: vender a masa de bens que viñeron a ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne de dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha desamortización exactamente ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apagar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhear a patria e crear firmes vínculos que liguén a ela; e, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade [...], crear unha copiosa familia de propietarios [...]

Art. 1. Quedan declarados en venda dende agora tódolos bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas.

DOC. 3: Lei desamortizadora de 1841 (desamortización de Espartero).

Art. 1. Tódalas propiedades do clero secular (...) son bens nacionais (...).

Art. 3. Decláranse en venda tódalas propiedades, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías.

DOC. 4: Lei de Desamortización Xeral de 1855 (desamortización de Madoz).

Art. 1. Decláranse en estado de venda (...) tódolos predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: Ao Estado. Ao clero. As Ordes Militares (...). As confrarías, obras pías e santuarios (...). Aos propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrución pública e calquera outros pertencentes a mans mortas, xa estean ou non mandados vender por leis anteriores.

- ➔ **Incrementar os recursos financeiros do Estado** afectado por un déficit público e un endebedamento crónicos [DOC. 2 e 7].

Cómpre preguntarse daquela en que medida se acadaron os obxectivos formulados, unha cuestión sobre a quen ten sido obxecto dun forte debate:

- **Dende o punto de vista financeiro**, non hai dúbida de que, grazas á venda dos bens nacionais, o Estado puido achegar medios económicos absolutamente imprescindibles para evitar a súa bancarrota, sanear a Facenda e recuperar o seu crédito [DOC. 7].
- **Dende o punto de vista social**, tampouco se discute que a desamortización incrementou o número de propietarios ao provocar unha **inmensa transferencia de propiedade**. Calcúlase que foron nacionalizadas e posteriormente alleadas 10'2 millóns de hectáreas, un 20 % da superficie total española. O poder económico da Igrexa foi case eliminado, a propiedade municipal e comunal veuse moi reducida. Os **compradores de bens nacionais** procederon maioritariamente da burguesía e das clases medias urbanas (comerciantes, profesionais liberais, funcionarios) e de sectores acomodados da poboación rural (propietarios, grandes arrendatarios, campesiños abastados). Mentres, os nobres tiveron polo xeral un papel menor na adquisición de bens desamortizados e a participación campesiña foi, agás nalgúns puntos, pouco significativa [DOC. 9].

A desamortización non significou, polo tanto, un reparto da propiedade territorial que beneficiase á maioría campesiña. Pola contra, o proceso desamortizador contribuíu a consolidar un **reparto moi desigual do solo**. Ademais, amplos sectores da poboación rural víronse privados dos seus tradicionais dereitos sobre os bens comunais agora privatizados

DOC. 5: Flórez Estrada critica o plan de venda dos bens nacionais de Mendizábal (El Español, 1836)

Co plan de venda, tódalas clases da sociedade fican altamente prexudicadas [...]. En troques, co sistema enfiteútico, tódalas familias da clase proletaria serían donas do dominio útil da terra que cultivasen e, conseguintemente, interesadas en soste as reformas e o trono de Isabel II, pois nelas verían cifrado o seu benestar. Pola contra, o sistema de vender as fincas, fará a sorte desta numerosa clase máis desgraciada, faralles máis odiosa a reforma e a orde existente das cousas[...] Malograria o noso goberno a oportunidade rara e sen igual apreciable que se lle presenta, sen ter que vulnerar ningún dereito nin que excitar ningunha queixa fundada, de rexenerar España, formando así a súa lei agraria, isto é distribuíndo do xeito máis equitativo e vantaxoso a propiedade, que é o don da natureza e non produto da industria do home, pola xusta distribución da cal penden a consolidación das institucións fundamentais dos pobos e o benestar dos asociados? [...]


DOC. 6: Valoración do proceso desamortizador do xurista e historiador F. Tomás y Valiente (1977).

En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras "mans mortas" non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado (...). Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...). Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios[...].

DOC. 7: Valoración do proceso desamortizador do historiador J. Fontana (1973).

Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvaro da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse

DOC. 8: Valor dos bens desamortizados durante o século XIX. (en millóns de reais)



Fonte: FONTANA, J. (1973)

e os concellos viron caer os seus ingresos ao perder os procedentes do arrendamento dos bens de propios. Non estraña que xa daquela algúns sectores políticos, dos que o progresista Flórez Estrada foi un destacado voceiro, criticasen o xeito en que se levou a cabo a desamortización. Para eles foi unha ocasión perdida para distribuír a propiedade dun xeito “máis equitativo e vantaxoso”

[DOCs. 5 e 6].

- Dende o punto de vista produtivo, o impacto da desamortización non debe ser desprezado. A posibilidade dun aproveitamento máis intensivo de terras antes en *mans mortas*, sumada a outras medidas liberais e á crecente integración do mercado interior impulsaron a ampliación da superficie cultivada a costa do monte, dos pastos naturais e, conseguintemente, da gandería e do esterco. A produción agrícola medrou aínda que semella que ata o último terzo do século XIX se mantiveron estables os rendementos por hectárea e a produtividade do traballo. Houbo innovacións técnicas, poida que non tan notorios coma noutros países de Europa occidental e central, pero o sector primario español deu alimentado a unha poboación que pasou de 10'7 a 18'6 millóns de habitantes e aumentou paralelamente as súas exportacións.

A lexislación liberal estableceu un novo marco legal que abría a porta a diversas opcións. Os seus efectos foron distintos segundo o medio social, económico e institucional sobre o que operaron. Así, en **Galicia**, a desamortización apenas modificou as bases do complexo agrario tradicional. O sistema foral mantívose porque o patrimonio eclesiástico consistía fundamentalmente no dominio directo (o dereito a percibir as rendas forais) sobre as terras [DOC. 9]. A desamortización significou fundamentalmente un cambio nos titulares deste dominio: a Igrexa foi substituída polos compradores de *bens nacionais*, maioritariamente burgueses (comerciantes, profesionais liberais, funcionarios) [DOC. 9]. Mentres, o campesiñado mantivo en xeral o dominio útil (usufruto) sobre as

DOC. 9: O proceso desamortizador na provincia de Lugo.

O patrimonio desamortizado

	Valor (miles de reais)	%
Rendas forais	50.872	91'8
Fincas rústicas	2.799	5'1
Fincas urbanas	1.723	3'1
TOTAL	55.394	100

Condición social dos compradores

	Compras		Valor compras	
	nº	%	Miles rs.	%
Nobres	152	2'7	1.813	3'4
Fidalgos	887	15'9	8.934	16'9
Comerciantes	1.711	30'8	16.277	30'7
Prof. liberais	727	13'1	5.406	10'2
Funcionarios	536	9'6	8.392	15'8
Eclesíasticos	91	1'6	684	1'3
Campesiños	673	12'1	5.077	9'6
Outros	788	14'2	6.389	12'1

Fonte: VILLARES, R. (1994)

DOC. 10: Lei de abolición de señoríos de 1837.

Art. 1º. O disposto no Decreto das Cortes Xerais de 6 de agosto de 1811 e na lei aclaratorio do mesmo de 3 de maio de 1823, sobre a presentación dos títulos de adquisición para que os señoríos territoriais e solariegos se consideren na clase de propiedade particular, só se entende e se aplicara con respecto aos pobos e territorios nos que os posuidores actuais ou os seus causantes tivesen o señorío xurisdiccional.

Art. 2º. [...], considéranse como de propiedade particular os censos, pensións, rendas, terreos, facendas e herdades sitas en pobos que non foron de señorío xurisdiccional, e os seus posuidores non están obrigados a presentar os títulos de adquisición, nin serán inquietados nin perturbados na súa posesión[...]

Art. 3º. Tampouco están obrigados os posuidores a presentar os títulos de adquisición para non ser perturbados na posesión dos predios rústicos e urbanos, dos censos consignativos e reservativos que, estando sitos en pobos e territorios que foron de señorío xurisdiccional, lles pertenceron ata o de agora como propiedade particular [...]

Art. 4º. Por último, non estarán obrigados a presentar os títulos de adquisición aqueles señores que sufrisen xa o xuízo de incorporacion ou o de reversión e obtivesen sentenza favorable executoriada; pero se fosen requiridos, exhibiran a executoria, a cal será cumprida e gardada en todo o sentenciado e definido por ela[...]

Art. 10º. Cando os predios que fosen de señorío se deran a foron, censo ou enfiteuse, aínda que o señorío sexa reversible e incorporable á Nación, continuará o dominio útil nos que o adquirisen, considerándose como propiedade particular[...]

terras que cultivaba. As disposicións sobre redencións de censos de 1855 posibilitaron que algúns puidesen acceder á propiedade plena. Por outra banda, a maioría dos bens comunais, os *montes* que ocupaban dous terzos da superficie galega e eran considerados como o alicerce do sistema agrario tradicional, foron exceptuados de venda e mantivéronse baixo titularidade colectiva.

A abolición dos señoríos e a desvinculación dos morgados.

A finais do Antigo Réxime arredor da metade da poboación española vivía baixo o réxime señorial. A lexislación liberal ao respecto (1811, 1823, 1837) pretendía contribuír instauración do novo dereito de propiedade, pero estivo tamén condicionada por razóns políticas (a autoridade señorial era incompatible co principio da soberanía nacional) e sociais (a resistencia dos pobos ao pago das cargas señoriais) **[DOC. 10]**.

Optouse por diferenciar entre **señoríos xurisdiccionais**, aqueles onde o señor exercía a autoridade política sobre os seus vasallos, e **señoríos territoriais**, formados por terras que a nobreza adquirira en pleno dominio. Os primeiros debían ser suprimidos, mentres os segundos pasaban a ser propiedade privada do antigo señor. Sen embargo, esta distinción non era na práctica sinxela nin doada de acreditar documentalmente. Por iso, recaeu nos tribunais de xustiza ditaminar a quen correspondía a propiedade das terras en disputa entre os señores e as comunidades campesiñas. Frecuentemente, como aconteceu en boa parte do sur peninsular, fallaron a favor dos señores. Estes perderon as súas xurisdicións e as cativas prestacións a elas ligadas pero, en troques, viron ampliados os seus dereitos de propiedade sobre as terras. Noutras rexións, singularmente Cataluña e Valencia, onde os dominios sobre a terra estaban claramente definidos dende a Idade Media, os señores sufriron unha significativa redución dos seus patrimonios e rendas.

No Antigo Réxime, a **vinculación** do patrimonio das familias nobres por medio do **morgado** garantía a preservación deste ao impedir a súa división ou alleamento. Ficaba deste xeito fóra do mercado unha parte considerable da riqueza territorial, tan importante probablemente como a que estaba amortizada. As **leis desvinculadoras** (1820, 1836, 1841), aínda sinalaron un procedemento gradual para a liquidación dos morgados, posibilitaron que os antigos titulares de morgados puidesen agora vender ou dividir as súas terras. Sen a privilexiada protección de que gozaban os patrimonios aristocráticos, moitas antigas familias nobres en dificultades deberon vender propiedades para afrontar as débedas contraídas. Non foi rara nestas condicións a transferencia de terras en favor da burguesía.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- CARRERAS, A.; TAFUNELL, X.: *Historia económica de la España contemporánea (1789-2009)*, Barcelona, Crítica, 2011.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: *La época del liberalismo*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GARCÍA SANZ, A.; SANZ FERNÁNDEZ, J. (coord.): *Reformas y políticas agrarias en la Historia de España (De la Ilustración al primer franquismo)*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1994.

- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- PAN MONTOJO, J.: ["La revolución liberal y las transformaciones de la agricultura española"](#), *Areas*, nº 37, 2018, pp. 29-43.
- TORTELLA, G.: *El desarrollo de la España contemporánea. Historia económica de los siglos XIX y XX*. Madrid, Alianza, 1994.
- VILLARES, R.: *Desamortización e derecho de propiedad*, Vigo, A Nosa Terra, 1994.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

O proceso de industrialización.

Denomínase **industrialización** ao proceso polo cal determinadas sociedades foron pasando dunhas formas de vida tradicionais baseadas na agricultura, a gandería, a produción artesanal e o traballo manual a outras novas fundamentadas na industria e nos servizos, a produción fabril e a mecanización. Tales mudanzas impulsaron un acelerado proceso de urbanización e importantes transformacións nas condicións de vida da poboación e na estrutura social. A transcendencia e rapidez destes cambios explica a utilización da expresión *revolución industrial* para referirse a eles. Sen embargo, o proceso de industrialización non foi simultáneo nin presentou as mesmas características en todas partes. Gran Bretaña foi a pioneira no último terzo do século XVIII e converteuse no *obradoiro do mundo* a mediados do XIX. Seguírona axiña Bélxica, Francia e outras rexións de Europa noroccidental.

Trazos xerais da industrialización española.

Como noutros países mediterráneos, o impulso industrializador comezou na España do século XIX máis tarde e desenvolveuse a un ritmo menor e máis irregular. Non estraña que triunfase a imaxe do **fracaso da revolución industrial** [DOC. 1], cuestionada pola historiografía máis recente, que prefire falar de **atraso relativo** con respecto aos veciños máis prósperos sen negar o crecemento fabril nin a modernización económica. Na segunda metade do século XIX, a **participación da industria no PIB** español duplicouse: pasou do 13'6% en 1850 ao 27'2 en 1900. Mentres a **porcentaxe de poboación activa** empregada no sector apenas se incrementaba: 13% en 1850, 14'6 en 1900 [DOC. 2]. A distancia coas potencias industriais europeas seguía a ser insalvable [DOC. 3].

Ao fixarse na **cronoloxía da industrialización española** hai que destacar que o primeiro terzo do século XIX foi un tempo perdido. Os cativos gromos manufactureiros aparecidos no século XVIII sufriron as negativas consecuencias da recesión finisecular, das guerras (exteriores e interiores) e da perda dos mercados coloniais. Contra

Emblema da fábrica de Narciso Bonaplata en Sevilla



(1852)

[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

DOC. 1: O historiador G. Tortella valora a industrialización española no XIX (1994).

Os historiadores económicos están en xeral de acordo en que o século XIX contemplou "o fracaso da revolución industrial en España", frase que Jordi Nadal popularizou. Dous traballos máis recentes de Albert Carreras e Leandro Prados reafirman a idea en termos máis precisos. [...] En rigor, este concepto de fracaso significa algo máis ca atrasarse respecto dos seus veciños. Significa que se malograran unha serie de intentos privados e públicos de conducir a España respecto pola senda da modernización económica, senda que no s. XIX implicaba un proceso de industrialización. Malia estes intentos, a economía española permaneceu maioritariamente agraria [...] Dentro de Europa, España reuniuse con Rusia e Italia no grupo económico de cola.

DOC. 2: Algúns datos básicos da industria española.

	Produción industrial (1850=100)	% PIB	% emprego
1850	100	13'6	13'1
1860	150'1	15'5	13'5
1870	170'3	18'4	13'1
1880	297'3	22'3	13'3
1890	355'9	25'5	14'5
1900	437'8	27'2	14'6

Fonte: CARRERAS, A.; TAFUNELL, X. (2005): p. 360.

Doc. 3: Relación entre o produto industrial per cápita español e o doutros países europeos

	España (E) (1850=100)	% E/GB	% E/Francia	% E/Alemaña
1850	100	21'3	22'9	56'8
1870	122'2	16'5	32'9	40'1
1890	222'2	23'3	42'3	41'6
1913	324'4	29'9	42'6	34'6

Fonte: CARRERAS, A.; TAFUNELL, X. (2011), p. 181

1830 apenas existían fábricas (amplas instalacións con abundante man de obra, produción mecanizada) dignas de tal nome. Nas décadas seguintes, un intenso crecemento da produción manufactureira mudara notablemente o panorama. Tras as dificultades dos anos 1860, volveu cobrar algún impulso nas décadas finais do século XIX [DOC. 4].


Entre os **factores** que limitaron o desenvolvemento do sector manufactureiro español cómpre destacar:

- ◆ Os **recursos naturais**. O subsolo español contaba con importantes **xacementos mineiros** (ferro, chumbo, cobre mercurio, cinc...), próximos moitos deles á costa, circunstancia que facilitaba o seu transporte. Sen embargo, a falla de capitais e tecnoloxía máis unha lexislación restritiva adiou a súa explotación masiva ata o último cuarto do século XIX. A lexislación liberal do Sexenio (*Lei de Bases da Minería*, 1868) e a crecente demanda da industria europea contribuíron á notable expansión das actividades extractivas. Sen embargo, a meirande parte da produción dirixiuse cara a exportación, as empresas mineiras estaban controladas polo capital estranxeiro (británico, francés, belga) e apenas repercutiría na industria española.

Insuficiente foi a dotación en **fontes de enerxía**. A substitución da enerxía humana e animal pola hidráulica e o carbón foi un dos trazos das primeiras fases da industrialización. Na meirande parte do territorio español, os ríos ofrecen un caudal escaso e un réxime irregular que dificulta o seu aproveitamento enerxético. As reservas de carbón eran relativamente escasas, de baixa calidade e de cara e difícil extracción [DOC. 5]. Estas circunstancias, sumadas a unha política arancelaria protectora da hulla autóctona, obrigaron á industria e ao transporte ferroviario e marítimo españois a soportar un importante sobrecusto enerxético, que dificultou a súa competitividade.


- ◆ A **contribución da agricultura**: o sector primario caracterizouse ao longo do século

DOC. 4: Taxas medias anuais de crecemento da produción industrial española (1842-1913).



Fonte: COMÍN, F.; HERNÁNDEZ, M.; LLOPIS, E (2002), pp. 233 e 270

DOC. 5: Prezos das hullas asturiana e inglesa nalgúns portos españois en 1882 (Ptas/Tm).



Fonte: NADAL, J. (1975), pp. 142-143.

DOC. 6: Os historiadores E. Clar, M. Martín-Retortillo e V. Pinilla chaman a atención sobre os condicionantes ecolóxicos da actividade agropecuaria en España (2015)

Para entender a evolución da agricultura española e as súas posibilidades de contribuír ao crecemento económico é importante ter en conta a excepcionalidade ecolóxica de España en Europa [...]. Dous trazos son de primordial importancia: o predomínio dun clima de carácter mediterráneo e o abrupto relevo existente [...]. Isto determina que España teña un potencial agrícola moi baixo [...]. As ratios de superficie agrícola aproveitable sobre superficie total do país, habitualmente superiores ao 90% nos países de Europa Occidental (Alemaña, Francia, Reino Unido, Países Baixos Dinamarca...) contrastan co escaso 53'3% en España [...]. O clima mediterráneo predominante supón, por unha banda, baixos e irregulares rendementos en secano e, pola outra, unha elevada produtividade no regadío [...]. Este diferencial de produtividade implicou un esforzo permanente para tratar de converter secaños en regadío a través de custosas obras de infraestrutura. Estas obras revestiron especial importancia no século XX [...]. Ademais, a elevada altitude do territorio e as súas fortes pendentes fan que boa parte das súas terras teña nulas ou moi escasas posibilidades agrícolas e só limitadas posibilidades gandeiras [...]. Esta accidentada orografía supuxo historicamente elevados custos de transporte e comunicacións lentas ou difíciles entre moitas zonas, así como unha tendencia á localización da poboación no litoral e nas zonas chas e con menores pendentes [...].

XIX por unha baixa produtividade, limitada en boa parte do territorio polas difíciles condicións medioambientais (clima mediterráneo, relevo accidentado) [DOC. 6], e un reparto extremadamente desigual da terra. Para a maioría campesiña implicou uns baixos niveis de vida, un escaso poder adquisitivo e unha mínima capacidade de aforro. Os grandes propietarios, ao contar con unha man de obra abundante e barata, tampouco tiveron incentivos para a adopción de innovacións, especialmente para a adquisición de maquinaria. Nestas condicións, a demanda de produtos manufacturados resentíuse. Ademais, un modelo agrario como este tampouco deu xerado os excedentes necesarios para alimentar un numeroso proletariado industrial nin posibilitou unha significativa transferencia de capitais cara a nacente industria.

- ◆ O **papel do Estado**. O Estado liberal careceu dunha política industrialista clara. Certo que algunhas medidas puideron ter efectos positivos: a supresión dos gremios (1813, 1834) [DOC. 7] liberou o exercicio das actividades manufactureiras; o novo sistema fiscal introducido en 1845 foi, en termos relativos, pouco gravoso para a industria.

Pola contra, o sector empresarial estatal minguou significativamente. A maioría das fábricas e manufacturas reais pecharon. Só se mantiveron as ligadas ás necesidades militares (arsenais, fábricas de armamento) e a algúns monopolios (tábaco).

Por outra banda, a debilidade financeira do Estado, escaso de recursos e afectado por un déficit crónico [DOC. 8], limitou as posibilidades dunha política industrial activa. As constantes emisións de débeda pública drenaron boa parte do aforro e causaron que os tipos de xuro españois fosen máis elevados cós dos países europeos máis prósperos. Os investimentos produtivos foron penalizados e a competitividade empresarial resentíuse.


- ◆ O **traballo**. Tódolos especialistas coinciden na importancia da formación da man de obra para impulsar o desenvolvemento económico.

DOC. 7: Decreto das Cortes sobre o libre establecemento de fábricas e exercicio de calquera industria útil (8-VI-1813)

As Cortes Xerais e Extraordinarias, co xusto obxecto de remover os atrancos que ata o de agora entorpeceron o progreso da industria, decretan:

- 1.-Tódolos españois e estranxeiros aveciñados ou que se aveciñen nos pobos da Monarquía poderán libremente establecer as fábricas ou artefactos de calquera clase que se lles acomode, sen necesidade de permiso nin licenza algunha, con tal de que se suxeiten ás regras de policía adoptadas ou que se adopten para a salubridade dos pobos.
- 2.-Tamén poderán exercer libremente calquera industria ou oficio útil, sen necesidade de exame, título ou incorporación aos gremios respectivos, cuxas ordenanzas derrogáanse nesta parte [...]

DOC. 8: Evolución dos gastos e ingresos do Estado (1850-1906)



Fonte: elaboración propia a partir de G. TORTELLA (1994), p. 155

DOC. 9: Evolución das taxas brutas de escolarización.

	Ed. primaria ⁽¹⁾			Educ. sec. ⁽²⁾	Educ. tecn. ⁽²⁾
	Homes	Mulleres	Total		
1832	35'0	12'0	24'1		
1840	33'9	10'5	22'4		
1850	35'3	11'4	23'8		
1860	38'1	48'4	27'3	2'2	0'06
1870	48'9	32'5	40'8	3'4	0'07
1880	53'7	41'8	47'8	3'7	0'08
1890	53'7	44'1	48'9	4'5	0'07
1900	51'7	42'2	47'0	3'8	0'05

⁽¹⁾ % sobre a poboación de 6 a 14 anos. ⁽²⁾ % sobre a poboación de 15-19 anos.

DOC. 10: Os estudos de enxeñaría (1860-1900).

	1860	1870	1880	1890	1900
Alumnos	499	535	573	948	1.461
Titulados	31	109	106	98	119

Fonte: CARRERAS, A.; TAFUNELL, X. (2005), pp. 208-220

Aínda que a *lei Moyano* (1857) fixou o carácter obrigatorio e gratuíto da educación primaria elemental (6-9 anos), impondo aos concellos o seu mantemento, a escasa dotación financeira converteuna en papel mollado [DOC. 9]. En 1900, o nivel de analfabetismo aínda era do 65%. Certo que había enormes disparidades rexionais e, significativamente, as rexións máis industrializadas (Asturias, País Vasco, Cataluña) ofrecían porcentaxes bastante inferiores. As carencias foron tamén enormes nas ensinanzas técnico-profesionais e nas enxeñerías. Ata 1899 só funcionou en España unha escola de enxeñería industrial, a de Barcelona [DOC. 10]. Unha situación que constituíu un serio atranco para a innovación técnica e obrigou a depender, en non poucos casos, de man de obra cualificada e das patentes foráneas.

- ◆ As **empresas**. En termos xerais, a estrutura industrial española caracterizouse polo predominio de establecementos de pequeno tamaño, baixa produtividade e non competitivos nos mercados internacionais. Se a isto engadimos a débil demanda interna, non estraña que os industriais esixisen dos poderes públicos a defensa dos mercados interno e colonial a través da política arancelaria [DOC. 11]. O arancel de 1820, que prohibía a importación de cereais e tecidos de algodón, deu paso en 1849 a outro fortemente proteccionista. Industriais e cerealistas opuxéronse á aprobación da lexislación moderadamente librecambista impulsada polo ministro Figuerola en 1869 e aplaudiron a viraxe proteccionista de 1891. As fortes restricións á competencia estranxeira permitiron comportamentos pouco innovadores das empresas. A industrialización española non tivo un alcance xeralizado. As transformacións concentráronse nunhas poucas **áreas xeográficas**: Cataluña (a *fábrica de España*) [DOC. 12], o País Vasco, Asturias . Así mesmo, os procesos que caracterizaron primeiras fases da industrialización (difusión do sistema fabril, aplicación da máquina de vapor, mecanización da produción) desenvolvéronse, como noutros países europeos, en dous **sectores punteiros**, a industria téxtil e a siderurxia. Isto non quere dicir que a industria moderna se limitase a estes dous subsectores, nin sequera que

DOC. 11: A patronal catalana Fomento del Trabajo Nacional defende o proteccionismo (1870).


A carestía dos capitais e vías de comunicación, a falta de tranquilidade e seguridade persoal, e o atraso relativo da nosa produción, non permiten a esta a loita no seu propio mercado coas mercadorías de procedencia estranxeira [...]

O Fomento cre e creo firmemente que as tarifas aduaneiras poden exercer decisiva influencia para que a paralización se convirta en actividade e renazan e nazan insutrias que teñen naturais condicións de vida na Península [...] Reduzamos, sen impedilo en absoluto, a competencia exterior; e non haxa medo de prexudicar os intereses do consumidor; pois como todos somos produtores, os beneficios do resultado do noso traballo alcanzaranmos a todos.

DOC. 12: A importancia da industria catalá (1860)

En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industrial da Península; Barcelona é chamada por propios e estranxeiros o Manchester da nosa querida patria [...] Non hai probablemente industria ningunha que non teña en Cataluña a súa representación [...] Sabadell e Terrassa adiantaron tan considerablemente na fabricación de las, que xa os seus artefactos chamaron a atención en exposicións nacionais e estranxeiras. Non menos progresou a cidade de Reus na industria de tecer a seda [...] Girona elabora en grandes cantidades papel continuo para imprimir e escribir (...). As poboacións de Gracia, Sants, Sant Martí, Sant Andreu, Horta e Badalona, que parecen simplemente barrios anexos á capital do principado, son outras tantas poboacións fabrís, nas que a industria se atopa tan adiantada coma na mesma metrópole.

DOC. 13: Estrutura sectorial da industria española.



Fonte: CARRERAS, A.; TAFUNELL, X. (2005), p. 369

estes aportasen a meirande parte da produción. Pola contra, a **industria alimentaria** seguiu a ser a maioritaria [DOC.13].

A industria téxtil.

A industria téxtil, especialmente a produción algodoeira, foi o sector pioneiro da industrialización española. Concentrouse de forma moi maioritaria en Cataluña [DOC.12]. Herdeira dunha longa tradición artesanal que se remontaba á Idade Media, o téxtil catalán experimentara xa unha forte expansión, moi ligada á demanda indiana, durante o século XVIII.


Malia a perda do imperio colonial, que a privaría dun importante mercado, e dos graves problemas económicos e políticos das primeiras décadas do século XIX, a industria catalá rexurdiu con forza a partir dos anos 1820, comezando daquela unha etapa de intenso crecemento que se prolongaría ata 1860. Na seguinte década, a expansión deteríase. As novas posibilidades de inversión abertas polas reformas do Bienio Progresista (banca, ferrocarriles, terras), que restaron capitais, e o encarecemento da materia prima por causa da Guerra de Secesión americana (1861-1865) dificultaron a súa marcha. A partir de 1868, o sector recuperou folgos pero a un ritmo menor [DOC. 14].

O algodón impúxose claramente como materia prima. O sistema fabril estendeuse, aínda que seguiu coexistindo coa produción doméstica e os pequenos obradoiros artesanais. A produción modernizouse tecnoloxicamente. Introducíronse novas fiadoras (*bergadanas*, *selfactinas*) e teares mecánicos. Aplicouse a máquina de vapor, aínda que non se prescindiu da enerxía hidráulica polo elevado prezo do carbón [DOC. 15 e 16].

As manufacturas téxtiles catalás monopolizaron o mercado español. Grazas aos seus mellores prezos e a unha ampla e eficaz rede de distribución, acabaron desprazado ás producións tradicionais doutras áreas, caso da lencería galega. Grazas á protección arancelaria puido substituír con éxito aos tecidos ingleses no mercado español. Na primeira metade do século XIX, a industria algodoeira catalá pasou de cubrir o 20% da demanda española a representar o 75%.

Sen embargo, o sector téxtil catalán seguiu a resultando escasamente competitivo no mercado internacional fronte a outros produtores, singularmente aos británicos. A súa supervivencia só

DOC. 14: Importacións de algodón en rama polo porto de Barcelona (1814-1913)



Fonte: NADAL, J. (1975), p. 207-208

DOC. 15: Descripción da fábrica Bonaplata (1833).

A fábrica de Bonaplata e Cía. Comezou a montarse en 1832; é a primeira que armou teares de tecer mecanicamente, que introduciu así mesmo o fuso de ferro coado, ideando a construción de máquinas. Esta sociedade tivo tamén a primeira máquina de pintar indianas; agora non só poden construírse non seus obradoiros tódalas máquinas necesarias para eles, senón que, recibindo o algodón de Motril en rama, sae deles pintado e disposto a ser cortado para vestidos, en competencia cos estranxeiros. Teñen empregadas de seis a setecentas persoas [...]; os teares mecánicos e demais que inclúe o establecemento, movido pola fermosa máquina de vapor, son dignos de atención de tódolos fabricantes e de cantos estimen o interese público e o ben da patria.

DOC. 16: Máquinas de fiar en activo na industria téxtil catalá.

	1835	1841	1850	1861
Fusos manuais	691.949	315.162	183.778	7.366
F. mecánicos	27.220	346.681	622.858	763.051
TOTAL	719.169	661.843	806.636	770.417


Fonte: NADAL, J. (1975)

puido ser garantida pola protección arancelaria oficial, que lle reservou de feito o mercado español e o das colonias antillanas. Nos anos 1890, Cuba e Puerto Rico adquirían 17% da súa produción. O Desastre de 1898 ía supor un duro golpe para a industria algodoeira, que se estancaría nas primeiras décadas do século XX.

A siderurxia

Ao longo do século XIX, tiveron lugar no territorio español diversos intentos de crear unha siderurxia moderna [DOC. 17]:

- ◆ Durante o segundo terzo do século, **Andalucía**, moi especialmente a provincia de Málaga, concentrou a produción siderúrxica. Foi sobre todo iniciativa do empresario Manuel A. Heredia, quen aproveitou a oportunidade servida pola paralización das ferrerías vascas, provocada pola guerra carlista, para impulsar a produción dos altos fornos andaluces. A presenza de ricos xacementos de mineral de ferro próximos facilitou a empresa pero, fracasados os ensaios para utilizar antracita importada, o uso do carbón vexetal como combustible encareceu os custos de produción e non puido competir co ferro asturiano. A partir de 1860, a siderurxia malagueña decaeu rapidamente.



- ◆ A **siderurxia asturiana** adquiriu unha posición preponderante entre 1864 e 1879. O emprego como combustible de carbón de coque, obtido a partir da hulla local, impulsou o crecemento da produción siderúrxica nos altos fornos de Mieres, La Felguera e La Vega.
- ◆ A **siderurxia biscaíña** impuxose claramente nas dúas últimas décadas do século XIX. As ferrerías vascas tiveran historicamente unha gran actividade. Durante o século XVIII experimentaran un forte crecemento, especializándose na fabricación de áncoras e outros aparellos navais, tanto para os arsenais da Armada como para a exportación. A comezos do século XIX, a redución das encargas públicas para a mariña, a perda do mercado colonial e os avances experimentados pola siderurxia inglesa sumiron a produción vasca nunha fonda crise. O impacto das guerras carlistas agravaría. O remate da última delas en 1876 é sinalado como o punto de partida do renacemento da produción siderúrxica vasca. Os ricos xacementos de mineral de ferro biscaíños comezaron a ser obxecto dunha intensa explotación para a súa exportación ao mercado inglés. Os mesmos buques que levaban o ferro vasco traían dende as illas o carbón galés, de mellor calidade có asturiano. Os capitais acumulados na explotación mineira e no transporte naval posibilitaron os investimentos na industria e a instalación dos primeiros *convertedores Bessemer*, que abarataron espectacularmente a produción de aceiro, nos anos 1880. Na última década do século XIX, a siderurxia vasca viviu un intenso proceso de concentración empresarial que culminou en 1902 coa creación de *Altos Hornos de Vizcaya* (AHV).

A política arancelaria, que en 1891 virou cara un forte proteccionismo, facilitou o crecemento da produción de ferro e aceiro polos altos fornos vascos e a súa posición hexemónica no mercado interior español. Ademais, o Estado privilexiou a adquisición dos transformados siderúrxicos vascos nas obras públicas. Arredor desta industria pesada medraron un puxante sector metal-mecánico o e a construción naval.

Os transportes: o ferrocarril.

A política industrial do Estado liberal foi alén da protección arancelaria ás actividades manufactureiras españolas. Prestou atención tamén á mellora da **rede de transportes**, esencial para facilitar a articulación do mercado nacional e favorecer o desenvolvemento económico xeral. Pero contra 1840 a situación era lamentable. Contribuían a ela unhas condicións físicas adversas: un relevo moi accidentado e o clima mediterráneo dominante na meirande parte do territorio facían imposible a navegación fluvial e encarecían extraordinariamente o transporte terrestre que, dadas as malas condicións da rede viaria, se facía maiormente sobre as costas de asnos, mulas e cabalos. Ata a *Lei Xeral de Estradas* de 1857 non se elaborou unha planificación xeral da rede viaria. Ademais, o mal estado das finanzas públicas dificultaba as solucións: ao rematar o século XIX as estradas de primeira e segunda orde sumaban uns escasos 16.000 km.


O **ferrocarril** converteuse na alternativa. Pero a construción da rede ferroviaria comezou en España cun **notable atraso** respecto a outros países europeos. A primeira liña férrea sobre territorio de soberanía española abriuse en 1837 entre A Habana e Bejucal. Na Península, a primeira foi a Barcelona-Mataró (1848), seguida da Madrid-Aranjuez (1851). En 1855 a súa lonxitude total dos tramos construídos non chegaba aos 500 km. Explicano a escaseza de capitais autóctonos, os problemas técnicos derivados dun relevo accidentado e unha lexislación pouco axeitada (1844) que, ademais de deixar a construción e

DOC. 18: A rede ferroviaria española no século XIX.



Por Benedicto16 [Dominio público], dende Wikimedia Commons

DOC.19: Evolución en km. Da rede ferroviaria española (1850-1915)



Fonte: TORTELLA, G. (1994), p. 108

DOC. 20: Datos de entrada en servicio das liñas de FC en Galicia (1873-1972)

Ano	Liña/s	Ano	Liña/s
1873	Santiago-Carril	1875	A Coruña-Lugo
1878	Vigo-Guillarei	1880	Lugo-Sarria
1881	Vigo-Ourense	1882	Sarria-Oural
1883	Oural-Toral de los Vados	1884	Guillarei-Tui Pontevedra-Redondela
1885	Ourense-Monforte	1899	Carril-Pontevedra
1903	Ribadeo-Vilaodríz	1913	Betanzos-Ferrol
1943	A Coruña-Santiago	1957	Puebla de Sanabria-Ourense
1958	Santiago-Ourense	1972	Ferrol-Xixón (v.estr.)

explotación das liñas e mans privadas, fixara un ancho de vía superior ao que máis tarde se xeralizaría en Europa.

Durante o Bienio Progresista aprobouse a **Lei Xeral de Ferrocarriles** (1855). A norma definía un plan xeral para a rede cunha estrutura radial básica [DOC. 18], ofrecía seguridades ás compañías concesionarias, comprometíalles xenerosas subvencións estatais e eximíaaas do pago de aranceis sobre a importación do material necesario para a construción e posta en explotación das liñas. Ademais, a *Lei de Sociedades de Crédito* (1856) posibilitaba que as compañías empresas ferroviarias puidesen contar co apoio financeiro das novas entidades bancarias. Todo isto animou un fluxo masivo de capital e tecnoloxía estranxeiras. As principais compañías ferroviarias (Norte, MZA, CFA) foron creadas por sociedades de crédito integradas nos grandes grupos financeiros franceses (Péire, Rothschild, Prost e Guilhou).

Os efectos prácticos da lei foron espectaculares: de 475 km. en explotación en 1855 pasouse a máis de 5.000 en 1867 [DOC. 19]. Pero o negocio das empresas ferroviarias baseábase máis na construción que na explotación das liñas. En 1866, coincidindo cunha grave crise financeira e industrial europea, o negocio ferroviario quebrou ao cortarse o fluxo de capitais estranxeiros. No último cuarto do século XIX, recuperouse o pulo construtivo e o negocio ferroviario, centrado sobre todo na apertura de liñas secundarias que completasen ás existentes [DOCs. 19 e 20].

As **consecuencias** da construción ferroviaria sobre o conxunto da economía española foron notables: xerou unha importante demanda de traballo, acortou os tempos de transporte, provocou un forte abaratamento dos portes que reduciu os prezos de todo tipo de bens, asegurou unha subministración máis regular. En definitiva, contribuíu á articulación do mercado interior. Sen embargo, a súa contribución ao desenvolvemento industrial durante o século XIX foi mínimo: as franquías arancelarias concedidas aos inversores internacionais impediron que as infraestruturas e medios ferroviarios puidesen estimular a produción siderúrxica xa que maioritariamente foron importados. Pero a industria española tampouco estaba en condicións de subministrar o material necesario e poida que contando só co seu concurso a construción da rede ferroviaria se tería retrasado considerablemente.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CANAL, J.[dir.]: *Historia contemporánea de España*, vol. 1: **1808-1898**, Madrid, Taurus-Fund. Mapfre, 2017.
- CARRERAS, A.; TAFUNELL, X.: *Historia económica de la España contemporánea (1789-2009)*, Barcelona, Crítica, 2010.
- CARRERAS, A.; TAFUNELL, X.: *Estadísticas históricas de España. Siglos XIX-XX*, Madrid, Fundación BBVA, 2011 (2ª ed.).
- COMÍN, F.; HERNANDEZ, M.; LLOPIS, E. (eds.): *Historia económica de España. Siglos X-XX*, Barcelona, Crítica, 2002.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FONTANA, J.: *La época del liberalismo*, FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 6, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2007.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- GUTIÉRREZ-POCH, M.: *"Oh, industria madre fecundísima. La doble revolución: Revolución Liberal, cambio político y Revolución Industrial en España (1808-1874)"*, *Areas*, nº 37, 2018, pp. 45-59.
- NADAL, J.: *El fracaso de la revolución industrial en España*, Barcelona, Ed. Ariel, 1975.

- TORTELLA, G.: *El desarrollo económico de la España contemporánea. Historia económica de los siglos XIX-XX*, Madrid, Alianza Ed., 1994.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

O movemento obreiro.

O termo **movemento obreiro** abrangue o conxunto de accións colectivas protagonizadas polos traballadores asalariados (*clase obreira, proletariado*) para acadar unhas mellores condicións de vida e traballo e para conquistar e ampliar os seus dereitos civís, políticos e sociais. Ao longo da época contemporánea, os trazos da actividade económica, o marco político, a estrutura social e mesma configuración interna das clases traballadoras foron mudando e, polo tanto, tamén o fixeron as súas formas de acción colectiva.

As orixes

O triunfo da revolución liberal e o desenvolvemento do capitalismo implicaron desaparición dos privilexios estamentais e contribuíron ao nacemento dunha **sociedade de clases**. Nela, as desigualdades entre os individuos e grupos sociais (*clases*) son definidas fundamentalmente en función de criterios económicos: a posición respecto aos medios de produción (propiedade, traballo asalariado), a riqueza, a renda.

A sociedade española do século XIX caracterizouse por unha **desigualdade e polarización extremas**. Unha **minoría dominante** (aristocracia, burguesía) desfrutaba da meirande parte da riqueza e da renda e controlaba os principais resortes do poder político. Mentres, a inmensa **maioría da poboación** (campesiños, traballadores clases populares urbanas) vivía no límite da subsistencia nunha situación de pobreza, precariedade e dependencia respecto ás clases dominantes. Entre elas, o espazo das **clases medias** (pequenos industriais e comerciantes, profesionais liberais, funcionarios, militares) era ben exíguo.

Dado o **carácter serodio e limitado do proceso de industrialización**, España seguiu a ser durante todo o século XIX un país fundamentalmente agrícola [DOC. 1]. As **clases traballadoras** constituían un colectivo moi heteroxéneo: artesáns e traballadores cualificados dalgúns oficios, con frecuencia ligados á produción doméstica ou a pequenos



A teceadora (1882), pintura de J. Planella.
[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#).

DOC. 1: Estrutura da poboación activa española (1797-1930).

	Sector primario	Sector secundario	Sector terciario
1797	65'2	12'8	21'9
1860	63'5	17'3	19'2
1877	64'1	15'3	20'6
1900	66'3	16'0	17'7
1910	66'0	15'8	18'2
1920	57'2	22'0	10'8
1930	45'5	26'5	28'0

obradoiros; o nacente proletariado fabril, concentrado nas poucas rexións industriais (Cataluña, País Vasco, Asturias) e nalgúns enclaves urbanos (Madrid, Valencia, Zaragoza, Sevilla, Málaga, Ferrol, Vigo) e mineiros (Riotinto, Peñarroya, La Unión); empregados mal pagados do sector servizos (dependentes de comercio, funcionarios dos niveis inferiores, criadas...).

Malia a diversidade, tódolos asalariados compartían unhas **duras condicións de traballo**: longas xornadas laborais [DOC. 2], salarios insuficientes, disciplina patronal estrita e arbitraria, contratos moi precarios, nulas condicións de salubridade, elevada sinistralidade, falla de regulamentación laboral e de protección social, etc. A isto engadíase o emprego habitual de **man de obra infantil e feminina** xa que os salarios máis baixos percibidos por nenos e mulleres e a súas aptitudes para certos labores animaron a súa contratación polos patróns na procura de menores custos e maiores beneficios [DOC. 3].

Sufrían tamén unhas **penosas condicións de vida**: alimentación deficiente, vivendas ateigadas e insalubres, barrios superpoboados carentes dos máis elementais servizos (pavimento, alumado, auga corrente, sumidoiros). Consecuentemente, a incidencia de enfermidades infecciosas seguiu a ser moi elevada entre as clases populares [DOC. 4]. Ata finais do século XIX, a mortalidade mantívose en taxas moi altas, especialmente entre a poboación infantil e xuvenil, e a esperanza de vida apenas superou os 30 anos.

A complexa historia política do século XIX español traducíuse nunhas cambiantes posibilidades de organización e protesta obreiras. Cómpre sinalar, non obstante, algunhas constantes:

- ◆ **A coexistencia entre as formas tradicionais de resistencia colectiva** (motíns contra o encarecemento das subsistencias, os impostos ou o recrutamento militar) **e as novas formas de mobilización e organización obreiras** (folgas, mitíns, manifestacións, asociacións).
- ◆ **O papel protagonista de artesáns e traballadores cualificados de certos oficios** (tecedores, tipógrafos, canteiros, etc.) foi

DOC. 2: Respostas sobre a duración da xornada laboral en diversas localidades e sectores á Comisión parlamentaria de Reformas Sociais (1883).

Ferrol: "traballa o obreiro en verán dende as 5 da mañá ata as 8 da noite, sen máis descanso có dunha hora para almorzar e dúas para xantar e, en inverno, dende que amence ata que anoitece, co único descanso dunha hora para xantar. Ademais, nalgúns industrias, logo de media hora de descanso ao anoitecer, volve traballar no que chaman velada, que dura ata as 8 da noite".

Linares (Jaén): "o obreiro agrícola e os albaneis traballan de sol a sol, descansando de 12 a 1 para comer e un cuarto de hora máis de 8 a 9 da mañá para tomar un lixeiro almorzo... Nas fábricas de fundición de ferro traballan 9 horas en inverno e 10 en verán ... O dependente de comercio traballa en Linares no mostrador 14 horas nos días laborables e 5 nos festivos"

Oviedo: "trabállase ordinariamente durante 12 horas, descansando media para almorzar e 1 no inverno e 2 en verán para xantar. Os ebanistas, tallistas, xastres e zapateiros empregan máis tempo, porque velan ou traballan traballan 2 ou 3 horas pola noite durante a crúa estación. Nalgúns industrias adoitan traballar medio día o domingo."

Citado en **SARRASÚA, C. (2005), p. 4.**

DOC. 3: O traballo infantil nas minas de xofre de Lorca (1876).

As minas de xofre desta localidade ocupan constantemente no arrastre de minerais a un ben crecido número de nenos, seres inocentes que [...] son condenados dende os seis ou sete anos a un traballo moi duro [...] privados totalmente do alimento espiritual da educación. As consecuencias disto a ningún se lle escapan: eses nenos, co corpo todo día dobrado polo peso das enormes cargas de mineral, faltos de aire e de alimento, fanse febles e raquíticos [...] embrutecidos [...] criaturas de 6 a 8 anos [...] sometidas decote con 10 ou 12 horas diarias de rudo e penosísimo traballo [...]

La Ilustración de la Mujer, 3/X/1876, cit. en MARTÍNEZ CARRIÓN, J. et al. (2013), p. 28.

DOC. 4: O barrio de Esteiro (Ferrol), a finais do s. XIX.

Este barrio de Esteiro, en Ferrol, acolle no seu seo a clase máis desventurada da sociedade como é a prostitución desvergoñada e de rúa [...], as casas son vellas, húmidas, con escasa luz e nula ventilación [...] sen retretes na súa maioría, e con pozos negros, que de tales non teñen máis que o nome, ou sen eles, almacenando os seus moradores os desperdicios e as dexeccións en receptáculos que conducen, a todas horas, a hortos próximos que xeralmente cultivan, despedindo un cheiro capaz de producir vómito ao transeúnte que teñan a desgraza de pasar ao seu carón; barrio o máis populoso, como xa dixemos, e o máis pobre, como dicimos agora, e por esa causa o máis descoñecido en cultura social, educación, instrución e moralidade [...]. Barrio que ten tódalas rúas, agás unha sen empedrado, facéndose imposible o tránsito en épocas de choiva, por converterse en fochancas e charcas [...]. Un barrio así en que ser forzosamente antihixiénico e, polo tanto, insalubre; ten que ser, por esta triste condición, o que maior tributo paga á mortalidade, o do que as xentes medianamente acomodadas foxen como da peste.

NIETO RODRÍGUEZ, P.: Memoria acerca de las condiciones higiénicas y estado sanitario de Ferrol, Ferrol, Imp. del Departamento, 1895

maior aínda ca noutros países europeos dado o escaso desenvolvemento do proletariado fabril, o que tivo importantes implicacións. Por unha banda, a maior capacitación garantiúlles mellores salarios e posibilidades educativas e máis capacidade de negociación fronte aos patróns. Pola outra, contribúe a explicar que o movemento obreiro amosase durante boa parte do século XIX un notable receo cara as consecuencias da industrialización (implantación do sistema fabril, imposición duns novos ritmos e disciplina laborais, mecanización, descualificación do traballo...) e que as reivindicacións dos asalariados incidisen tanto na mellora das condicións de traballo (xornadas máis curtas, salarios máis altos) como na defensa da dignidade, independencia e seguridade do traballo.

O reinado de Isabel II.

A hexemonía política do **liberalismo moderado** durante a meirande parte do reinado de Isabel II restrinxiu notablemente as posibilidades de acción colectiva dos sectores populares. O sufraxio censatario excluínos de toda participación nas institucións.

A contestación contra o avance do sistema fabril e a mecanización do traballo industrial traducíuse en numerosos **episodios ludditas** (destrución de máquinas e instalacións). Entre eles adquiriría notable relevancia o incendio da fábrica Bonaplata, acontecido en Barcelona durante o conflitivo verán de 1835 [DOC. 5].

O **asociacionismo obreiro** estivo moi constrinxido polo marco legal. En 1839, unha Real Orde autorizou a formación de *sociedades de socorros mutuos* para a prestación de certos servizos cooperativos (asistencia médica, seguros de accidente e morte, compra de produtos de consumo). O **mutualismo** converteríase así na primeira manifestación do movemento obreiro organizado. Ás veces, estas mutualidades e cooperativas agrupábanse arredor de entidades educativo-culturais, os *ateneos obreiros*. Malia as prohibicións, algunhas *sociedades de oficio* (sindicatos) locais comezaron a actuar clandestinamente baixo a cobertura legal das mutualidades.


Nos períodos de goberno progresista (1840-1843, 1854-1856), as restricións ao dereito de asociación foron relaxadas parcialmente. Durante o **Bienio Progresista**, o asociacionismo obreiro adquiriu un notable impulso, sobre todo en Cataluña. En 1855, numerosas sociedades de oficio barcelonesas federáronse na *Unión de Clases* e organizaron a primeira folga xeral da historia española. O conflito suscitouse contra a instalación nas fábricas das novas máquinas de fiar, as *selfactinas*, que aforraban man de obra, e contra a orde do capitán xeneral que disolvía as asociacións obreiras. Reclamaron tamén o recoñecemento do dereito de asociación, a limitación

DOC. 5: Noticia dun episodio luddita na Fábrica de Tabacos da Coruña (1857)

O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade. Semella que no canto de cigarros, que antes se facían nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferente feitura con follas engomadas, suprimíndolles os virxinias ou comúns e os de capa habana ou mixtos, e no canto destes crearon un obradoiro de pitos cunha máquina para picar o tabaco. Como estas operacións son novas, non se prestan nin acomodan a elas [as cigarreiras], porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que apenas sacan a terceira parte do xornal ao que estaban afeitas.

Isto e o pouco satisfeitas que están co director da fábrica, exasperounas en termos que o devandito día 7, a iso das 11 da mañá, alporizáronse aquelas 4.000 mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruindo todo o tabaco [...], pisándoo e botándoo ao mar, romperon e fixeron anacos as máquinas novas para picar o tabaco, que disque custaron 14.000 duros, tirándoo ao mar, igual que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nos cuartos do director.

El País, xornal portevedrés, 13/XII-1857



da xornada laboral a 10 horas, a creación de xurados mixtos para resolver os conflitos laborais e o dereito a ingresar na Milicia Nacional, peticións recollidas na *Exposición presentada pola clase obreira as Cortes Constituíntes*, redactada por Pi i Margall e acompañada de máis de 30.000 sinaturas [DOC.

6]. A resposta governamental foi a represión militar e a deportación de máis de 70 líderes societarios. Polas mesmas datas nacía en Madrid o semanario *El Eco de la Clase Obrera*, considerado o primeiro xornal obreirista español.

O retorno dos moderados ao poder en 1856 puxo as cousas aínda máis difíciles ao nacente asociacionismo obreiro. Calquera ameaza á orde social e política conservadora foi reprimida sen contemplacións. Así aconteceu co **levantamento campesiño de Loja** (Granada) en 1861, principiado ao berro de “Viva a República e morra a raíña!”, liquidado polo exército e seguido do fusilamento de máis de 100 participantes.

Ata 1868 moitas das iniciativas obreiras foron inspiradas por **sectores demócrata-republicanos** (F. Garrido, S. Cámara, R. Simó, F. Pi i Margall), que pretenderon ligar a loita polas melloras nas condicións de vida e traballo dos asalariados á conquista de dereitos políticos (sufraxio, asociación, reunión) para as masas populares. Foron eles tamén os responsables da difusión, ben escasa, dos aportes do **socialismo** utópico e do primeiro anarquismo europeos (Cabet, Fourier, Proudhon).

O Sexenio Democrático (1868-1874).

Os **cambios políticos derivados da Revolución de 1868** (sufraxio universal masculino, recoñecemento das liberdades de asociación, reunión e expresión) crearon un marco moito máis favorable para o desenvolvemento do asociacionismo obreiro, que adquiriu especial difusión en Cataluña, Levante e Andalucía. En Cataluña, este proceso foi protagonizado polos traballadores cualificados da industria téxtil, agrupados en numerosos sindicatos de oficio de ámbito local. Estas foron agrupándose en federacións cada vez máis amplas, caso do *Centro Federal de Sociedades Obreiras de Barcelona* (1868) ou da *Unión Manufacturera* (1872). Pola contra, en Andalucía, as entidades obreiras nutríanse sobre todo dos xornaleiros sen terra das áreas latifundistas. No resto do país, os nacentes sindicatos eran fundados polos traballadores cualificados de oficios moi específicos, caso dos tipógrafos, que fundaron, a madrileña *Asociación Xeral da Arte de Imprimir* (1871), á que se afiliaría o mozo Pablo Iglesias.

O mito mobilizador da República federal, identificada por amplos sectores populares coas demandas de liberdade, o benestar e a xustiza social, foi perdendo forza segundo chegaban as derrotas e os desenganos. Mentres, medraba o influxo dos ideais emancipadores propagados pola I Internacional. A **Asociación Internacional de Traballadores** (AIT) fora creada en Londres en 1864 como resultado dos contactos entre sindicatos británicos e franceses e círculos de exiliados radicais de diversas procedencias e orixes ideolóxicas residentes na capital británica, entre eles o alemán K.

DOC. 6: *Exposición presentada pola clase obreira ás Cortes Constituíntes (1855).*

Señores Deputados das Cortes Constituíntes: Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara a súa ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestíbles e dos cuartos é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ao taller as nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro. [...]

Non pretendemos que ataqueades a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que matedes a concorrência, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedimosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS. Hoxe concédesenos só para favorecermos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñermos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarmos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses


El Eco de la Clase Obrera, 7/IX/1855.

Marx e o ruso M. Bakunin. Baixo o lema “*Proletarios de tódolos países, unídevos!*”, a consideración da clase traballadora como suxeito fundamental de calquera cambio radical e o obxectivo de crear unha sociedade igualitaria, sen explotadores nin explotados, a Internacional foi ampliando o seu radio de acción. O retorno dos republicanos desterrados tras a caída da monarquía isabelina ía contribuír ao coñecemento da AIT e das súas ideas en España.

Mentres se institucionalizaba o cambio político tras a Gloriosa, os **conflitos sociais** estalaron con inusitada dureza: motíns, saqueos, ocupacións de terras, folgas. Nestas condicións produciuse o **levantamento republicano federal** de setembro-outubro de 1869. O seu fracaso e a posterior represión habían ser decisivos á hora de orientar a boa parte do obreirismo cara o abstencionismo político e o anarquismo sen rachar completamente as ligazóns co republicanismo. O labor dalgúns **propagandistas bakuninistas** (G. Fanelli, E. Reclus), creadores dos primeiros núcleos internacionalistas españois (Barcelona, Madrid), contribuírían a esta mudanza.

Sociedades obreiras e internacionalistas promoveron a reunión dun **primeiro congreso obreiro** de ámbito estatal, celebrado en Barcelona en xuño de 1870. Nel constituíuse a **Federación Rexional Española** (FRE) da AIT. Na reunión impúxose, coa oposición dos republicanos, o rexeitamento á participación política e un modelo de organización baseado en sindicatos de oficio e federacións locais [DOC. 7]. O crecemento da FRE-AIT foi moi rápido: en 1873, contaba xa cunhas 200 federacións locais que sumaban arredor de 40.000 membros. Dous terzos deles concentrábanse en Cataluña. Do resto, unha ampla maioría concentrábase nas rexións valenciana e andaluza [DOC. 7]. Dispuña,

ademaís, de órganos de prensa internacionalistas como *La Federación* (Barcelona) ou *La Emancipación* (Madrid). O debate interno entre **marxistas** (socialistas), partidarios da participación na vida política e da creación de partidos obreiros, e **bakuninistas** (anarquistas), radicalmente



Gravado que representa as sesións do Congreso Obreiro celebrado no Teatro-Circo de Barcelona en xuño de 1870

[Dominio público], dende Commons

DOC. 7: Ditame do Congreso Obreiro de Barcelona sobre a participación política (VI/1870)

Considerando:

Que as aspiracións dos pobos cara o seu benestar, fundándose na conservación do Estado, non só non se puideron realizar, senón que este poder foi a causa da súa morte.

Que a autoridade e os privilexios son as columnas máis firmes nas que se apoia esta sociedade de escravos.

Que toda participación da clase obreira na política gobernamental da clases media non podería producir outros resultados que a consolidación do orde de cousas existente, o cal dise que paralizaría a acción revolucionaria socialista do proletariado.

O Congreso recomenda a tódalas seccións da Asociación Internacional de Traballadores que renuncien a toda acción corporativa que teña por obxecto efectuar a transformación social por medio de reformas políticas nacionais e invítalles a ampliar toda a súa actividade na constitución federativa dos corpos de oficio, único medio de asegurar o éxito da revolución social.

DOC. 7: Mapa de localización das sociedades obreiras durante o Sexenio Democrático.



Fuente: Ed. Vicens Vives

apolíticos e antiestatalistas, saldouse co triunfo destes últimos e coa expulsión definitiva dos marxistas da Nova Federación Madrileña en 1873. Mentres o Consello Xeral da AIT, dominado polos seguidores de Marx, apartaba a Bakunin, quen crearía a Internacional Antiautoritaria.

Dende a súa creación, FRE-AIT sufriu ataques constantes dos círculos patronais e dos grupos conservadores [DOC. 8]. Os sucesos da Comuna de París (1871) e o temor ao contaxio revolucionario desencadearon a resposta represiva do goberno Sagasta que decretou a ilegalización da Internacional en España. Non obstante, a FRE e as súas seccións puideron manter a súa actividade. En Alcoi e algunhas outras localidades do levante e sur peninsular, os grupos internacionalistas habían ter un sobranceiro papel na **insurrección cantonalista** do verán de 1873. Finalmente, en xaneiro de 1874, o executivo provisional do xeneral Serrano colocaba á FRE fóra da lei [DOC. 9]. A dirección bakuninista pasou á clandestinidade. Dende esta abundaron os chamamentos á insurrección violenta e ás represalias individuais contra a burguesía. Mentres, a actividade sindical esmorecía. En 1881, a FRE disolvíase oficialmente.

A Restauración (1874-1923).

O retorno dos Borbóns e a ondata represiva desencadeada polos gobernos canovistas dificultou calquera acción colectiva dos traballadores. Moitas entidades obreiras foron clausuradas ou suspendidas.

A partir da década de 1880, as **medidas aperturistas** emprendidas polos gobernos liberais da quenda dinástica ampliaron as oportunidades para a mobilización dos traballadores: a lei de Asociacións de 1887, a regulación ampla das liberdades de prensa e manifestación, a reintrodución do sufraxio universal masculino en 1890. Paralelamente as **formas de acción colectiva** mudaron adquirindo un nivel de organización maior. A formación de

DOC. 8: Artigo do xornal católico *La Defensa de la Sociedad* contra a Internacional (20/II/1872)

[...] ¿que vai suceder no mundo?! Achégase a súa fin!
E vencidos saíran, se os ánimos rectos, se os homes cuxos intereses morais e materiais están ameazados, se as clases cegamente combatidas non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo onde empurra á sociedade enteira esa treboada de erros e ese furacán desencadeado de paixóns que trae consigo con nova consistencia e forme esta especie de encarnación humana, poliglota e cosmopolita que se titula Asociación Internacional. Aos traballadores de tódolos países diríxense os espíritos, non en verdade de traballadores, que impulsan e fomentan o movemento xeralizado, que de tres ou catro anos a esta parte se tornou tan visible e ameazador incremento [...]
Toda idea de relixión e, polo tanto, de moral eficaz e verdadeira, toda idea de autoridade, ligazón precisa da cohesión social; toda idea de patria, elemento indispensable do organismo humano e da educación e desenvolvemento das aptitudes individuais, están proscritos nesta concitación das masas, depositarias da forza material: a familia, disolvida e pervertida; o traballo, desfigurado na súa orixe e nos seus fin; a propiedade, combatida e cobizada como obxecto definitivo e práctico de toda esa evolución perturbadora e desesperada á que, segundo vimos, se aspira

DOC. 9: Decreto do goberno Serrano disolvendo as entidades internacionalistas (1874)

O Goberno da República anuncia xa que o seu principal propósito é asegurar a orde e manter en pé os fundamentos da sociedade española, minada ata hoxe por predicacións disolventes e tolas teorías.
Resolto a non ceder no camiño emprendido por ningún xénero de consideracións nin ante dificultades de ningunha especie, crese no deber de extirpar de raíz todo xénero de trastornos, perseguindo ata nos seus máis disimulados e recónditos abrigos aos perturbadores da tranquilidade pública e a toda sociedade que, como a Internacional, atente contra a propiedade, contra a familia e as demais bases sociais. En consecuencia, o poder executivo da República tivo a ben decretar o seguinte:
Art. 1º. Fícan disolvidas dende a publicación deste decreto tódalas reunións e sociedades políticas nas que de palabra ou obra se conspire contra a seguridade pública, contra os altos e sagrados intereses da patria, contra a Integridade do territorio español e contra o poder constituído.
Art. 2º. Tódalas autoridades quedan encargadas, baixo a súa máis estreita responsabilidade e dentro das súas atribucións respectivas, do cumprimento rápido e fiel deste decreto.
Madrid, 10 de xaneiro de 1874. O presidente, Francisco Serrano, e o ministro da Gobernación, Eugenio García Ruiz



Manifestación do 1º de Maio en Madrid, 1906

Fonte: UGT

sindicatos, as manifestacións, as celebracións do Primeiro de Maio dende 1890 e as folgas serviron para reivindicar melloras nas condicións laborais dos traballadores (aumentos salariais, xornada de 8 horas) e contribuíron a forxar a súa **identidade de clase**.

Isto non quere dicir que os traballadores asalariados permanecesen á **formas tradicionais de protesta popular** como as reaccións anticlericais ou os motíns contra o servizo militar ou contra o encarceramento das subsistencias. Así o porían de relevo a súa participación destacada na Semana Tráxica de Barcelona en 1909 ou nas protestas contra a escaseza en 1916-1918.


A **aportación dos intelectuais** (estudantes, docentes, artistas) sería moi importante. As súas denuncias da explotación e a desigualdade social contribuíron a galvanizar a conciencia dos traballadores militantes.

A **modernización socioeconómica** experimentada pola España das primeiras décadas do século XX, tivo tamén importantes consecuencias sobre as clases traballadoras:

- ◆ A **mellora das condicións de vida** (salarios reais, niveis de consumo), sobre todo na industria e nos servizos [DOC. 10].
- ◆ O nacente **intervencionismo estatal** fíxose tamén visible nos modestos avances en lexislación laboral e protección social [DOC. 11]. O gasto social medrou en termos absolutos e relativos, aínda que seguiu a ser moi baixo.
- ◆ A **expansión do proletariado**: o crecemento e diversificación do sector industrial favoreceu a aparición de importantes concentracións de obreiros fabrís, mineiros, ferroviarios e traballadores da construción nas principais cidades (Madrid, Zaragoza, Valencia, Sevilla, Málaga) e nas rexións máis industrializadas (Cataluña, País Vasco, Asturias).

Nos anos finais do século XIX íase consolidar a **división**, nacida nos tempos da Primeira Internacional, **entre anarquistas e socialistas**. O **republicanismo** seguiu mantendo o significativo respaldo nos medios obreiros. Na última década do século XIX, os militantes social-católicos, inspirados na encíclica Rerum Novarum (1891), do papa León XIII, impulsaron un **sindicalismo confesional** oposto ao socialismo e ao anarquismo e defensor de harmonía social que había ter unha máis limitada implantación.

DOC. 10: Evolución do salario real e da talla media dos mozos na provincia de Biscaia, 1856-1935



Fonte: PÉREZ CASTROVIEJO, P.M.: "Poder adquisitivo y calidad de vida de los trabajadores vizcaínos", *Revista de Historia Industrial*, n.º 30, 2004, p. 122

DOC. 11: Algúns fitos da lexislación laboral española ata 1923.

1873	<i>Lei Benot</i> : regulación do traballo infantil e feminino.
1883	Creación da <i>Comisión de Reformas Sociales</i> .
1900	<i>Lei de Accidentes de Trabajo</i> .
1903	Creación do <i>Instituto de Reformas Sociales</i> ; recollida de información estatística e inspección laboral.
1904	<i>Lei do descanso dominical</i> .
1908	Creación do <i>Instituto Nacional de Previsión</i> ; co obxectivo de fomentar os seguros sociais.
1909	<i>Lei de Folga e Coligacións</i> .
1919	<i>Lei de Retiro Obreiro</i> : establecemento dun seguro obrigatorio de velez para a poboación asalariada. Decreto que introduciu a xornada laboral de 8 horas
1920	Creación do Ministerio de Trabajo
1923	Creación do subsidio de maternidade.

O socialismo.

Vinculado dende os tempos da Primeira Internacional aos minoritarios núcleos marxistas peninsulares, o tipógrafo **Pablo Iglesias** había converterse en alma do socialismo español. En 1879 participaba con outros membros da Asociación Xeral da Arte de Imprimir na fundación na clandestinidade do **Partido Socialista Obrero Español** (PSOE). Dende 1886, a nova organización contaría cun órgano oficial, o xornal *El Socialista*. En 1888, tras a publicación da Lei de Asociacións, o PSOE puido celebrar o seu primeiro congreso e impulsou a creación da **Unión Xeral de Traballadores** (UGT) co obxectivo declarado de unir as sociedades obreiras españolas. Dende aquela, a interdependencia caracterizaría as relacións entre o partido e a confederación sindical socialistas que compartirían discurso, afiliados, dirixentes e locais.

O socialismo español, como moitos dos seus correligionarios europeos, mantivo un **discurso revolucionario** na teoría, guiado pola loita de clases, que formulaba como metas a longo prazo a conquista do poder político, a emancipación da clase obreira e abolición da propiedade privada [DOC. 12]. Mentres non se producía o agardado afundimento do capitalismo, cumpría construír unha sólida organización e adoptouse na práctica unha **orientación reformista** dirixida á obtención de conquistas concretas pra os traballadores: democratización da vida política, mellora nas condicións de vida e traballo. Por iso, os socialistas participaron nos diferentes procesos electorais dende a reintrodución do sufraxio universal en 1890 e implicáronse nas institucións oficiais como o Instituto de Reformas Sociais (1903).

Durante algún tempo o PSOE e a UGT seguiron a ser organizacións moi minoritarias cuns poucos núcleos activos (Madrid, País Vasco, Asturias), enfrontados aos anarquistas e contrarios a un entendemento cos republicanos. A súa presenza en Cataluña, principal concentración obreira do país, sempre foi testemuñal e a súa ignorancia sobre a realidade da maioría campesiña do país case total.

DOC. 12: Programa fundacional do Partido Socialista Obrero Español (1879).

O Partido Socialista declara que ten por aspiración:

1. A posesión do poder político pola clases traballadora.
2. A transformación da propiedade individual e corporativa dos instrumentos de traballo en propiedade colectiva, social ou común. [...]
3. A organización da sociedade sobre a base da federación económica, o usufruto dos instrumentos de traballo polas colectividades obreiras, garantindo a tódolos seus membros o produto total do seu traballo e a ensinanza xeral científica e especial de cada profesión aos individuos dun ou doutro sexo.
4. A satisfacción pola sociedade das necesidades dos civados pola idade ou padecemento.

En suma: o ideal do Partido Socialista Obrero é a completa emancipación da clases traballadora, isto é, a abolición de tódalas clases sociais e a súa conversión nunha soa de traballadores, donos do froito do seu traballo, libres, iguais, honrados e intelixentes.

E como medios inmediatos para a realización deste ideal, os seguintes:

Liberdades políticas. Dereito de asociación e legalidade das folgas. Redución das horas. Prohibición do traballo dos nenos menores de 9 anos e de todo traballo pouco hixiénico ou contrario aos bos costumes para as mulleres. Leis protectoras da vida e da saúde dos traballadores[...]. Creación de escolas gratuítas[...] Servicio de armas obrigatorio e universal e milicia popular[...]



Mitin da Conxunción Republicano-Socialista. En pé falando, o candidato republicano doutor Esquerdo; sentados en primeira fila Galdós e P. Iglesias.

Fonte: Arquivo Municipal Ajuntament de la Vila Joiosa


A situación comezou a mudar no tránsito do século XIX ao XX. As campañas contra o inxusto sistema de recrutamento militar con ocasión da guerra de Cuba (1895-1898), a participación nos mítins e manifestacións contra os brutais procesos de Montjuïc (1896), o éxito das sociedades obreiras uxoristas nalgúns folgas e as frecuentes mobilizacións electorais deron aos socialistas unha presenza da que carecían. En 1909 tiveron un destacado papel nas protestas contra a guerra de Marrocos e o goberno de Maura. Delas naceu a **Conxunción Republicano-Socialista**, que permitiu a elección de Pablo Iglesias como deputado por Madrid en 1910. Nas últimas eleccións da Restauración (1923) foron 7 os deputados socialistas elixidos. Entre eles figuran os líderes que van liderar o socialismo español ata a Guerra Civil: F. Largo Caballero, J. Besteiro, I. Prieto. Aínda que o exemplo da revolución de outubro de 1917 e a construción dunha sociedade alternativa á capitalista deslumbrou a numerosos socialistas e anarco-sindicalistas españois, só unha minoría decidiu seguir o modelo bolxevique fundando en 1921 o **Partido Comunista de España (PCE)** [DOC. 13].

Mentres, a cifra de afiliados a UGT medrou moderada pero regularmente: dos 26.000 afiliados subía a 43.000 en 1910 e máis de 200.000 en 1922. Non se convertería nunha central sindical de masas ata a II República. A súa **implantación** foi especialmente importante nalgúns áreas e colectivos obreiros: en Madrid, entre os traballadores dos oficios e os ferroviarios; en Asturias, entre os mineiros do carbón; en Biscaia, entre os mineiros do ferro e os traballadores metalúrxicas. En 1916, establecéronse como base da organización uxorista as **federacións de industria**, en substitución das tradicionais sociedades de oficio. En 1918, a UGT adoptou un programa agrario centrado nas demandas dos xornaleiros sen terras (melloras salariais, reparto dos latifundios) e comezou a implantarse nalgúns comarcas andaluzas.

Partido e sindicato promoveron a creación de centros obreiros que, dende 1905, deron orixe ás **Casas do Pobo** onde, ademais dos locais sociais das agrupacións agrupacións socialistas e das

DOC. 13: Declaración dos delegados ó Congreso do PSOE (1921) que apoiaban a incorporación á III Internacional e fundarían o Partido Comunista.

Queremos incorporarnos de feito, espiritualmente xa o estamos, á Internacional Comunista, que -inseparable da Revolución rusa [...] trata de acelerar o derrubamento da sociedade capitalismo. Non queremos permanecer máis nas preguiceiras e cansadas leccións que semellan agardar do tempo a consumación dunha obra para a que non se senten capaces. Queremos estar na Internacional da acción, que non mide a magnitude dos perigos nin a dureza dos sacrificios ao encetar o camiño da Revolución social. Demandamos, logo, a nosa íntegra liberdade de movemento. Fican rotos os vínculos que, só materialmente nos mantiñan aínda canda os que rexeitastes a adhesión a Internacional Comunista. Entre vós e nós xa non hai comunidade de pensamento. Non pode continuar a comunidade de esforzos, uns e outros imos comparecer ante a clase traballadora. Ela xulgáranos.[...] Nós cremos, con fe inquebrantable, que o proletariado español non irá convosco polos plácidos camiños ue parten de Viena, senón pola senda áspera, pero senta de salvación, que se chama Internacional Comunista, baixo a súa bandeira acollémonos agora.



Edificio da Casa do Pobo en Vigo, fundada en 1911

sociedades obreiras uxoristas, funcionaron bibliotecas, escolas e diversas actividades culturais e de lecer. Deste xeito converterans e centros de difusión dunha **cultura obreira** alternativa á burguesa dos ateneos e casinos.

O anarquismo.

Perseguido tras a I República, o obreirismo anarquista puido saír da clandestinidade e reorganizarse grazas á relativa permisividade dos liberais de Sagasta, chegados ao goberno en 1881. Militantes ligados aos sindicatos de oficio barceloneses promoveron a fundación da **Federación de Traballadores da Rexión Española (FTRE)**, que chegaría a sumar uns 50.000 asociados, a maioría deles en Andalucía e Cataluña. Sen embargo, as diverxencias internas e, sobre todo, a represión indiscriminada sufrida a raíz do escuro episodio da *Man Negra* (1883), unha serie de crimes ocorridos na provincia da Cádiz e atribuídos a unha suposta organización anarquista de tal nome [DOC. 14]. Os sucesivos intentos de reagrupar o sindicalismo anarquista nas dúas últimas décadas do século XIX fracasaron.

O anarquismo español quedou dividido en dúas tendencias. Por unha banda, os **anarcosindicalistas** ou **anarcocolectivistas** que, apoiados nas sociedades de oficio e federacións locais sobreviventes, consideraban a loita sindical como o medio para mellorar a curto prazo as condicións de vida dos traballadores e acadar a medio prazo a propiedade colectiva nunha economía administrada polos propios sindicatos. Pola outra, os **anarcocomunistas** optaron pola organización de grupos de acción para loitar por tódolos medios contra a explotación e a dominación burguesas. Postulaban a **propaganda polo feito**, a realización de atentados contra as autoridades e representantes das clases dominantes, pois consideraban que estas accións podían precipitar a insurrección violenta que conduciría ao derrubamento da orde establecida [DOC. 15]. Nos anos 1890, co sindicalismo anarquista asfixiado pola reacción patronal e a represión governamental, os partidarios da violencia gañaron adeptos. Comezou unha espiral de atentados e

DOC. 14: Manifesto da Comisión Federal da FTRE publicado a raíz dos sucesos da Man Negra (1883)

(...) Nós organizámonos co mesmo dereito que se organizaron tódolos partidos políticos. Eles organizanse para a conquista do poder político, e nós para abolir tódolos poderes autoritarios. Somos anarquistas, porque queremos o libre exercicio de tódolos dereitos e, como estes son ilexíslables, non cómpre ningún poder para lexíslalos e regulamentalos. Somos colectivistas porque queremos que cada produtor reciba o produto íntegro do seu traballo e non existan homes que morran de fame traballando, e outros que sen traballar vivan na folganza e asolagados na corrupción e o vicio. E somos partidarios do grande e fecundo principio federativo porque cremos que é indispensable para a práctica dos grandes e xustos principios anárquico-colectivista, a Federación económica; a libre federación universal das libres asociacións de traballadores agrícolas e industriais[...].

Se hoxe, en presenza do fecundo desenvolvemento da nosa organización e, ante o temor de perder, en tempo tal vez non moi afastado, irritantes e inxustos privilexios, pretenden deshonrarnos para cubrir as aparencias de brutais persecucións e de inxustas medidas excepciónais en contra da nosa gran Federación de Traballadores, cómpre que non ignoren que a súa traxedia é demasiado basta e que o seu inmoral xogo está descuberto; e conste unha vez máis que a nosa Federación nunha foi partidaria do roubo, nin do incendio, nin do secuestro, nin do asasinato; saiban tamén que non sostivemos nin sostemos relación co que chaman Man Negra, nin coa Man Branca, nin con ningunha asociación secreta que teña por obxecto a perpetración de delitos comúns.

DOC. 15: O anarquista Paulino Pallars Latorre xustifica o seu atentado contra o xeneral Martínez Campos nunha carta ao xornal El País (3/X/1893)

Castelo de Montjuïc, calabozo nº 5. 3 de outubro de 1893.
Sr. Director de El País.

(...) Non me impulsa a escribir esta carta nin o desexo de gloria póstuma nin tan só o de notoriedade, impúlsame a vontade de desmentir falsos rumores [...] e deixar ben aclaradas as causas que influíron no meu xeito de ser e os obxectivos que me propoñía acadar co atentado do 24 de setembro.

(...) Mantiven ao longo da miña vida unha loita titánica pola existencia. Sentín na miña propia pel os efectos desta sociedade mal constituída e peor gobernada. Constató que é un corpo gangrenado, que un non pode poñer ningún dedo sen tocar unha chaga purulenta. Crín que era necesario destruíla e quixen ofrecer a esta obra demoledora o meu aporte en forma doutra bomba. Ao xeneral Martínez Campos, como soldado e cabaleiro, respéctoo. Pero quixen ferilo, quixen desfacer un dos moitos piares sobre os que descansa o actual estado das cousas en España [...] Quero que conste que, ao realizar o meu acto, non me impulsaba outro móbil que o de sacrificar a miña vida en beneficio dos meus irmáns de desgraza [...]

brutalidade governamental que marcou a década. Aos mortais atentados anarquistas o teatro do Líceo (1893) e a procesión do Corpus (1896) en Barcelona responderon as autoridades cunha lexislación antiterrorista específica e os famosos *procesos de Montjuïc*. As torturas, execucións, encarceramentos e deportacións foron vingadas co asasinato do presidente do Goberno, A. Cánovas, polo anarquista italiano M. Angiolillo en 1897.

Algúns núcleos intelectuais anarquistas destacaron polo seu **labor educativo e cultural**. A través de escolas, ateneos e bibliotecas obreiras, da prensa e da literatura popular pretendían que os traballadores tomasen conciencia da súa situación e crear o home novo que a sociedade futura, sen desigualdades nin explotación nin autoridade requiría. A editorial barcelonesa *La Revista Blanca*, promovida por Juan Montseny (*Federico Urales*), máis a súa muller, Teresa Mañé, e a súa filla, Federica Montseny, constitúe o paradigma deste peculiar esforzo cultural anarquista.

A reorganización do sindicalismo anarquista, comezada nos primeiros anos do século XX, culmina en 1910 coa fundación en Barcelona da **Confederación Nacional do Traballo** (CNT), que había ser a central obreira española máis importante ata a Guerra Civil e, sen dúbida, a maior organización anarquista do mundo. Impulsada pola federación sindical barcelonesa **Solidariedade Obreira** (1907), a CNT postulaba os principios do **sindicalismo revolucionario**: un apoliticismo e antiestatalismo radicais, a práctica da *acción directa*, a visión do sindicato como instrumento de emancipación da clase obreira e a concepción da folga xeral como medio para conseguir a revolución social [DOC. 16].

No Congreso de Sants (1918), a CNT aprobou a conversión dos tradicionais sindicatos de oficio en **sindicatos únicos de industria**, que agrupaban a tódolos traballadores dun sector. A reorganización sindical foi acompañada de numerosas folgas. Os éxitos dalgúns paros, caso da sonada *folga da Canadense* (1919), repercutiron favorablemente na organización. En 1919 superaba os 700.000 afiliados. Máis da metade deles eran cataláns, pero tamén eran



Portada do xornal barcelonés *Solidaridad Obrera* coa nova do Congreso fundacional da CNT (4/XI/1910).

[Dominio público], desde [Wikimedia Commons](#)

DOC. 16: Algúns acordos do Congreso fundacional da CNT (1910)

O Congreso declara que constituíndo o Sindicalismo a asociación da clase obreira para contrarrestar a potencia das diversas clases posuidoras asociadas, non debe considerárselle unha finalidade social, non debe ser interpretado como un ideal, senón como un medio de loita entre os antagónicos intereses de clase, como unha forza para acadar de momento todas aquelas vantaxes ue permitan á clase traballadora poder intensificar esta loita dentro do presente estado de cousas, co obxecto de conseguir con esta loita intensificada a emancipación integral de toda a clase obreira, mediante a expropiación revolucionaria da burguesía tan pronto como o sindicalismo, isto é, a asociación obreira, se considere bastante forte numericamente e bastante capacitada intelectualmente para levar a efecto a expropiación daquelas riquezas sociais que arbitrariamente detente a burguesía e a conseguinte dirección da produción.[...]

O Congreso declara que a emancipación dos traballadores será obra dos mesmos traballadores. Polo tanto, recoñece que os sindicatos que integran a Federación Nacional só poden estar constituídos polos obreiros que conquistas o seu xornal nas empresas e industrias que explotan a burguesía e o Estado.[...] A folga xeral ha ser revolucionaria porque os gardiáns da orde, para gardalo, non coñecen ou non poñen en práctica outros medios que os de perseguir e encarcerar aos máis activos, aos que levan dende un principio a dirección da loita, e o resto dos obreiros ten que protestar da práctica destes medios, e esta protesta debe ser violenta, pois pola contra, en lugar de vencer aos tiranos inmoláran novas vítimas.

moi numerosos no País Valenciano, Andalucía, Extremadura e nalgunhas cidades illadas (Zaragoza, Xixón, A Coruña).

Persistiron, non obstante, dentro da CNT as **diferenzas internas**. Un sector sindicalista, máis moderado, encabezado por S. Seguí, A. Pestaña e J. Peiró, priorizou a consecución de melloras inmediatas para os traballadores e non renegaba dunha certa colaboración con outras forzas progresistas. Fronte a eles, un sector radical, máis puramente anarquista, representado por grupos de acción como os *solidarios* (J. García Oliver, B. Durruti, os irmáns Ascaso), non renegaban do uso da violencia.


O movemento obreiro na crise da Restauración.

Durante o primeiro terzo do século XX, o movemento obreiro converteuse nun actor fundamental no devir político e social do Estado español. A consolidación e crecemento das forzas proletarias contribuirían de forma decisiva á crise do sistema político da Restauración, incapaz de transitar do liberalismo oligárquico decimonónico á democracia.


Malia a neutralidade na **I Guerra Mundial**, as consecuencias do conflito habían ser moi importantes. España converteuse en fornecedor de alimentos e produtos industriais para os países belixerantes [DOC. 17]. A **expansión económica** impulsada polo aumento da demanda exterior posibilitou unha forte acumulación de capital e o enriquecemento de certos sectores (empresarios industriais, grandes comerciantes, terratenente). O auxe da industria intensificou a emigración do campo ás cidades e ás áreas industriais, que engrosou as filas do proletariado. Paralelamente, o desabastecemento do mercado interior provocaba escaseza e suba de prezos, o que prexudicaba especialmente ás clases populares. A perda do poder adquisitivo dos asalariados contrastaba coas grandes fortunas ostentosamente amoreadas [DOC. 18].

Durante o ano 1916, multiplicáronse os **motíns populares** contra a carestía e as promovidas polo movemento obreiro organizado estendéronse a tódolos sectores laborais. Na industria, a minería e os ferrocarrís, os obreiros esixían melloras salariais, a xornada de 8 horas, a supresión do traballo a obra feita... Nas áreas latifundistas demandaban tamén a participación dos sindicatos no control da contratación. Decote a resposta de patróns e

DOC. 2: A balanza comercial española (1913-1923).



DOC. 18: Evolución de prezos, salarios e beneficios empresariais.



gobierno foi a represión. Industriais e terratenentes organizáronse en asociacións patronais, practicaron o lock-out (peche patronal) para debilitar aos folguistas, contrataron gardas para defender fábricas e fincas e esixiron man dura ao goberno.

Nestas circunstancias, UGT e CNT acordaron convocar conxuntamente un paro xeral de 24 horas para esixir ao goberno solucións á carestía e aos os problemas laborais e unha amnistía para os presos por delitos político-sociais. A folga xeral do 18 de decembro de 1916 tivo un amplo seguimento pero a resposta do goberno foi nula. Os contactos entre socialistas e anarquistas continuaron e acordaron en marzo de 1917 preparar unha folga indefinida de carácter revolucionario [DOC. 19].

No verán de 1917, os gobernos trataban de capear o movemento militar das Xuntas de Defensa e de afrontar o reto político da Asemblea de Parlamentarios. Os conflitos laborais multiplicábanse e a represión intensificábase. Unha folga ferroviaria precipitou os acontecementos. A dirección conxunta do PSOE e a UGT convocou un para indefinido para o 13 de agosto cun manifesto calcado das propostas políticas da frustrada Asemblea de Parlamentarios (gobierno provisional, eleccións limpas a Cortes constituíntes) [DOC. 20], afastado do acordado coa CNT que, non obstante, apoiou a convocatoria. A folga tivo un éxito notable en Madrid, nas zonais industriais de Asturias, Biscaia e Barcelona, nas concas mineiras e en numerosas cidades. A súa incidencia no resto do país e nas comarcas rurais foi mínima. A detención do comité de folga, o illamento dos núcleos máis activos e a contundente reacción das forzas policiais e do exército acabaron neutralizando o movemento. O 18 de agosto o goberno declarou restablecida a normalidade, aínda que en Asturias os últimos focos folguistas resistiron ata o 17 de setembro. O balance oficial da represión foi de 71 mortos, 200

DOC. 19: Manifesto conxunto UGT-CNT (27-III-1917).

O proletariado organizado chegou así ao convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión Xeral de Traballadores (UGT) e os da Confederación Nacional do Traballo (CNT) acordaron por unanimidade:

Primeiro: Que en vista do exame detido e desapasionado que os asinantes deste documento fixeron da situación actual e da actuación dos gobernantes e do Parlamento, non encontrou, pesar dos seus bos desexos, satisfeitas as demandas formuladas polo último Congreso da UGT e a "Asemblea de Valencia", co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais no sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e o desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, impónse ao proletariado ue empregue a folga xeral, sen prazo limitado, como a arma máis poderosa para reivindicar os seus dereitos.

Segundo: Que a partir deste intre, sen interromper a súa acción constante de reivindicacións sociais, os organismos proletarios, de acordo cos seus elementos directivos, procederán a adopción de todas aquelas medidas que consideren adecuadas ao éxito da folga xeral [...]

DOC. 20: Manifesto do Comité de Folga PSOE-UGT (12-VIII-1917)

Aos obreiros e á opinión pública: chegou o momento de pór en práctica, sen vacilación algunha, os propósitos anunciados polos representantes da UGT e a CNT no manifesto subscrito por estes organismos no mes de marzo último.

Durante o tempo transcorrido [...] a afirmación feita polo proletariado de demandar como remedio dos males que padece España, un cambio fundamental de réxime político, foi corroborada pola actitude que sucesivamente adoptaron importantes organismos nacionais, dende a enérxica afirmación da existencia das Xuntas de Defensa da Arma de Infantaría [...] ata a Asemblea de Parlamentarios [...]

Cerca de medio século de corrupción levou ás institucións políticas españolas a un grao tal de podrencia [...] baixo un réxime constitucional ficticio, de miseria e despilfarro e nun estado cultural mantido por oligarcas [...]

E esta magna mobilización do proletariado non cesará ata non obter as garantías suficientes da iniciación do cambio de réxime, necesario para a salvación da dignidade, do decoro e da vida nacionais.

Pedimos a constitución dun Goberno provisional, que asuma os poderes executivo e moderador e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras dunhas Cortes Constituíntes que aborden, en plena liberdade, os problemas fundamentais da Constitución política do país. Mentres non se consiga ese obxectivo, a organización obreira está absolutamente decidida a manterse na súa actitude de folga. Cidadáns, non somos instrumento de desorde, como na súa indecencia nos chaman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. Viva España!

Mapa das áreas máis afectadas pola folga xeral revolucionaria de agosto de 1917

Fon: IGN, Atlas Nacional de España 1986-2008




feridos e máis de 2.000 detidos. O exército, malia as súas desavinzas co goberno, demostrou estar do lado da orde social.

A experiencia de 1917 demostrara a capacidade de mobilización das organizacións obreiras. O exemplo da revolución rusa alimentaba as esperanzas dos seus sectores máis radicais e o pánico das clases propietarias. Co remate da guerra chegou a crise económica: a fin das exportacións aos belixerantes provocou o peche de numerosas empresas, reducións salariais, aumento do desemprego e, tamén, do descontento popular. Entre 1918 e 1920, o chamado *trienio bolxevique*, a conflitividade social acadou o seu momento álxido [DOC. 21]:


- En **Andalucía**, as malas condicións de vida dos xornaleiros provocaron numerosas folgas e ocupacións de terras dirixidas por sindicatos ligados á CNT e, en menor medida, á UGT.
- No **campo galego e catalán**, as accións e reivindicacións dos campesiños *foreiros* e *rabassaires* radicalizáronse.
- Non obstante, sería **Barcelona** o principal foco de violencia social. Tras o éxito da folga da *Canadense* en 1919, que levou á primeira regulación da xornada de 8 horas en España, os *sindicatos únicos* cenetistas emprenderon unha vaga de paros que petou contra a reacción violenta da patronal e das autoridades. Os *lock-outs* patronais, a declaración do estado de guerra, a clausura de sindicatos, a detención de dirixentes e militantes obreiros e a aplicación da *lei de fugas* foron habituais entre 1919 e 1923. A isto hai que engadir o gran número de atentados cometidos por bandas ao servizo da patronal e dos *sindicatos libres*, respondidos polos grupos de acción anarquistas. Máis de 800 atentados con máis de 250 mortos, entre eles o líder cenetista S. Seguí e o presidente de goberno E. Dato, foron o resultado desta loita sen cuartel [DOC. 22]. A CNT ficou

DOC. 21: Evolución da conflitividade laboral en España, 1905-1925.



O cadáver do asasinado presidente do Goberno E. Dato na morgue (1921)

DOC. 22: Evolución do número de vítimas da violencia social en Barcelona, 1917-1923




Fonte: MARINELLO BONNEFOYT, J.C.: "Pistolismo y violencia sindical en Barcelona (1917-1923)", *Barcelona. Quaderns d'Història*, 26, 2020.

desarticulada e a súa afiliación en 1923 era apenas un terzo da de 1920. A patronal demandaba insistentemente unha solución de forza, que devólvese a tranquilidade social e sométese definitivamente aos sindicatos. O golpe de Estado militar do 13 de setembro de 1923 cubriría as súas expectativas.

A persecución desencadeada pola ditadura primorriverista contra a organización cenetista fixo medrar o influxo dos sectores máis radicais, agrupados dende 1927 na Federación Anarquista Ibérica (FAI). Dende 1930, a FAI imporíase na CNT e conduciríaa ao enfrontamento frontal co réxime republicano e a numerosas intentonas revolucionarias.

Pola contra, nas organizacións obreiras socialistas imporíase a moderación dos seus dirixentes (P. Iglesias, J. Besteiro, I. Prieto, F. Largo Caballero). A UGT, liderada F. Largo Caballero, buscaría un acomodo na nova situación política iniciada co golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera. Só a partir de 1928 comezou a desligarse da Ditadura. En 1930, o PSOE participou no Pacto de San Sebastián, que unía a tódalas forzas contrarias á monarquía. Tras a proclamación da República en 1931, os socialistas formarían parte dos gobernos do primeiro bienio e promoverían unha ambiciosa lexislación laboral.

Tipoloxía das vítimas da violencia social na área barcelonesa, 1917-1923.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ABELLÓ GÜELL, T.: *El movimiento obrero en España, siglos XIX y XX*, Barcelona, Hipotesi, 1997.
- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- CRUZ, J.; PÉREZ LEDESMA, M. (eds.): *Cultura y movilización en la España contemporánea*, Madrid, Alianza Ed., 1997.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- PÉREZ GARZÓN, J.S.: *Contra el poder. Conflictos y movimientos sociales en la Historia de España. De la Prehistoria al tiempo presente*, Granada, Comares, 2015.
- RIVERA, A.; ORTIZ DE ORRUÑO, J.Mª, UGARTE, J. (eds.): *Movimientos sociales en la España contemporánea*, Madrid, Adaba eds.-UPV-EHU-AHC, 2008.
- TUÑÓN DE LARA, M.: *El movimiento obrero en la Historia de España*, Barcelona, Sarpe, 1986 (2 vols.).
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A evolución da sociedade española no século XIX.

O triunfo da revolución liberal na España do século XIX tivo enormes consecuencias. A abolición dos privilexios estamentais, a proclamación da igualdade dos cidadáns ante a lei e os cambios no réxime de propiedade (desamortización, desvinculación de morgados abolición de señoríos, etc.) provocaron importantes **cambios na estrutura e organización da sociedade española**. Suprimidas as trabas xurídicas e institucionais do Antigo Réxime, a propiedade privada (individual, libre, absoluta e unívoca) converteríase no criterio fundamental de estratificación social. A **sociedade estamental**, estática e pechada, foi dando paso a unha **sociedade de clases**, máis dinámica e fluída, onde a **iniciativa e o mérito individuais** podían posibilitar o ascenso social.

A sociedade española do século XIX seguiu a ser unha **sociedade moi polarizada**. Unha exigua minoría desfrutaba da meirande parte da riqueza e detentaba os principais resortes do poder. Pola contra, as maioritarias clases populares, vivían nunha situación de pobreza, precariedade e dependencia que apenas mellorou durante a centuria.

Os grupos sociais tradicionais.

Nobreza, clero e campesiñado deberon adaptarse aos cambios derivados da revolución liberal e da formación da sociedade de clases. Non dispuñan dos mesmos recursos e a súa sorte foi diversa.

A nobreza.

A nobreza **perdeu os seus privilexios estamentais** (xudiciais, fiscais, honoríficos) e as **súas prerrogativas xurisdiccionais**. Porén, **mantivo o seu poder económico** en grande medida. Moitos deles conservaron os seus señoríos, convertidos agora en propiedade privada, e rendas. Pero, a **desvinculación dos morgados** ía condicionar os comportamentos aristocráticos. Sen o seu amparo, algunhas casas nobres fortemente endebedadas víronse obrigadas a allear propiedades. Deberon buscar tamén remedios á posible fragmentación dos patrimonios nobiliarios: as alianzas matrimoniais entre familias nobres, o entronque coas novas fortunas de orixe burguesa [DOC.1], a



Retrato de Amalia de Llano y Dotres, condesa de Vilches, obra de Federico de Madrazo (1853)

DOC. 1: Unha descrición literaria do comportamento social da aristocracia española.

"As familias nobres de hoxe en día non profesan aos seus pergameos un culto fanático e, se se exceptúa media ducia de nomes que unen á súa resonancia histórica un caudal san, aquelas non vacilan en aceptar as alianzas, convenientes e substanciais, fundindo a nobreza co diñeiro; e así vemos tódolos días que as doncelas de ilustre berce dan a man, e dana con gusto, aos marqueses de novo cuño feitos ao minuto, aos condes italianos, aos políticos afortunados, aos militares distinguidos e aínda so fillos dos industriais. A sociedade moderna ten no seu favor o don do esquecemento, e bórranse axiña as orixes plebeas"

Benito Pérez Galdos: *La familia de Leon Roch* (novela), 1878.

participación nas novas fontes de riqueza (propiedade urbana, bolsa, banca, etc.). Dalgún xeito, moitos nobres **aburguesáronse**.

Pero a vella aristocracia seguiu a ter unha considerable **influencia social e cultural**. A posesión dun título nobiliario proporcionaba aínda un respectable **capital simbólico** (relacións, influencias na Corte, acceso aos altos cargos da administración, do exército e do corpo diplomático). Por iso seguiu exercendo un **notable poder de atracción sobre a burguesía**. Moitos burgueses **ennobrecéronse** ben entroncando pola vía matrimonial coa vella nobreza, ben conseguindo algún dos numerosos títulos novos creados pola Coroa ao longo do século [DOC.2].

A fusión resultante entre a vella aristocracia e a nova burguesía contribuíu á **conformación no último terzo do século XIX dunha elite** (*oligarquía, bloque de poder*), residente en Madrid na maioría dos casos, que detentaba un poder e unha riqueza formidables e unha sólida hexemonía cultural.

O clero.

A Igrexa e o clero víronse fortemente afectadas polo triunfo do liberalismo. **Perderon os privilexios** dos que gozaban e **boa parte da súa riqueza** (desamortización, supresión do dezmo). A considerable influencia social e cultural que exercía comezou a ser cuestionada polos avances -ben coitados- da secularización e a difusión de novas ideoloxías. Mentres, os seus efectivos víronse considerablemente reducidos.

Poucos membros do clero procuraron adaptarse aos cambios. Menos aínda os respaldaron. **Moitos simpatizaron con opcións abertamente reaccionarias** (carlismo, tradicionalismo) [DOC.3]. Malia todo, a Igrexa procurou manter a súa influencia sobre unha sociedade que seguía a ser maioritariamente católica. O **liberalismo conservador**, hexemónico durante o reinado de Isabel II e baixo a Restauración, procuraría o seu concurso na defensa da orde social e realizarlle importantes concesións: a declaración da **confesionalidade católica do Estado** e o **financiamento público do Igrexa** foron recollidos nos textos constitucionais (1845, 1876) e ratificados polo **Concordato de 1851** [DOC.4].

Ademais, este acordo coa Santa Sede garantiulle unha considerable presenza na educación e o control da produción cultural (censura eclesiástica) e dos costumes. Por iso, o clero e a opinión pública católicas **reaccionaron sempre con virulencia contra calquera avance na secularización da vida pública, mesmo contra a liberdade de cultos**, como aconteceu durante o Sexenio Democrático.

DOC. 2: Títulos nobiliarios en España por data de creación.

	a. 1834	1834-1868	1868-1900	TOTAL
Duques	68	18	10	96
Marqueses	591	120	152	863
Condes	322	196	93	611
Vizcondes	35	33	13	81
Baróns	35	34	10	79
TOTAL	1043	401	288	1732

Fonte: Rueda, G., *La nobleza en España, 1780-1910*, 1990.

DOC. 3: Caricatura sobre a simpatía de boa parte do clero español co carlismo, obra de Tomás Padró publicada en La Flaca, 1869.



[Dominio público], Wikimedia Commons.

DOC. 4: O Concordato de 1851.

Art. 1.º A relixión Católica Apostólica romana, que, con exclusión de calquera outro culto, segue a ser a única da nación española, conservarase sempre nos dominios da S.M. católica, con tódolos dereitos e prerrogativas de que debe gozar, segunda a lei de Deus e o disposto polos sagrados canons.

Art. 2.º En consecuencia, a instrución nas universidades, colexio, seminarios e escolas públicas ou privadas de calquera clase será en todo conforme á doutrina da mesma relixión católica e, a este fin, non se porá impedimento algún aos bispos e demais prelados diocesanos, encargados polo seu ministerio de velar sobre a pureza da doutrina, da fe, dos costumes, e sobre a educación relixiosa da mocidade deste cargo, aínda nas escolas públicas. [...]

O campesiñado.

Ata ben entrado o século XX, o campesiñado seguiu a ser o grupo social máis numeroso nun país escasamente industrializado. Presentaba -iso si- unha gran diversidade interna. En termos xerais pode sinalarse unha **dicotomía entre as áreas latifundistas meridionais** (Andalucía, Extremadura, A Mancha), onde predominaban os xornaleiros sen terras condenados ao traballo estacional para unha cativa minoría terratenente, e as do **norte e centro peninsulares** onde as explotacións familiares campesiñas estaban moi estendidas [DOC. 3]. Os seus titulares eran nalgúns casos pequenos e medianos propietarios. Noutros eran arrendatarios ou parceiros sometidos a diversas formas de contrato agrario. Algunhas modalidades (o *foro* en Galicia, *rabassa morta* en amplas áreas de Cataluña) garantían ao cultivador unha notable estabilidade no usufruto da terra.

A liquidación da **propiedade comunal**, provocada pola lexislación desamortizadora en boa parte do país, ou a súa supervivencia, como aconteceu no caso galego, impuxeron diferenzas nas condicións e formas de vida do campesiñado. Estas víronse tamén condicionadas por outros factores: o grao de **integración no mercado**, as **relacións co mundo urbano**, as **experiencias migratorias**, etc.

Os novos grupos sociais.

Ademais dos grupos sociais tradicionais, desenvóléronse na España liberal dous grupos característicos e antagónicos da nova sociedade de clases: a **burguesía** e o **proletariado** (os traballadores asalariados).

A burguesía e as clases medias.

Os **sectores máis acomodados da poboación plebea** foron os protagonistas e principais beneficiarios da revolución liberal. Grazas a ela lograron a eliminación dos atrancos institucionais que se opoñían ao seu

enriquecemento e ao seu acceso ao poder político. Para referirse a este conglomerado social comezou a utilizarse no século XIX o termo **burguesía**. Ata ben entrado o século XIX, a burguesía

DOC. 3: Mapa sobre a estrutura da propiedade agraria en España a comezos do século XX.



Retrato fotográfico de José de Salamanca, destacado empresario y político durante o reinado de Isabel II. Foi ennobrecido pola monarca quen lle concedeu os títulos de marqués de Salamanca (1863) e de conde de los Llanos (1864)

española é un grupo social reducido, economicamente débil en comparación coa poderosa aristocracia [DOC.4] e fragmentado internamente por múltiples divisións. Porén, pódense distinguir en termos xerais dentro dela **dous sectores**:

- A **alta burguesía** baseouse sobre todo nas grandes fortunas ligadas á **gran propiedade agraria e urbana** e ao **mundo das finanzas**. Cuantitativamente, a importancia dos **grandes comerciantes e industriais** foi menor agás nas dúas áreas máis dinámicas economicamente do país: Cataluña e, máis tarde, o País Vasco.

As familias da alta burguesía **fixaron a súa residencia nos grandes centros económicos** do país: Barcelona, Bilbao e, sobre todo, Madrid. Tenderon en moitos casos a comportarse segundo criterios rendistas e asimilarse á vella e influente aristocracia, conformando con ela a **elite dirixente** (clase alta, *oligarquía*). O caso de **José de Salamanca**, fillo dun médico e xurista de formación, quen chegou a ser a maior fortuna da España grazas ao seu talento para os negocios (banca, ferrocarril, bolsa, investimentos inmobiliarios) e as boas relacións (con María Cristina e o seu esposo, co xeneral Narváez) e que acabou sendo ennobrecido por Isabel II en 1863 (*marqués de Salamanca*), resulta paradigmático.

- As **clases medias**, tamén denominadas como **pequena e mediana burguesía**, incluían aos propietarios de pequenos obradoiros e artesáns independentes, tendeiros, profesionais liberais (avogados, notarios, rexistradores, médicos, farmacéuticos), modestos propietarios e rendistas, oficiais do exército, funcionarios medios e baixos, etc.

A través das clases medias materializábanse as expectativas de ascenso social. Individuos de familias humildes podían alcanzar o nivel de ingresos e a respectabilidade suficiente para ingresar nelas e, excepcionalmente, nas clases altas. Neste sentido, tras a desaparición dos privilexios aristocráticos, o **exército** converteuse ata mediados do século XIX nunha vía importante para a mobilidade social. Excepcional que non único foi o percorrido de **Baldomero Espartero**: fillo dun modesto artesán manchego, tras unha

DOC. 4: O historiador M. Pérez Ledesma subliña á debilidade económica da burguesía española no século XIX.

"En relación coa nobreza, nin os recursos económicos dos burgueses, polo menos ata finais do século XIX, os colocaban entre as fortunas máis importantes do país, nin o seu poder nin o seu prestixio social permitían situalos no cumio da sociedade decimonónica. Us poucos datos, a modo de exemplo do primeiro. Dos 53 propietarios que en 1856 contribuían con máis de 50.000 reais por inmobles, cultivo e gandería, 43 eran titulados; e se nos limitamos aos 22 que contribuían con máis de 100.000 reais, só 2 non tiñan título. Ata 1860, en Madrid -sede da burguesía nacional- ningún patrimonio burgués se achegaba ao de calquera membro da alta nobreza; ao tempo que ningún empresario industrial do país podía colocarse aínda no "selecto círculo dos millonarios". En Extremadura, a mediados do século, as 10 maiores fortunas territoriais pertencían a familias nobres e a nobreza titulada posuía arredor do 20% da riqueza imponible territorial na provincia de Badajoz. Máis aínda, na segunda metade do século tivo lugar "un proceso de fortalecemento da propiedade aristocrática" naquela rexión, de xeito que mesmo os beneficiarios das quebras dalgúns patrimonios, como o de Osuna, foron outros aristócratas. Por último, en 1875, entre os maiores contribuíntes por contribución territorial en Castela-A Mancha, os membros da nobreza titulada (20) controlaban o 52 % da riqueza xerada por este conxunto, mentres os non titulados (30) só aportaban o 48 % restante"

Pérez Ledesma, M.: "Protagonismo de la burguesía, debilidad de los burgueses",

Ayer, nº 36, 1999, p. 72.



Imaxe do Café el Espejo (Madrid, 1845).

Fonte: Museo de Historia de Madrid.

Dende comezos do século XIX comezou a difundirse entre a burguesía e as clases medias urbanas un novo establecemento de lecer máis elegante cá taberna popular, o café. Convertéronse en espazos da nacente sociabilidade política e de formación da opinión pública que servirían de instrumentos do liberalismo. Os asistentes pasaban neles lendo os xornais, escoitando declamacións poéticas, conversando ou mantendo animadas tertulias políticas e literarias.

brillante carreira militar e un matrimonio vantaxoso, foi enobrecido por María Cristina en 1837 (*conde de Luchana*) e accedeu como rexente á xefatura do Estado en 1840.

Excluídas do poder por un sistema político oligárquico, as clases medias constituíron o principal apoio do **liberalismo progresista e democrático** e as protagonistas dos levantamentos revolucionarios de 1854 e 1868 contra o réxime moderado.

O proletariado.

Os **traballadores asalariados** constituíron durante o século XIX un grupo social moi heteroxéneo: **xornaleiros agrícolas**, diversos **sectores populares urbanos** (**artesáns, dependentes, traballadores eventuais, empregados e sobre todo empregadas do servizo doméstico**, etc). Dado o limitado avance da industrialización, só nos escasos núcleos fabrís, singularmente en Cataluña, constituíron os **traballadores industriais** un grupo social significativo.

Este heteroxéneo colectivo compartía unhas **duras condicións de traballo**: longas e extenuantes xornadas laborais [DOC.5], salarios insuficientes que obrigaban ao traballo dos nenos e das mulleres para asegurar o sustento familiar, contratos precarios, elevada sinistralidade e mortalidade laborais, protección social inexistente, etc. Pésimas eran tamén as **condicións de vida**: vivendas insalubres e superpoboadas, barrios carentes dos máis elementais servizos públicos, (pavimentación, auga potable, sumidoiros, alumeado, etc.) alimentación deficiente e pouco variada, insalubridade... [DOC. 6]

O **movemento obreiro organizado** xurdiría das duras experiencias dos traballadores urbanos. As súas reivindicacións políticas (sufraxio universal, recoñecemento do dereito de asociación e folga) favoreceron a **colaboración coas clases medias radicais** en certas conxunturas (1854, 1868). O **protagonismo de artesáns e traballadores cualificados** fixo que as demandas laborais (melloras salariais, reducións de xornada, limitación do traballo infantil e feminino) estivesen acompañadas de evidentes receos respecto aos efectos da industrialización (implantación do sistema fabril, mecanización) en defensa da dignidade e a independencia do traballo.

DOC. 5: Respostas sobre a duración da xornada laboral en diversas localidades e sectores á Comisión parlamentaria de Reformas Sociais (1883).

Ferrol: "traballa o obreiro en verán dende as 5 da mañá ata as 8 da noite, sen máis descanso có dunha hora para almorzar e dúas para xantar e, en inverno, dende que amence ata que anoitece, co único descanso dunha hora para xantar. Ademais, nalgúñas industrias, logo de media hora de descanso ao anoitecer, volve traballar no que chaman velada, que dura ata as 8 da noite".

Linares (Jaén): "o obreiro agrícola e os albanais traballan de sol a sol, descansando de 12 a 1 para comer e un cuarto de hora máis de 8 a 9 da mañá para tomar un lixeiro almorzo... Nas fábricas de fundición de ferro traballan 9 horas en inverno e 10 en verán... O dependente de comercio traballa en Linares no mostrador 14 horas nos días laborables e 5 nos festivos".

Oviedo: "trabállase ordinariamente durante 12 horas, descansando media para almorzar e 1 no inverno e 2 en verán para xantar. Os ebanistas, tallistas, xastres e zapateiros empregan máis tempo, porque velan ou traballan traballan 2 ou 3 horas pola noite durante a crúa estación. Nalgúñas industrias adoitan traballar medio día o domingo."

Citado en Sarasua, C.: "Trabajo y trabajadores en la España del siglo XIX", Working paper, 2005, p. 4.

DOC. 5: Descrición dun barrio obreiro, o de Esteiro en Ferrol.

"Este barrio acolle no seu seo a clase máis desventurada da sociedade como é a prostitución desvergonzada e rueira; barrio antigo e non reformado as súas primitivas edificacións, as casas son vellas, húmidas, con escasa luz e nula ventilación; das fiestras penduran farrapos de toda clase, ou prendas de vestir lavadas que se enxugan ao aire estendidas sobre unha corda; sen retretes na súa maioría, e con pozos negros que de tales non teñen máis có nome, ou sen eles, almacenando os seus moradores os desperdicios ou dexeccións en receptáculos que conducen, a todas horas, a hortos próximos que xeralmente cultivan, desprendendo un cheiro capaz de producir vómito ao transeúnte que teña a desgraza de pasar ao seu lado; barrio o máis populoso e, como dixemos, o máis pobre, como dicimos agora; e, por esta causa, o máis descoidado en cultura social, educación, instrución e moralidade; barrio no que, por razón do seu modo de ser, viven en repugnante consorcio, e como en familia, os pais, os fillos, os porcos e as cabras [...]. Barrio que ten tódalas rúas, agás unha, sen empedrado, facéndose imposible o tránsito en épocas de choiva [...] Un barrio así ten que ser forzosamente antihixiénico e, polo tanto, insalubre; ten que ser, por esta triste condición, o que maior tributo paga á mortalidade, o do que as xentes medianamente acomodadas foxen como da peste.[...].

Nieto Rodríguez, P.: *Memoria acerca de las condiciones higiénicas y estado sanitario de Ferrol*, 1895.

A situación da muller.

Unha das características da cultura liberal e burguesa foi o establecemento dunha **separación nidia entre o espazo público e a vida privada**. As actividades públicas (a política, os negocios, a educación, a creación) debían reservarse aos homes. **As mulleres debían recluírse no espazo doméstico** (a crianza dos fillos, o coidado da casa e do marido, a preservación da moral). Era lugar común que esta división era o resultado das leis naturais (ou da lei divina) pois derivaba dos trazos superiores atribuídos atribuídos aos homes (razón, acción) fronte aos das mulleres (sentimentalidade, pasividade). Estes roles de xénero feminino concretábase no ideal burgués do **anxo do fogar**, un modelo que había difundirse desigualmente cara arriba, aos medios aristocráticos, e cara abaixo, a algúns sectores das clases baixas. [DOC.7]

Porén, entre os **clases populares**, confinamento das mulleres no espazo doméstico resultaba complicado. As mulleres debían traballar, tanto nos labores agrícolas como nos traballos urbanos, pois os ingresos por elas obtidos eran esenciais para a subsistencia do grupo familiar. Pero durante o século XIX (e ata aínda hoxe), o traballo feminino estivo caracterizado pola **discriminación salarial e laboral**. Polo mesmo traballo, os salarios das mulleres eran moi inferiores aos dos homes. Por iso, algúns sectores do movemento obreiro non vían con agrado a súa presenza no mercado laboral. A participación das mulleres era especialmente numerosa nos traballos pouco cualificados e peor remunerados, caso do servizo doméstico. Ademais, en caso de conflito laboral ou problemas empresariais, as mulleres eran as primeiras en seren despedidas.

A suposta inferioridade natural do chamado **sexo débil** (ou **belo sexo**) plasmouse na súa **subordinación e exclusión xurídicas**. As mulleres foron privadas do dereito de voto, das posibilidades de acceder á educación superior, á función pública e ás profesións liberais. Ademais, a lexislación liberal limitou considerablemente os seus dereitos civís [DOC. 8]: ao casar pasaban de estar baixo a autoridade paterna a someterse á do marido; necesitaban a autorización deste para dispor das súas propiedades, facer negocios e mesmo viaxar; a tutela legal sobre os fillos correspondíalle ao marido; a desobediencia ao marido, a marcha do fogar conxugal e a

DOC. 7 : Os trazos naturais da muller e o seu rol social, segundo o o médico Pedro Jiménez de Pedro (1854)

"O amor é o reino da muller e, por el, é soberana árbitra do seu vencedor [...]. A súa dozura é o seu poder e a súa gloria os seus encantos; xoias preciosas cas que a natureza quixo adornala [...]. A constitución física do sexo feminino provén da delicadeza dos seus órganos; todo está subordinado a este principio, polo que a natureza quixo facela diferente do home; non é muller só polos atributos do seu sexo, éo por todo [...]. Ao considerar a delicadeza da súa fibra, a brandura do tecido celular e o seu desenvolvemento, e as formas suaves e graciosas desta metade do xénero humano, haberá que concederlle tódolos afectos de humanidade, compaixón, caridade, tenruras e conciliación que sosteñen a sociedade, unen os seus membros, estreitan máis os vínculos da familia e forman o seu máis apreciable tributo [...]. A debilidade do seu sistema nervioso faíno susceptible dos prodixiosas axitacións e ás sensacións máis extremadas. [...] O heroe, o sabio, o verdadeiro filósofo sabe conter as súas paixóns, suxeitar a súa intelixencia, vencerse pola forza da reflexión e do xuízo: a muller é, en xeral, moito menos capaz de facerse dona de canto lle afecta e, tiranizada pola sensibilidade, está moito máis exposta a precipitarse e sucumbir antes que seguir á razón. Deste xeito, un debe ocuparse en levar a cabo grandes obxectos e en defender e protexer a súa familia e ao estado contra os males exteriores e a outra reduciuse ao estreito círculo da vida doméstica, interesarse máis especialmente nos labores da casa, amosar os máis doces coidados, as atencións máis aficioas e unha tenrura activa e vixiante".

Jiménez de Pedro, P.: *Carácter moral de la mujer. Discurso leído en Madrid, 1854*

DOC. 8: Algúns artigos sobre o dereito familiar no Código Civil de 1889.

*"Art. 57: O marido debe protexer á muller, e esta obedecer ao marido.
Art. 58: A muller está obrigada a seguir ao seu marido onde este fixe a súa residencia. Porén, os tribunais, poderán con xusta causa eximila desta obriga cando o marido traslade a súa residencia a ultramar ou a país estranxeiro.
Art. 59: O marido é o administrador dos bens da sociedade conxugal [...].
Art. 60: O marido é o representante da súa muller. Esta non pode, sen a súa licenza, comparecer en xuízo por si ou por medio de Procurador. [...]
Art. 61: Tampouco pode a muller, sen licenza ou poder do seu marido, adquirir por título oneroso nin lucrativo, allear os seus bens, nin obrigarse senón nos casos e coas limitacións establecidas pola Lei.
Art. 62: Son nulos os actos executados pola muller contra o disposto nos parágrafos anteriores, agás cando se trate de cousas que pola súa natureza estean destinadas ao consumo ordinario da familia, casos nos que as compras feitas pola muller serán válidas. As compras de xoias, mobles e obxectos preciosos feitas sen licenza do marido só serán convalidadas cando este consentise á súa muller no uso e desfrute de tales obxectos"*

infidelidade da muller eran delitos penados. Pola contra, o adulterio masculino só o era en caso de escándalo público.

Xa durante o século XIX, a discriminación de *iure* e de *facto* das mulleres foi obxecto dun **debate público** minoritario. A cuestión do **acceso á educación**, considerado clave para a mellora da súa situación, foi central en moitos discursos a favor dos dereitos das mulleres, como os expresados por **Emilia Pardo Bazán** ou **Concepción Arenal** [DOC.9]. A mesma preocupación deu orixe en 1870 á **Asociación para a Ensinanza da Muller**, promovida polos mesmos círculos krausistas que fundarían a **Institución Libre de Enseñanza** en 1876.

Dende comezos do século XX comezan a percibirse en España os ecos do movemento sufraxista que se está a desenvolver en Europa e Estados Unidos e que comeza a ver parcialmente recoñecidas as súas demandas en prol dos dereitos políticos e sociais das mulleres a raíz da Gran Guerra. Así, nos primeiros anos do século XX, a causa feminista e sufraxista colle certo pulo a través de entidades como a burguesa e inicialmente conservadora **Asociación Nacional de Mulleres Españolas**, fundada en 1918, e publicacións como o **Mundo Femenino**, voceiro dela. O seu programa [DOC.9] recollía o recoñecemento do dereito de voto para as mulleres, a reforma dos códigos penal (adulterio, prostitución) e civil (igualdade dos cónxuxes ante a lei, recoñecemento da capacidade legal plena para as mulleres), a condena da violencia contra as mulleres, a igualdade salarial e o acceso igualitario á educación e á función pública. Algúns grupos ligados ás organizacións obreiras, aos partidos republicanos e nacionalistas e mesmo a algúns círculos católicos comezaron a facerse eco destas demandas. Nestes marcos destacou o labor intelectual e o activismo feminista dalgúns mulleres: a obreira anarquista **Teresa Claramunt**, [DOC.10], as escritoras socialistas **Margarita Nelken** e **María Cambrils**, as educadoras **Carmen de Burgos** e **María de Maeztu**, xuristas como **Clara Campoamor** e **Victoria Kent**, etc.

Porén, unha sociedade conservadora e patriarcal onde o forte influxo do catolicismo contribuía a reforzar os tradicionais roles de xénero

DOC. 9: Concepción Arenal defende a incorporación da muller a traballos cualificados.

"É un erro grave e dos máis prexudiciais, inculcar á muller que a súa misión única é a de ser esposa e nai [...]
É o home máis inepto superior á muller máis intelixente? Quen se atreve a responder que si?
Resulta daquela dos feitos que hai homes, non se sabe cantos, ineptos para certas profesións; mulleres, non se sabe cantos, aptas para esas mesmas profesións; e, se ao home apto non se lle prohibe o exercicio dunha profesión porque hai algúns ineptos, por que non se pode facer o mesmo coa muller? Dirase que a ineptitude nela é máis xeral? Aínda que isto se probase, non se razoaría a opinión nin se xustificaría o feito de vedar o exercicio das facultades intelectuais a quen as teña. Supoñamos que non hai en España máis ca unha muller capaz de aprender medicina, enxeñería, farmacia, etc. Esa muller ten tanto dereito a exercer esas profesións como se houbera dez mil á súa altura intelectual. Porque o dereito nin se suma nin se multiplica, nin se divide; está todo en todos e cada un dos que o teñen e entre as aberracións xurídicas non se veu a de negar o exercicio dun dereito porque sexa curto o número dos que puidesen ou quixesen exercitolo.
C. Arenal: *A educación da muller*, 1892

DOC. 9: O programa da Asociación Nacional de Mulleres Españolas (1918)

- 1.-Opoñerse, por cantos medios estean ao alcance da Asociación, a todo propósito, acto ou manifestación que atente contra a integridade do territorio nacional. [...]
- 4.-Considerar á muller elixible para cargos populares públicos. [...]
- 6.-Detido exame dos dereitos que corresponden á muller no vixente Código Civil para demostrar a súa condición precaria e solicitar da Comisión de Códigos a reforma daqueles artigos que moi especialmente se refiren ao matrimonio, á patria potestade e á administración de bens conxugais.
- 6.-Demandar para a muller o dereito de formar parte do Xurado, nomeadamente nos delitos cometidos polas do seu sexo ou nos que sexa vítima. [...]
- 10.-Os mesmos dereitos sobre os fillos que o pai no matrimonio legal. [...]
- 12.-Personalidade xurídica completa para a muller [...]
- 14.-Igualdade na lexislación sobre o adulterio. [...]
- 18.-Castigo aos malos tratos á muller, aínda que non cheguen a pór en perigo a súa vida. [...]
- 27.-Dereito a ascender nos destinos que xa exerce nas mesmas condicións e coa mesma remuneración co home. [...]

DOC. 10: A anarquista Teresa Claramunt rexeita a denominación "sexo débil".

"Se existíssemos na época na que a forza muscular era signo de poder ao que se sometían os de débil construción orgánica, claro está que as mulleres seríamos inferiores xa que a Natureza tivo o capricho de someternos a certos períodos que debilitan as nosas forzas musculares e fan que o noso organismo sexa máis propenso á anemia. Mas hoxe, por fortuna, ningún poder, ningún valor se lle recoñece á forza muscular. Na orde política, unha muller feble, un neno enfermizo, un neurótico, un tísico ou un sífilítico son elevados pola ignorancia aos máis altos sitios do poder para dirixir dende alí a nave do Estado. Na orde moral, a forza mídese polo desenvolvemento intelectual, non pola forza dos puños.
Sendo así, por que se debe seguir a chamarnos sexo débil?
[...] O cualificativo "débil" semella inspirar desprezo, como moito compaixión. Non, non queremos inspirar tan desprezativos sentimentos, a nosa dignidade como seres pensantes, como media humanidade que constituímos, esixe que nos intereseamos máis e máis pola nosa condición na sociedade. No obradoiro explótase nos máis co home, no fogar doméstico temos que vivir sometidas ao capricho do tirano marido [...]. Eu creo que non se pode afirmar a nosa inferioridade sempre que se nos teña ás mulleres nun reducido círculo, dándonos por única instrución un conxunto de parvadas, sofismas e supersticións que máis ben atrofan a nosa intelixencia [...]. Homes que se apellidan liberais hai moitos. Partidos do máis avanzado en política non faltan. Pero nin os homes por si nin os partidos políticos avanzados se preocupan o máis mínimo da dignidade da muller. Non importa. A fermosa acracia, esa idea magna, fará xustiza á muller; para ela non existe raza, cor, nin sexo. [...]"

"A la mujer", artigo publicado en *La Fraternidad*, de Gijón, 1899.

dificultou os avances. As conquistas acadadas durante a breve experiencia republicana (voto, igualdade legal), foron borradas durante a longa ditadura franquista e só foron recuperadas na Transición democrática.

O franquismo.

A política económica e as súas consecuencias

O final da Guerra Civil foi seguida por unha **prolongada depresión económica**, atribuída polo réxime franquista aos danos provocados polo conflito, ao illamento internacional e ás adversas condicións climatolóxicas (a *pertinaz sequía*). Sen embargo, estas circunstancias non explican a gravidade e duración dos problemas económicos da posguerra. Os países europeos que sufriron os desastres da Segunda Guerra Mundial tardaron apenas cinco anos en recuperar os niveis económicos anteriores ao conflito. España necesitou quince [DOC. 1].


No caso español, as **destrucións** só foron importantes nos transportes, nas infraestruturas e, localmente, na vivenda. A cabana gandeira resentíuse pero os danos sufridos pola agricultura, a industria e a minería foron escasos. Certamente os **problemas financeiros** derivados do conflito (perda das reservas internacionais, endebedamento, problemas monetarios) foron importantes. Pero, globalmente, as perdas foron moi inferiores aos dos países afectados pola Segunda Guerra Mundial.

Cómpre destacar o **custo humano da guerra**: aos centos de miles de mortes provocadas polo enfrontamento militar, da represión, da fame e das enfermidades hai que sumar as derivadas do exilio. A poboación penitenciaria acadou cifras desproporcionadas. O exilio e as depuracións políticas da posguerra significaron a **perda dun capital humano insubstituíble**. O baleiro deixado polos científicos, técnicos, intelectuais e docentes republicanos foi ocupado por elementos afectos ao réxime que, en boa parte dos casos, carecían da cualificación necesaria.

Os illamento internacional e o intervencionismo autárquico foron o resultado das opcións tomadas polo propio réxime. As súas negativas consecuencias hai que cargalas no seu debe. Só os problemas internos e a virtual quebra exterior forzaron a finais dos anos 1950 un xiro na política económica que posibilitaría o rápido crecemento económico experimentado entre 1960 e 1973.

A etapa autárquica (1939-1959).

A Guerra Civil interrompera a modernización socioeconómica do primeiro terzo do século XX. As autoridades franquistas practicaron nos comezos do réxime unha **política económica**



Fonte: BARCIELA, C., "Los años del hambre", *El País*, 5-II-2012.

Unha cartilla de racionamento de 1945



por Falconaumanni [CC-BY-SA-3.0], dende Wikimedia Commons.

autárquica. As receitas do nacionalismo económico dominantes dende finais do século XIX víronse reforzadas primeiro polo exemplo dos admirados modelos fascistas italiano e alemán e, dende 1945, polo illamento internacional do réxime.

Para conseguir o obxectivo autárquico, o **intervencionismo económico estatal** avanzou de xeito significativo:


- ◆ Introduciuse un **completo control do comercio exterior**: as importacións dependían de licenzas concedidas polo Ministerio de Industria e Comercio e tódolos pagos internacionais foron controlados polo Instituto Español de Moeda Estranxeira para impedir a fuga de divisas.
- ◆ Promoveuse unha **política de expansión industrial** tendente á conseguir a autosuficiencia que privilexiou a industria pesada sobre a produción de bens de consumo.
- ◆ Creouse un **amplísimo sector empresarial público**. Numerosas empresas (as compañías ferroviarias, a CTNE, o Banco de España...) foron nacionalizadas. E 1941 foi establecido o **Instituto Nacional de Industria** [DOC. 2] para impulsar a industrialización do país coa creación de empresas en sectores considerados estratéxicos: ENDESA e ENCASO no sector enerxético; SEAT e ENASA na automoción, ENSIDESA na siderurxia; EN Bazán na construción naval... [DOC. 3]
- ◆ O **sector agrario foi intervindo**: os agricultores foron obrigados a vender boa parte da súa produción a prezos fixados oficialmente a organismos oficiais (SNT, CNAT), que procedían á súa comercialización, mentres mantiñase o racionamento coa intención de garantir o abastecemento dunhas cidades esfameadas.

O saldo das políticas económicas practicadas nos anos 1940 foi moi negativo: o avance da produción industrial foi modesto malia os enormes recursos destinados a ela, a produción e


DOC. 2: Decreto de creación do Instituto Nacional de Industria (1941)

É tan grande a contía dos investimentos que require a fabricación de determinados produtos que moitas veces supera o marco no que as iniciativas individuais se desenvolven e, para outras, a marxe de beneficios resulta tan moderada que non ofrece incentivos aos organismos financeiros [...]. Os imperativos da defensa nacional esixen, por outra banda, a creación de novas industrias e a multiplicación das existentes, que permitan protexer os nosos valores raciais co apoio indispensable dunha potente industria.[...]
 Art. 1º. Créase o Instituto Nacional de Industria, entidade de Dereito público que ten por finalidade impulsar e financiar, en servizo da Nación, a creación e xurdimento de novas industrias, en especial das que se propoñen como fin principal a resolución dos problemas impostos polas esixencias da defensa do país ou se dirixan ao desenvolvemento da nosa autarquía económica.

DOC. 3: Peso do sector público industrial en certas actividades manufactureiras (1959).



DOC. 4: Evolución do PIB español en números índices, 1935-1970 (1935=100)



a produtividade agrícola retrocederon [DOC. 4], os salarios reais, a renda per cápita e os niveis de consumo caeron. Foron os anos do racionamento, a *fame neghra* e o *estraperlo*. As desigualdades medraron escandalosamente. O país viviu un extemporáneo proceso de **reruralización**. Ademais, o presenza da dictadura franquista excluíu a España dos beneficios do *Plan Marshall* (1948-51).

O evidente **fracaso da política autárquica** obrigou a introducir algúns **cambios dende 1951**: permitiuse unha limitada liberalización dos intercambios internacionais, o que facilitou a afluencia de capitais estranxeiros; relaxouse o control do mercado interior e suprimiuse o racionamento en 1952; os acordos hispano-norteamericanos de 1953 incluíron unha pequena pero vital axuda económica estadounidense. A produción e os intercambios medraron. En 1953 recuperáronse os niveis de preguerra. A capacidade de consumo da poboación, que en 1950 era a metade da de 1935, non avanzou do mesmo xeito. Mentres, a inflación e o déficit exterior desbocábanse colocando ao país ao borde da suspensión internacional de pagos. O descontento social medraba e comezaba a manifestarse en múltiples conflitos laborais.

Estabilización e desenvolvemento (1959-1975)

Ante a gravidade da situación económica e social, os tecnócratas do *Opus Dei* convenceron a Franco da necesidade dunha viraxe na política económica [DOC. 5]. Apostaron por unha **política de liberalización** para impulsar o crecemento. O **Plan de Estabilización**, aprobado en 1959, foi o seu punto de partida. Tratouse dun programa de axuste para controlar a inflación e o déficit exterior: devaluación da peseta, contención do gasto público, restrición do crédito, conxelación de salarios, control dalgúns prezos. A curto prazo, o Plan provocou unha importante recesión económica pero posibilitou o saneamento macroeconómico e sentou as bases para o relanzamento da economía española dende 1961.

Entre 1961 e 1974, o PIB español medrou a un ritmo espectacular, un 7% anual de media, o máis elevado entre os países da OCDE agás Xapón. A economía española beneficiouse en diferentes formas dos efectos do prolongado ciclo expansivo vivido polos países occidentais, sobre todo os europeos, dende finais da década de 1940. Entre os **factores** que explican este *milagre económico* podemos destacar:

- ◆ Os **capitais estranxeiros**, procedentes maioritariamente dos EE.UU., Francia e a República Federal Alemá, afluíron


DOC. 5: Laureano López Rodó, tecnócrata do *Opus Dei* e Comisario do I Plan de Desenvolvemento, xustifica a viraxe da política económica franquista a partir de 1959 (1962)

(...) a política estaba aqueixada dunha enfermidade que ten toda a traza de ser incurable: o inmovilismo (...). O Plan de Desenvolvemento, sen embargo, podía ter éxito: había factores externos que empurraban; a economía da Europa occidental estaba en plena expansión e tiraba da nosa. Non podíamos vivir no illacionismo económico, a nosa posible incorporación ó Mercado Común obrigábanos a facer un esforzo para acadar máis altos niveis económicos. Ademais, a evolución económica reclamaba un alto grao de evolución política; a única evolución posible por entón: supresión do intervencionismo e controis, liberalización. Todo o que fixera elevar o nivel de vida contribuíra tamén a dar máis cohesión ó país, a aminorar o risco de malestar, tensións e discordia".

DOC. 6: A emigración exterior, segundo os datos oficiais españois (1951-1980)

Períodos	cara América	cara Europa	TOTAL
1951-60	500.731	31.338	532069
1961-70	232.221	779.592	911.813
1971-80	51.663	447.794	499.457
1951-80	814.839	1.258.724	2.073.563

DOC. 7: Evolución do número de turistas (1950-1975).




masivamente atraídos por unhas condicións moi vantaxosas: man de obra barata, reducidas cargas sociais, baixa fiscalidade, altos beneficios.

- ◆ Os **déficits da balanza comercial** puideron ser compensados coas divisas recibidas por dúas vías: por unha banda, as **remesas enviadas polos emigrantes españois** a Europa occidental (máis de 2.000.000 entre 1950 e 1975 [DOC. 6]; pola outra, os **ingresos derivados do turismo**, que pasou de menos de 1.400.000 de visitantes en 1955 a máis de 30.000.000 en 1973.
- ◆ Un **moderado intervencionismo estatal** concretado nunha protección limitada da industria nacional e na aplicación dos chamados *Plans de Desenvolvemento* (1964-1967, 1968-1971). Estes tiñan un carácter indicativo: sinalaban as prioridades de investimento (sectores, *polos de desenvolvemento* en áreas con escasa tradición industrial) dos recursos públicos e procuraban orientar cara eles os investimentos privados por medio de subvencións, créditos e exencións fiscais.

O crecemento económico foi desequilibrado territorialmente, incrementando as desigualdades entre rexións ricas e pobres, e tivo lugar sen que considerasen os custos sociais e medioambientais dos cambios impulsados. Pero España converteuse nun país industrial e as consecuencias desta mudanza foron transcendentais:

- ◆ Produciuse un **notable aumento do nivel de vida**, sobre todo entre as clases medias urbanas. Formouse unha incipiente sociedade de consumo, co televisor, o automóbil e a lavadora como iconas. Favoreceu tamén unha lenta occidentalización dos gustos e das formas de vida, á que tamén contribuíron a masiva afluencia de turistas e o retorno temporal ou definitivo de moitos emigrantes.
- ◆ Xeráronse **fondas transformacións sociais**:
 - Un **rápido descenso da poboación activa agraria** en favor dos sectores secundario e terciario: o número de campesiños reduciuse notablemente mentres se incrementaba o de traballadores asalariados da industria e os servizos [DOC. 8].
 - A expansión das **clases medias urbanas**.
 - Uns **intensos movementos migratorios** tanto exteriores, cara Europa occidental, como interiores, do campo ás cidades e dende as rexións máis atrasadas (Andalucía, Extremadura, A Mancha, Galicia) cara as máis prósperas (Cataluña, o País Vasco, Madrid, Valencia) [DOC. 9].
 - O **crecemento espectacular da poboación urbana**, que impulsou a

DOC. 8: Evolución da estrutura da poboación activa española (1930-1990).



DOC. 9: Saldos migratorios por comunidades autónomas durante o franquismo (1941-1975).



Fonte: [Viaje por las Ciencias Sociales](#)

construción acelerada na periferia das cidades de novos barrios de escasa cualidade construtiva e urbanística con deficientes dotacións de servizos públicos.

A crise económica internacional comezada en 1973 pecharía o longo ciclo expansivo da economía española e os seus efectos serían moito máis persistentes que na maioría dos países de Europa occidental.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- CASANOVA, J.; GIL ANDRÉS, C.: *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Ed. Ariel, 2012.
- FONTANA, J. (ed.): *España bajo el franquismo*, Barcelona, Ed. Crítica, 2000.
- FUSI, J.P.; PALAFOX, J.: *España, 1808-1996: El desafío de la modernidad*, Madrid, Espasa, 2000.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- RIQUERT PEMANYER, B. de: *La dictadura de Franco*, en VILLARES, R. E FONTANA, J. (ed.): *Historia de España*, Madrid, Marcial Pons-Crítica, 2010.
- SHUBERT, A.; ÁLVAREZ JUNCO, J. (eds.): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*, Madrid, Galaxia Gutenberg, 2018.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.

A situación da muller no século XX

Durante o século XX a vida das mulleres españolas foi cambiando. Mudaron a súa situación xurídica, as condicións materiais da súa existencia, a súa consideración social e mesmo a súa visibilidade. Influíronlles -non hai dúbida- as transformacións socioeconómicas e políticas do país. Pero non foron meros suxeitos pasivos ante o que acontecía. Tamén loitaron, resistiron e fixéronse escoitar, foron protagonistas da loita polos seus dereitos e pola igualdade.

As primeiras décadas do século XX.

A principios do século XX, as mulleres seguían sometidas a unha **sociedade profundamente patriarcal**. Persistía a subordinación e exclusión xurídica: a privación de dereitos políticos, a restrición dos dereitos civís e a tutela masculina.

Os **roles de xénero** estaban estritamente definidos polos valores tradicionais. As **tarefas domésticas** eran considerados como *os seus labores*, pero moitas -case todas nas clases populares- tiñan que **traballar fóra do fogar**. Aínda que as estatísticas oficiais non as contasen moitas veces, eran esenciais nos labores agrícolas. A súa presenza era maioritaria nalgúnas actividades industriais (séctor textil, industria conserveira). Érano tamén nos servizos persoais e no comercio minorista. En xeral, eran especialmente numerosas nos traballos pouco cualificados e peor remunerados. En caso de conflitos laborais ou problemas empresariais, eran as primeiras en seren despedidas.

Durante as primeiras décadas do século XX, a **lexislación específica sobre o traballo feminino** tiña un tón claramente patriarcal e paternalista: pretendíase protexer as mulleres das duras condicións do traballo industrial para poder garantir as mellores condicións para a procreación e o coidado da familia. Nesta liña poderíanse mencionar, entre outras disposicións: a *Lei de Traballo das Mulleres* (1900), encamiñada a protexer as mulleres durante a maternidade, antes e despois do parto; o *Real Decreto sobre o Traballo de Mulleres e Nenos* (1900), que prohibía traballo dominical; a chamada *Lei da Cadeira* (1912), que prohibía o traballo nocturno; as primeiras normas que regulaban o servizo doméstico (1926), etc. O **subsídio de maternidade** foi regulado por primeira vez en 1929 aínda que na práctica a súa aplicación foi mínima. O incumprimento desta lexislación, ante a falla dunha inspección adecuada, foi xeralizado. Significativamente, do Instituto de Reformas Sociais, organismo fundamental da política laboral española entre 1903 e 1924, non formou parte ningunha muller nin pola representación obreira nin pola patronal.

Dende comezos do século XX comezan a percibirse en España os ecos do **movemento sufraxista** que se está a desenvolver en Europa e Estados Unidos e que comeza a ver parcialmente recoñecidas as súas demandas en prol dos dereitos políticos e sociais das mulleres a raíz da Gran Guerra. Así, nos primeiros anos do século XX, a **causa feminista e sufraxista** colle certo pulo a través de entidades como a burguesa e inicialmente conservadora *Asociación Nacional de Mulleres Españolas*, fundada en 1918, e publicacións como o *Mundo Femenino*, voceiro dela. O seu programa recollía a petición do dereito de voto para as mulleres, a reforma dos códigos penal (adulterio, prostitución) e civil (igualdade dos cónxuxes ante a lei, recoñecemento da capacidade legal plena para as mulleres), a condena da violencia contra as mulleres, a igualdade salarial e o acceso igualitario á educación e á función pública. Algúns grupos ligados ás organizacións obreiras, aos partidos republicanos e nacionalistas e mesmo a algúns círculos católicos comezaron a facerse eco destas demandas. Nestes marcos destacou o labor intelectual e o activismo feminista dalgunhas mulleres: a obreira anarquista **Teresa Claramunt**, as escritoras socialistas **Margarita Nelken** e **María Cambrils**, as educadoras **Carmen de Burgos** e **María de Maeztu**, xuristas como **Clara Campoamor** e **Victoria Kent**, etc.

O activismo feiminista contribuíu a ampliar os **horizontes educativos** das mulleres no primeiro terzo do século XX. Certo que as normas que establecían a **escolaridade obrigatoria** ata os 12 anos (1909) e regulaban a **coeducación** (1912) tiveron unha aplicación limitada, como certificaban as **altas taxas de analfetismo feminino**. Ampliáronse as posibilidades de **ensino profesional**, moi ligadas -iso si- ao exercicio dos tradicionais roles de xénero (matrona, institutriz, enfermeira, taquígrafa, mecanógrafa...). Tamén o fixeron as posibilidades de acceso ao ensino superior: dende 1910 xa non foi preceptiva o permiso das autoridades académicas para matricularse na Universidade. Ademais, a **Xunta de Ampliación** de Estudos, creada en 1907 baixo os auspicios da Institución Libre de Enseñanza, posibilitou o acceso das mulleres en iguais condicións aos homes as bolsas de estudo no estranxeiro. Este organismo foi tamén o promotor da **Residencia de Señoritas** en 1910, dirixida por **María de Maeztu**, cunha finalidade semellante á da famosa Residencia de Estudantes. Con moito esforzo e o apoio institucionista, algunhas **pioneiras** conseguiron visibilidade na vida universitaria e cultural, mesmo dentro das vangardas artísticas (Rosa Chacel, María Zambrano, María Teresa León, Maruja Mallo, María Blanchard). Eran as **modernas**.

Paseniñamente, chegaron algúns cambios. Durante a **Ditadura de Primo de Rivera**, o **Estatuto Municipal** (1924) incluía un apéndice que permitía incluír no censo electoral ás mulleres maiores de 23 non suxeitas á patria postestade, autoridade marital ou tutela do Estado e lles permitía postularse para cargos políticos. Mulleres houbo que aproveitaron estas posibilidades: algunhas foron designadas **concelleiras**, sete foron **alcaldesas** durante a Ditadura, como a mestra **Concepción Pérez**, alcaldesa de Portas (Pontevedra) entre 1925 e 1930. Tamén 15 mullers formaron parte da Asemblea Nacional Consultiva de 1927.

A Segunda República.

A **Segunda República** foi un período de significativas transformacións sociais e políticas. Nas eleccións constituíntes de 1931, as mulleres non puideron votar, pero si podían ser elixidas. Naquelas Cortes, dun total de 470 compoñentes, había **3 mulleres**: **Clara Campoamor**, do Partido Radical; **Victoria Kent**, do Partido Radical Socialista; e a socialista **Margarita Nelken**. A Constitución de 1931 proclamou a **igualdade xurídica** entre homes e mulleres e estendeu a elas o dereito de voto sen ningunha restrición. A defensa ardente do sufraxio feminino por parte de Clara Campoamor contrastou coa posición de Victoria Kent, quen temía a posible orientación conservadora e antirrepublicana do **voto feminino**. Finalmente, o voto feminino foi aprobado por 161 votos a favor, 121 en contra e 188 abstencións.

As **reformas lexislativas** estableceron a **igualdade entre os cónxuxes**, o **matrimonio civil** e o **divorcio**. Curiosamente, máis da metade das demandas de divorcio foron emprendidas por mulleres. No ámbito educativo, as reformas republicanas **reduciron o analfabetismo feminino**, promoveron o **ensino mixto e a coeducación** e ampliaron as posibilidades de acceso ao ensino medio e superior. A lexislación laboral introduciu o **seguro obrigatorio de maternidade**. Un decreto de 1935 declarou ilícita a **prostitución**.

A intensa mobilización política do período republicano fixeron medrar o **interese por organizar ás mulleres** dende as diferentes opcións políticas. Á Unión Republicana de Mulleres impulsada por Clara Campoamor (1931) uníronse a Agrupación Socialista Feminina, o comunista Comité de Mulleres contra a Guerra e o Fascismo, a anarquista Mulleres Libres. Na dereita destacaron tanto a CEDA, como Renovación Española, a Comunión Tradicionalista e a Falanxe crearon as súas respectivas seccións femininas.

Tras o comezo da **guerra civil**, na **zona leal á República**, a revolución social vivida no verán de 1936, trastocou temporalmente os roles de xénero. Algunhas mulleres, non

moitas, incorporáronse ás milicias nas primeiras semanas. A reconstrución do Estado e a organización do Exército Popular da República devolveunas á retagarda.

Singular foi o papel da organización anarquista **Mulleres Libres**, que acadou as 20.000 afiliadas. Destacaron pola a súa defensa dun sistema social baseado no **comunismo libertario**, a afirmación da existencia dunha **problemática feminina específica** e a defensa da **igualdade total entre homes e mulleres**. As mulleres anarquistas amosaron tamén un especial interese pola **anticoncepción**, que consideraban un arma para a liberación da muller. Foi a libertaria **Federica Montseny**, a primeira muller en acceder en España ao cargo de ministra (de Sanidade e Asistencia Social) no goberno de Largo Caballero, quen tratou de regular o **aborto**, pero non conseguiu o apoio dos seus compañeiros de gabinete para estender a todo o territorio español a norma aprobada polo goberno da Generalitat en 1937.

O franquismo.

Na **zona sublevada**, a instauración da ditadura franquista, apoiada pola Igrexa católica e os sectores sociais máis conservadores, significou un **retroceso na visibilidade da muller e nos avances acadados** non só durante a República senón tamén nas décadas anteriores. O fascismo e o catolicismo tradicional inspiradores do réxime plasmáronse nun modelo de muller submisa á autoridade patriarcal, ao servizo da familia, da patria e da Igrexa. A **Sección Feminina** da Falanxe, encabezada por **Pilar Primo de Rivera**, encadrou a miles de mulleres e desempeñou durante a guerra un labor fundamentalmente asistencial, enxalzando virtudes como a obediencia e a abnegación.

Suprimíuse decontado a coeducación nos centros de ensino. Consonte ás directrices da Igrexa católica quedaron **prohibidos, o divorcio, os anticonceptivos e o aborto**. As mulleres volveron quedar sometidas á tutela legal do pai ou do marido, condenadas a cumprir co papel tradicional de esposa e nai. Traballar era incompatible con estas funcións.

Contra as intencións dos xerarcas do réxime, a **etapa desarrollista** dos anos 1960 e comezos dos 1970 forzou algunhas mudanzas significativas. A crecente demanda de man de obra aumentou as posibilidades de ter un **traballo remunerado**, aínda que fose en condicións desfavorables respecto aos varóns. O **proceso de urbanización** contribuíu a debilitar as estruturas familiares tradicionais o influxo da Igrexa católica. A **emigración ao exterior**, a **chegada de turistas estranxeiras** e a **difusión de novas formas de lecer** puxo de relevo o atraso e a represión moral existente. A **expansión da educación superior** posibilitou a chegada á universidade dun maior número de mulleres. A comezos dos anos 1970 xa superaban un terzo do estudantado. Neste contexto o **feminismo** vai abríndose paso na clandestinidade: en 1965 constitúese en Barcelona o Movemento Democrático de Mulleres ligado ao Partido Comunista.

A transición e a consolidación democráticas.

As **condicións sociais da poboación feminina** experimentaron unha transformación fundamental dende mediados dos 1970. España, como outros países da Europa meridional, incorporouse dende aquela á corrente de acelerada **diminución da nupcialidade e da fecundidade**. A **expansión do sistema educativo**, facilitada polo despregamento da Lei Xeral de Educación introducida en 1970, posibilitou a escolarización da práctica totalidade da poboación feminina e un espectacular aumento da presenza feminina na educación secundaria e superior. A **incorporación ao mercado do traballo**, freada pola crise económica dos anos 1970, medrou dende aquela de xeito imparable. Certo que persisten as desigualdades salariais e as posibilidades de promoción (o *teito de cristal*).

A **Constitución de 1978**, coa excepción relevante da sucesión á Coroa, **eliminou tódalas diferenzas xurídicas** entre homes e mulleres. Desapareceron tamén tódolos atrancos legais á participación da muller como electora activa e pasiva e produciuse a súa incorporación ao Exército e ás forzas de seguridade.

O ano 1975, declarado pola ONU Ano Internacional da Muller, propiciou a convocatoria dun gran número de actos, campañas e reunións internacionais. Este marco internacional propiciou a celebración en Madrid no mes de decembro deste ano das Xornadas Nacionais pola Liberación da Muller, o primeiro encontro feminista de alcance estatal que se celebraba en España. Esta e outras reunións sinalaron o comezo dun período de expansión do movemento feminista.

En 1978, mentres se debatía o texto constitucional, **derrogábanse os artigos do Código Penal relativos ao adulterio e o amancebamento**, definidos de xeito claramente discriminatorio para a muller, e **despenalizábase a venda e divulgación de métodos anticonceptivos**. Os avances legais profundizaríanse nos anos 1980. Establécese a **igualdade entre o marido e a muller** tanto no réxime económico como na patria potestade sobre os fillos (1981), aprobase o **divorcio** (1982) e despenalízase o **aborto** (1985) en só tres supostos (malformación do feto, perigo para a vida da nai, embarazos resultado de violación). O **Instituto da Muller**, creado en 1983, converteuse nunha eficaz ferramenta para promover a igualdade de xenero e deseñar políticas específicas neste eido.

Nun contexto formalmente igualitario, as mulleres e o movemento feminista deben seguir loitando en prol da igualdade salarial, dos dereitos reprodutivos e da fin da violencia de xénero e contra a desigualdade salarial e enfrentarse á pervivencia de vellos esterreotipos de xénero, á desigualdade salarial e en contra da desigualdade salarial e de oportunidades.

Malia os avances, a loita non rematou e tampouco todas as batallas están gañadas. As batallas culturais emprendidas por sectores ultraconservadores xa conseguiron vitorias lexislativas nalgúns países e permitiron o aliñamento de sectores significativos da opinión pública.

A Transición e a consolidación de democracia.

Coa morte de Franco (29-XI-1975) e a proclamación de Juan Carlos I como rei, o longo ciclo histórico da ditadura franquista semellaba chegar ao seu fin. O tránsito da ditadura franquista a un réxime democrático sería o resultado dun longo proceso ao que moitos poñen como remate a chegada do Partido Socialista ao poder en 1982. Non obstante, dende o punto de vista normativo, a cerna del situárase entre a aprobación da Lei para a Reforma Política (1976), a última lei fundamental do franquismo que abría o camiño ás primeiras eleccións formalmente democráticas, e promulgación do novo texto constitucional (1978)

O marco histórico

O cambio político español tivo lugar nunhas condicións históricas moito máis favorables para a instauración dun sistema democrático cás que condicionaran o devir histórico da Segunda República:

- A **situación internacional** era moito máis propicia. En 1975, a ditadura franquista era, logo da **caída das ditaduras grega e portuguesa** (1974) unha desgrazada excepción en Europa occidental. Ademais, a persistencia do réxime ditatorial supuña un **freno á plena integración española no mundo occidental** (CEE, OTAN), que pretendía amplos sectores das elites políticas e económicas do país. Calquera avance neste sentido esixía unha homologación política cos países do contorno. Por outra banda, os **avances na distensión e na coexistencia pacífica** entre os dous bloques político-militares enfrontados na guerra fría durante os anos 1970 ofrecían mellores posibilidades para o cambio político das que existentes nas décadas precedentes.
- Os **cambios sociais, económicos e culturais** experimentados polo país nos anos do *desarrollismo* (mellora do nivel de vida, occidentalización dos costumes, expansión das clases medias, progreso da protección social...) permitiron que o impacto da crise económica dos anos 1970 non d rivase nunha conflitividade social tan intensa como a vivida nos anos 1930.
- As **mudanzas experimentadas polo Estado franquista** (expansión do sector público, modernización da administración) non semellaba suficientes para responder ás demandas dunha sociedade que xa non tiña nada que ver coa de 1939.

Semellaba, polo tanto, que o país estaba en 1975 preparado para un cambio democrático. Así o dicían xa os estudos de opinión. Non obstante, a **lembianza da guerra civil e da posguerra**, mantida viva polo réxime, seguía pesando en amplos sectores da poboación. O peso dos sectores inmobiliarios en moitas institucións clave, singularmente no exército, era aínda notable e o temor a eles aínda o era máis. De aí o **importante papel que podía desempeñar o novo xefe do Estado** como encarnación da continuidade institucional co réxime anterior e, dalgún xeito, da tradición

Proclamación de Juan Carlos I como Rei ante as Cortes franquistas (27-XI-1975)



por HaT59 [CC-BY-SA-4.0], dende Wikimedia Commons

monárquica. Todo isto había condicionar notablemente o marco de oportunidades e as decisións dos principais actores políticos.

A agonía do franquismo.

Dende finais da década de 1960, a **decadencia física de Franco**, agravada pola enfermidade de Parkinson, era visible para todos e cumpría acelerar os plans para asegurar a continuidade institucional do réxime. As **divisións no seo da clase política** franquista entre aperturistas (Fraga, Solís) e inmovilistas (a vella garda falanxista, representada por Arrese e Girón, sectores ultracatólicos, militares intransixentes, neofascistas) saltou á luz pública. As tensións internas estouraron a raíz do **escándalo MATESA** (1969): a dirección desta empresa industrial, ben conectada co Opus Dei e cos círculos tecnocráticos, recibira fraudulentamente cuantiosos créditos oficiais. As irregularidades foron aireadas pola prensa oficial, instigada dende o goberno por Fraga e Solís. O vicepresidente do goberno, o almirante Luís Carrero Blanco pediu a Franco unha completa remodelación do goberno. Esta saldouse coa saída dos ministros aperturistas e a formación do chamado **gobierno monocolor**, dominado polos tecnócratas do Opus Dei.

Nos primeiros anos da década de 1970, os **problemas** multiplicábanse. Os conflitos laborais agudizáronse e a actividade da oposición acrecentouse. Sectores do clero e da xerarquía católicas arredábanse visiblemente da ditadura. As accións armadas de ETA e FRAP desafiaban abertamente ao réxime. O 20 decembro de 1973, Carrero Blanco, que acababa de ser designado presidente do goberno e personificaba as intencións de perpetuarse do réxime, foi asasinado nun atentado da ETA. Franco, sorprendentemente, acabou nomeando para sucedelo ao ministro de Gobernación, Carlos Arias Navarro. As súas iniciais promesas aperturistas, plasmadas no chamado **espírito do 12 de febreiro**, foron desmentidas axiña pola resposta represiva á explosión de conflitos e á ameaza terrorista.

Malia as protestas e a condena internacional, o 27 de setembro de 1975, foron executadas as últimas sentenzas de morte da ditadura sobre tres membros do FRAP e dous de ETA. A penas dous meses despois de ratificar as súas condenas, o 20 de novembro, morreu Franco.

O rei de Marrocos Hassán II aproveitaba a delicada situación política española para revitalizar as vellas reivindicacións nacionalistas marroquís sobre o Sahara Occidental promovendo a **sonada marcha verde** sobre o territorio colonial español.

DOC. 1: Discurso de Juan Carlos ante as Cortes franquistas na súa proclamación como Rei (27-XI-1975).

Como Rei de España, título que me confiren a tradición histórica, as Leis Fundamentais do Reino e o mandato lexítimo dos españois, hómome en dirixirvos a primeira mensaxe da Coroa [...] Unha figura excepcional entra na historia, o nome de Francisco Franco será xa un fito no acontecer español [...] Con respecto e gratitude quero lembrar a figura de quen durante tantos anos asumiu a pesada responsabilidade de conducir a gobernación do Estado [...]

Hoxe comeza unha nova etapa da historia de España. Esta etapa, que habemos recorrer xuntos, iniciase na paz, o traballo e a prosperidade, froito do esforzo común e da decidida vontade colectiva. A Monarquía será fiel gardián desta herdanza e procurará manter en todo momento a máis estreita relación co pobo [...] Unha orde xusta, igual para todos, permite recoñecer dentro da unidade do Reino e do Estado as peculiaridades rexionais, como expresión da diversidade dos pobos que constitúen a sagrada realidade de España. O Rei quere selo de todos a un tempo e de cada un na súa cultura, na súa historia e na súa tradición.

O primeiro goberno de Juan Carlos I.

Carlos Arias, o presidente, e Manuel Fraga, ministro da Gobernación, flanquean ao monarca



Fonte: Cervantes Virtual.

Os efectos da **crise económica mundial** comezada en 1973 chegaron a España poñendo fin ao *milagre español*. Poida que a propia conciencia de falta de lexitimidade fixese que o goberno non tomase medidas impopulares naquel momento. Non se optou, como a maioría dos países de Europa occidental, por políticas de axuste. Mantívose, en termos comparativos, o crecemento económico e a suba do desemprego foi moderada, pero os desequilibrios da economía española (déficit exterior, inflación) agraváronse. A suba dos índices de paro dende 1976 había ser constante e a recuperación moito máis tardía ca nos países da nosa contorna.

O futuro ofrecía moitos interrogantes. Á morte de Franco, moitos franquistas comezaban a buscar un novo acomodo político. Non foron raros os que comezaron a declararse *demócratas de toda a vida*. As enquisas de opinión sinalaban un crecente e maioritario apoio da poboación á democracia. Ficaban moitos conflitos e problemas por resolver e axexaba a pantasma da recesión económica.

O primeiro goberno da monarquía.

Unha vez proclamado Rei **[DOC. 1]**, Juan Carlos confirmou na presidencia do goberno a **Arias Navarro**. Este formou un **gabinete heteroxéneo** no que destacaban algúns ministros reformistas (Areilza, Garrigues, Fraga, Osorio). Así mesmo, o Rei promoveu a presidente das Cortes e do Consello do Reino a un home da súa confianza, o tamén reformista Torcuato Fernández Miranda.

Malia a presenza dos reformistas, a política governamental caracterizouse por un **continuismo** que non contentou nin aos sectores inmovilistas do réxime nin á oposición democrática. A **represión governamental**, dirixida fundamentalmente contra as organizacións comunistas e nacionalistas radicais, non cedeu e ía ter consecuencias dramáticas. En marzo de 1976, os **sucesos de Vitoria** **[DOC. 2]**, onde unha protesta laboral e o enfrontamento entre policía e manifestantes se saldou con 5 mortos e numerosos feridos, desacreditaron as supostas intencións reformistas.

Mentres, avanzaba o **proceso unitario da oposición democrática**, que culminou polas mesmas datas coa formación da *Coordinación Democrática*, coñecida como a **Plataxunta**. As mobilizacións populares (manifestacións políticas, protestas laborais) intensificáronse co obxectivo de debilitar ao goberno e avanzar cara a *ruptura democrática*.

DOC. 2: Os sucesos de Vitoria, segundo algunhas gravacións sonoras (3-III-1976).

*A POLICÍA: Non podemos desalojar. Non podemos desalojar porque esta ateigada de tios jateigada de tios! Por fóra os temos [...] rodeados de persoal! Imos ter que empregar as armas. Cambio.
-Gaseade a igrexa. Cambio.*

UN ASISTENTE Á ASEMBLEA: Comezaron a caer bombas de fume. A primeira caeu nun confesionario e logo seguiron chovendo bombas e bombas. Non sei se serían 10 ou 12. A xente púxose moi nerviosa, pero non podíamos movernos coa cantidade de xente que había aquí. O primeiro que se fixo foi romper tódolos cristais para poder respirar. A xente comezou a saír da igrexa, pero os que estaban foron, que non puideran entrar, ao ver que nos estábamos asfixiando, empezaron a tirar pedras á policía. Ao saír a xente da igrexa, a policía empezou a tirar con metralleta.

A POLICÍA: Está toda a igrexa de San Francisco derruída. Manda persoal como sexa. Porque isto é unha hecatombe. Cambio.

-Aquí houbo unha masacre. Cambio. Pero de verdade, unha masacre.

Adolfo Suárez durante unha visita a Arxentina (1981)



Album familiar de C3PO [CC-BY-SA-3.0], dende [Wikimedia Commons](#)

Ante a parálise política, Juan Carlos, quen viña de proclamar ante o Congreso dos EE.UU. o seu compromiso coa democracia, forzou a **demisión de Arias** en xullo de 1976.

O goberno Suárez e o reforma política (1976-1977).

Consonante ás previsións da *Lei Orgánica do Estado*, o Consello do Reino reuniuse para propoñer ao Rei unha terna de candidatos para encabezar o executivo. Fernández Miranda incluíu nela a **Adolfo Suárez**, quen foi finalmente o que recibiu o encargo de formar goberno. Os seus antecedentes políticos (xerarca do Movemento Nacional, director de RTVE, ministro con Arias) suscitaban desconfianza entre boa parte da oposición democrática. Sen embargo, o novo goberno, apoiado polo Xefe do Estado e presionado pola mobilización opositora, ía impulsar cambio partindo da institucionalidade franquista. Nisto consistiu a chamada **reforma política**.

Na súa declaración programática, Suárez referiuse á soberanía popular, á convocatoria de eleccións xerais e á concesión dunha amnistía para os presos políticos non condenados por delitos de sangue [DOC. 3]. Estes termos serían favorablemente recibidas pola opinión pública e mesmo, con algunhas reticencias, por parte dos antifranquistas. A estratexia reformista do goberno Suárez só era factible se se cumprían dúas premisas:

- Por unha banda, había que **neutralizar os sectores inmovilistas do réxime** conseguindo o apoio ou, polo menos, a non oposición da maioría dos franquistas e dos chamados *poderes fácticos* (Exército, Igrexa, élites económicas), nomeadamente dos militares. Neste sentido sería moi valiosa a xestión do ministro do Exército, o tenente xeneral Gutiérrez Mellado, e o papel do Rei, nun momento en que as accións terroristas de ETA e GRAPO buscaban encerrar ós militares descontentos.
- Pola outra, cumpría **asegurar o apoio dunha parte significativa da oposición antifranquista** á reforma política, convencéndoa das súas intencións democratizadoras e da inviabilidade do proxecto rupturista.

Con esta intención elaborouse a *Lei para a Reforma Política* [DOC. 4] segundo o previsto nas leis fundamentais do franquismo. A norma proclamaba a soberanía popular, recoñecía dereitos e liberdades individuais e creaba unhas Cortes bicamerais de elección popular con poderes para modificar as leis fundamentais do réxime franquista. A maioría das Cortes franquistas, no que se coñeceu como o *harakiri*, votou a prol dela. En decembro de 1976, foi

DOC. 3: Discurso de A. Suárez logo de ser nomeado Presidente do Goberno (6-VI-1976).

A meta última é moi concreta: que os gobernos do futuro sexan o resultado da libre vontade da maioría dos españois, e para isto solicito a colaboración de todas as forzas sociais [...]

A Coroa ten a vontade expresa de acadar unha democracia moderna para España, unha democracia na que a liberdade, a xustiza, a participación, a paz e a cultura sexan o froito do esforzo de todos e o resultado do que todos se beneficien.

DOC. 4: A Lei para a Reforma Política (18-XI-1976).

Art. 1º.1.-A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo.

2.-A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 2º. 1.-As Cortes compóñense do Congreso dos Deputados e do Senado.

2.-Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade.

3.-Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos.

Manifestación durante o enterro dos asasinados na rúa Atocha (1977)



Fonte: *El Independiente*.

ratificada en referendo popular por un 75% do censo electoral malia que a maioría da oposición democrática pedira a abstención. Abríase así o camiño reformista cara a democracia, que, nas palabras de Fernández Miranda, debía ir *da lei á lei pasando pola lei*.

O avance veuse complicado seriamente pola constante **provocación dos sectores extremistas** (ultradereita franquista, ETA, GRAPO). A situación chegou a un punto crítico en **xaneiro de 1977**: o tenente xeneral Emilio Villaescusa e o empresario José Luis Oriol foron secuestrado polos GRAPO, elementos ultradereitistas asasinaron 5 avogados laboristas vinculados á CCOO no seu despacho da rúa Atocha de Madrid. Afortunadamente, Oriol e Villaescusa foron liberados pola policía e as masivas manifestacións pacíficas que acompañaron ao enterro dos asasinados en Atocha puxeron de relevo a capacidade do PCE e a madurez e disciplina da súa militancia.

Superada a crise, o goberno Suárez puido dar **novos pasos** que convenceron á maioría da oposición antifranquista das súas intencións democratizadoras:

- Suprimíuse o Tribunal de Orde Pública e disolvéronse o Movemento Nacional e os sindicatos verticais sen levar a cabo, iso si, ningún tipo de depuración nas institucións franquistas.
- Concedeuse unha nova amnistía que incluíu mesmo aos presos implicados en delitos de sangue, incluídos os membros de ETA.
- A maioría dos partidos políticos foron legalizados, incluído o PCE (abril de 1977). Esta decisión había provocar unha enorme crispación en medios militares e a dimisión do ministro de Mariña, o almirante Pita da Veiga.

En **política exterior**, o goberno Suárez asinou diversos convenios internacionais sobre dereitos humanos e estableceu relacións diplomáticas coa URSS, os países do bloque socialista e México. Paralelamente abríronse as negociacións para conseguir o ingreso na Comunidade Económica Europea (CEE).

A Constitución de 1978.

Finalmente, convocáronse **eleccións xerais** previstas na *Lei para a Reforma Política*. A normativa electoral establecía a provincia como circunscrición electoral e introducía un sistema proporcional baseado na chamada lei D'Hondt, corrixido pola sobre representación asegurada ás provincias rurais menos poboadas e máis conservadoras. Os trazos daquela norma provisional seguen a configurar a lexislación electoral actual.

As eleccións celebráronse o 15 de xuño de 1977. Os resultados deron á vitoria á *Unión de Centro Democrático* (UCD), unha coalición liderada polo propio Suárez e creada *ad hoc* dende o goberno, que seguía a controlar os principais resortes da administración e os medios de comunicación públicos, incluída a única televisión. O PSOE, encabezado por Felipe González quedou en segundo lugar. A considerable distancia ficaron o PCE de Santiago Carrillo, a *Alianza Popular* (AP) de Manuel Fraga e o *Partido Socialista Popular* do catedrático Enrique Tierno Galván. O PNV, liderado por Xavier Arzalluz, e o *Pacte Democràtic de Catalunya*, coalición encabezada por Jordi Pujol, obterían excelentes resultados nos seus respectivos territorios. A falta de maioría absoluta e o equilibrio esquerda-dereita contribuíron ao **consenso**, convertido en lema da transición, e que tería como expresión máis acaída na nova lei fundamental.


Con vistas á convocatoria de eleccións previstas na *Lei para a Reforma Política*, elaborouse unha normativa electoral, negociada cos partidos da oposición. Establecíase a provincia como circunscrición electoral e un sistema proporcional baseado na chamada *lei D'Hondt* e corrixido pola sobre representación que aseguraba ás provincias rurais menos poboadas e máis conservadoras do interior.

As primeiras eleccións democráticas habidas en España dende 1936 tiveron lugar o 15 de xuño de 1977. Os resultados deron a vitoria á *Unión de Centro Democrático* (UCD), unha coalición creada rapidamente *ad hoc* baixo o liderato de Suárez e dende o propio goberno, que seguía a controlar tódolos resortes da administración e os medios de comunicación oficiais, incluída TVE. O segundo lugar foi para o PSOE, encabezado por un novo Felipe González. A considerable distancia ficaron o PCE, encabezado por Santiago Carrillo; a *Alianza Popular* (AP) de Manuel Fraga, que agrupaba a numerosos nostáxicos do franquismo; e o *Partido Socialista Popular* (PSP) do veterano catedrático universitario Enrique Tierno Galván. O PNV, liderado por Xavier Arzalluz, e o *Pacte Democràtic de Catalunya*, coalición encabezada por Jordi Pujol, obterían excelentes resultados nos seus respectivos territorios [DOC. 5]. A falla de maioría absoluta e o equilibrio esquerda-dereita fixeron da necesidade virtude e contribuíron ao **consenso**, palabra convertida en lema da transición e que tería como expresión máis acaída a nova lei fundamental.

A redacción do proxecto constitucional foi encomendada a unha ponencia formada por 7 deputados (3 da UCD, 1 do PSOE, 1 do PCE-PSUC, 1 de AP e outro máis do PDC), os logo chamados *pais da Constitución* [DOC. 6]. Tras ser debatida e votada polas Cortes, a Constitución foi sometida á referendo popular o 6 de decembro de 1978. Participou o 67'1 % do censo electoral, menos do previsto, e o 87'8 % dos votos foi positivo. Sen embargo, no País Vasco, a abstención, posición postulada polo PNV, superou o 50% do censo.

A **Constitución de 1978** establecía como forma de unha monarquía parlamentaria. Do seu contido cómpre destacar [DOC. 7]:

DOC. 1: Composición do Congreso dos Deputados resultante das eleccións xerais de 1977 e 1979.



DOC. 6: Os membros da ponencia constitucional (1978).



En pé, de esquerda a dereita: Gabriel Cisneros, Jose P. Pérez Llorca e Miguel Herrero de Miñón (UCD). Sentados: Miquel Roca (PDC), Manuel Fraga (AP), Gregorio Peces-Barba (PSOE) e Jordi Solé Tura (PCE-PSUC).

DOC. 7: A Constitución de 1978.

Art. 1.1.-España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito [...]

1.2.-A soberanía nacional reside no pobo español do que emanan tódolos poderes do Estado.

1.3.-A forma de goberno do Estado español é a Monarquía parlamentaria.

Art. 2.-A Constitución fundáméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de tódolos españoles e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Art. 3.1.-O castelán é a lingua española oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.

3.2.-As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas [...]

Art. 66.1.-As Cortes Xerais representan ao pobo español e están formadas polo Congreso dos Deputados e o Senado.

66.2.-As Cortes xerais exercen a potestade legislativa do Estado, aproban os seus Orzamentos, controlan a acción do Goberno [...]

Art. 97.-O Goberno dirixe a política interior e exterior [...] Exerce a función executiva e a potestade regulamentaria consoante á Constitución e ás leis.[...]

Art. 117.1.-A Xustiza emana do pobo e se administra en nome do Rei por Xuíces e Maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes [...] sometidos unicamente ao imperio da lei [...]

Art. 137.-O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúa. Todas estas entidades gozan de autonomía [...]

Disposición adicional 1ª.-A Constitución ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais[...]

- ◆ A proclamación da **Soberanía Popular**, atribuída en exclusiva ao pobo español.
- ◆ Un **amplo recoñecemento de dereitos e liberdades individuais**: ademais, dos tradicionais dereitos cívicos e políticos dun sistema liberal, o texto inclúe unha ampla relación de dereitos sociais e culturais. De aí que se defina España como un *Estado Social e Democrático de Dereito*. A sempre conflitiva cuestión relixiosa resolveuse por medio dunha declaración de aconfesionalidade do Estado que ía cadrar moi mal cos privilexios recoñecidos á Igrexa católica nos acordos coa Santa Sede asinados en xaneiro de 1979.
- ◆ Unha **estrita división de poderes**: o **poder legislativo** reside nunhas Cortes bicamerais (Congreso e Senado), representantes da Soberanía Popular; o **poder executivo**, que corresponde ao Goberno cun Presidente é elixido polo Congreso e sometido ao control das Cortes; o **poder xudicial reside nos tribunais de xustiza**. Sen embargo, na práctica, o funcionamento do sistema político había outorgar unha evidente primacía ao poder executivo: o legislativo ficara subordinado frecuentemente a el e o xudicial sometido a constantes interferencias.
- ◆ A definición de dúas **institucións moderadoras**: a Coroa, que asume un papel simbólico e representativo da unidade do Estado; e o Tribunal Constitucional, encargado de velar polo respecto dos principios constitucionais e de arbitrar nos conflitos entre os diferentes poderes e administracións do Estado.
- ◆ Unha **organización territorial do Estado** que rompía co centralismo franquista e lembraba ao modelo *integral* republicano, o *Estado das Autonomías*. A Constitución define no seu título VIII os procedementos para a conformación das Comunidades Autónomas e un reparto de competencias entre estas e a Administración Central non uniforme xa que, en principio, diferencia entre rexións e nacionalidades históricas (País Vasco, Cataluña e Galicia) e entre comunidades de réxime foral (País Vasco, Navarra) e de réxime común (o resto).

As Cortes aprobaron tamén unha nova *Lei de Amnistía* (outubro de 1977), que buscaba pasar páxina sobre “os actos de intencionalidade política tipificados como delitos” anteriores ao 15 de decembro de 1976. Os seus beneficios protexían tamén aos responsables da masiva represión franquista, feito que explica a polémica actual sobre a norma.

Mentres se desenvolvía o debate constitucional houbo que afrontar a **grave situación económica e social**. Cumpría poñer fin a unha desbocada espiral inflacionista, recuperar a inversión, reducir o déficit público e restablecer na medida do posible o equilibrio da balanza de pagos. O goberno promoveu unha negociación multilateral na que, ademais do propio executivo, participaron as forzas políticas con representación parlamentaria, os sindicatos e a patronal. O proceso negociador desembocou nos chamados **Pactos da Moncloa**, asinados en outubro de 1977 [DOC. 8]. O seu contido pode resumirse en dous grandes capítulos:

DOC. 8: Os Pactos da Moncloa (25-X-1977).

A economía española atravesaba nestes momentos por unha grave situación caracterizada por tres grandes desequilibrios fundamentais:

- 1º. Unha persistente e aguda taxa de inflación.
 - 2º. Un desenvolvemento insatisfactorio da produción [...], o que xerou unhas cifras de paro elevadas.[...]
 - 3º. Un forte desequilibrio nos intercambios co estranxeiro.
- Os representantes do Goberno e dos diversos partidos políticos con representación parlamentaria manifesan a súa unánime preocupación ante esta situación e o seu desexo de afrontar e resolver construtivamente eses problemas nun clima de cooperación responsable que contribúa á consolidación da democracia. Para isto, conveñen na necesidade de levar a cabo dous grupos de accións: as dirixidas a equilibra a economía con actuacións a curto prazo e as encamiñadas á realización de importantes reformas que encamiñen a economía e a sociedade española cara un futuro de liberdade e progreso.*

- Un **axuste económico a curto prazo** que esixía a contención salarial, a redución do déficit público e a devaluación da peseta.

- A introdución dalgunhas **reformas de maior alcance**: un novo marco de relacións laborais, que sería plasmaría no *Estatuto dos Traballadores* (1980); a liberalización do sistema financeiro; e a modernización do sistema fiscal. A este último obxectivo dirixiuse a reforma tributaria impulsada polo ministro de Facenda, Francisco Fernández Ordóñez, aprobada en novembro de 1977.


Acometeuse tamén, antes mesmo da aprobación da constitución, a reforma da organización territorial do Estado coa posta en marcha dos **réximes preautonómicos**. En Cataluña, a negociación do goberno co *president* no exilio, Josep Tarradellas, posibilitou o restablecemento da *Generalitat*. No País Vasco creouse *ex novo* un *Consello Xeral Vasco* baixo a presidencia do socialista Ramón Rubial. En Galicia, estableceuse unha Xunta preautonómica presidida sucesivamente por dous parlamentarios da UCD, forza daquela amplamente hexemónica na comunidade, Ángel Rosón e José Quiroga.

As eleccións xerais de marzo de 1979 apenas modificaron o panorama parlamentario. Pero os problemas económicos, o desafío terrorista, o malestar castrense e a crise da UCD conduciron a unha grave situación que culminou no golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981.

A crise da UCD.

En marzo de 1979 celebráronse as primeiras **eleccións xerais** baixo a Constitución do 1978. Os comicios non alteraron no esencial o panorama parlamentario. Aumentou a abstención, un feito que boa parte da prensa considerou resultado do **desencanto**, un termo impreciso que, para algúns, aludía a frustración das expectativas de cambio espertadas polo cambio político. O certo é que a UCD, o PCE e os partidos nacionalistas subiron levemente, o PSOE mantívose e AP retrocedeu. Suárez formou un goberno en minoría e houbo de negociar constantemente apoios parlamentarios para sacar adiante as principais disposicións lexislativas, mesmo as leis orgánicas que desenvolvían a Constitución, incluídos os estatutos de autonomía vasco e catalán, que foron consensuados co PSOE e as forzas nacionalistas respectivas (PNV e *Convergència i Unió*) e aprobados en referendo en outubro [DOC. 9].

DOC. 9: Composición do Congreso dos Deputados tras as eleccións xerais de 1979 (total: 350 escaños).



Nas **eleccións municipais** de abril de 1979, as primeiras dende a Segunda República, produciuse un notable avance da esquerda e dos nacionalistas. Os socialistas conseguiron facerse coa alcaldía das principais cidades do país.

A situación política foise deteriorando rapidamente pola conxunción de diversos **problemas**:

- O **impacto da segunda crise petrolífera** (1979-80), cando aínda nos se superaran os efectos da primeira, trouxo máis paro e recesión.
- A **virulenta ofensiva terrorista** de ETA deixou numerosos atentados e 167 asasinados entre 1979 e 1980.
- Os sucesivos **fracasos da UCD** nas eleccións autonómicas vascas, catalás (1980) e galegas (1981) e no referendo autonómico andaluz (1981) contribuíron a que o liderado de Suárez comezase a ser cuestionado. A división interna da UCD facíase cada vez máis evidente.
- A **oposición parlamentaria do PSOE** intensificouse. En 1980, Felipe Gonzalez encabezou unha moción de censura contra Suárez que, aínda que foi derrotada, reforzou notablemente a imaxe pública do líder socialista.
- O **malestar nos sectores reaccionarios do Exército**, evidente dende a legalización do PCE, medraba. O rexeitamento do proceso autonómico, os atentados de ETA, as acusacións da prensa ultra, que acusaban ao goberno de débil e incapaz, alentaron protestas, actos de insubordinación e conspiracións dalgúns mandos militares. Os medios de comunicación utilizaban decote a expresión *ruído de sabres* para referirse a situación que se vivía nos cuartos de bandeiras.

Acosado dende demasiadas fronteas, **Suárez presentou a súa dimisión** ao rei, quen non intentou disuadilo, en xaneiro de 1981 [DOC. 10]. Os mandos militares descontentos atoparon a oportunidade para pór en marcha os seus plans. Durante a votación do candidato a suceder a Suárez, o tenente coronel Tejero ao mando duns 200 garda civís irrompeu no Congreso interrompendo o desenvolvemento da sesión. A acción de Tejero formaba parte dunha trama dirixida polo xeneral Alfonso Armada, antigo secretario da Casa do Rei, na que estaban comprometidos outros xefes militares, entre eles o xeneral Milans del Bosch, capitán xeneral de Valencia. A improvisación, a indecisión dalgúns dos implicados, a oposición pública do rei [DOC. 11] e a lealdade a este da maioría dos mandos militares, deixaron a Tejero illado no Congreso. O **golpe de Estado do 23 de febreiro** fracasara finalmente. A volta á normalidade foi seguida de masivas manifestacións populares de apoio á democracia. A figura de Juan Carlos I saíu reforzada. Os acontecementos de febreiro de 1981 axudaron a forxar unha imaxe que o acompañaría durante moito tempo, a do monarca constitucional firmemente comprometido na defensa do sistema democrático.

Finalmente, Calvo-Sotelo foi investido presidente o 25 de febreiro cos votos favorables de UCD, AP e os nacionalistas cataláns de CiU. Durante o seu curto mandato (1981-82) procurou consensuar co PSOE algunhas das medidas postas en marcha, algo que non sempre conseguiría.

- En **política militar** moveuse con extrema prudencia. Discretamente, procedeuse a algúns relevos na cúpula das Forzas Armadas e limitouse o alcance da investigación da trama golpista do 23-F. Finalmente só 32 militares e un civil foron procesados. O tribunal militar que os xulgou impuxo unhas penas consideradas en xeral moi leves. A sentenza foi recorrida con éxito polo Goberno ante o Tribunal Supremo.
- No eido socioeconómico conseguiuase a sinatura do **Acordo Nacional sobre o Emprego** (ANE) en xuño de 1981 entre a patronal (CEOE) e as centrais sindicais UGT e CCOO, contando co apoio do PSOE.

DOC. 10: Discurso de dimisión de Adolfo Suárez (29-I-1981).

Hai intres na vida de todo home nos que se asume un especial sentido da responsabilidade. Eu creio tela asumido dinguamente durante os case cinco anos en que fun presidente do Goberno. Hoxe, sen embargo, a responsabilidade que sinto paréceme infinitamente maior. Hoxe teño a responsabilidade de explicarlles, dende a confianza e a lexitimidade coa que me investiron como presidente constitucional, as razóns polas que presento, irrevogablemente, a miña dimisión como presidente do Goberno e a miña decisión de deixar a presidencia da Unión de Centro Democrático. [...]

Cheguei ao convencemento de que hoxe, e, nas actuais circunstancias, a miña marcha é máis beneficiosa para España que a miña permanencia na Presidencia.

Voume, pois, sen que ningún mo pedise, desoíndo a petición e as presións coas que se me instou a permanecer no meu posto, co convencemento de que este comportamento, por pouco comprensible que poida parecer a primeira vista, é o que creo que a miña patria mo esixe neste momento. [...]

Sufriín un importante desgaste durante os meus case cinco anos de presidente. Ningunha outra persoa, ao longo dos últimos 150 anos, permaneceu tanto tempo gobernando democraticamente España. O meu desgaste persoal permitiu artellar un sistema de liberdades, un novo modelo de convivencia social e un novo modelo de Estado. Creio, polo tanto, que paguei a pena. Pero, como frecuentemente ocorre na historia, a continuidade dunha obra esixe un cambio de persoas e eu non quero que o sistema democrático de convivencia sexa, novamente, un paréntese na historia de España.

Trato de que a miña decisión sexa un alto de estrita lealdade. De lealdade coa España [...]; de lealdade cara a idea dun centro político que se estructure en forma interclasista, reformista e progresista [...]; de lealdade á Coroa, causa á que adiquei todos os meus esforzos, por entender que só arredor dela é posible a reconciliación de todos, e de lealdade, se mo permiten, cara a miña propia obra. [...]

O tenente coronel Tejero no Congreso (23/II/1981).



Fonte: **El País**

DOC. 11: Discurso televisado do rei Juan Carlos I na madrugada do 23/24 de febreiro 1981.

Ao dirixirme a todos os españois, con brevidade e concisión, nas actuais circunstancias extraordinarias que nestes intres estamos vivindo, pido a todos a maior serenidade e confianza e fágolles saber que cursei aos Capitáns Xenerais das Rexións Militares, Zonas Marítimas e Rexións Aéreas a orde seguinte:

Ante a situación creada polos sucesos desenvolvidos no Palacio do Congreso e para evitar calquera confusión, confirmo que ordenei ás Autoridades Cívicas e á Xunta de Xefes de Estado Maior que tomen todas as medidas necesarias para manter a orde constitucional dentro da legalidade vixente. Calquera medida de carácter militar que, no seu caso, houbera que tomar deberá contar coa aprobación da Xunta de Xefes de Estado Maior.

A Coroa, símbolo da permanencia e unidade da patria, non pode tolerar en forma algunha accións e actitudes de persoas que pretendan interromper pola forza o proceso democrático que a Constitución votada polo pobo español determinou no seu día a través de referéndum.

- En **política autónoma**, o goberno pactou cos socialistas en 1982 *Lei Organiza de Harmonización do Proceso Autonómico* (LOAPA), rexeitada polos nacionalistas vascos e cataláns e declarada parcialmente inconstitucional polo Tribunal Constitucional. O entendemento favoreceu a aprobación de dez novos estatutos. O mapa autonómico íase completando.
- A **Lei do Divorcio** (xullo de 1981), promovida polo agora ministro de Xustiza Fernández Ordóñez puxo de relevo a división interna da UCD, provocou a oposición da xerarquía eclesiástica e só puido ser aprobada co apoio da esquerda.
- En **política exterior**, o goberno procurou impulsar o ingreso nas institucións europeas. As conversas formais para a incorporación á *Comunidade Económica Europea* (CEE), iniciadas en 1977, estaban bloqueadas pola oposición francesa. Para reforzar a posición negociadora, mellorar as relacións con Gran Bretaña e impulsar a profesionalización e modernización do exército, Calvo-Sotelo e o seu goberno consideraron recomendable solicitar a adhesión á *Organización do Tratado do Atlántico Norte* (OTAN), o pacto militar que incluía á maioría dos países de Europa occidental máis os EEUU e Canadá. O Congreso aprobou a solicitude en outubro de 1981 coa oposición frontal do PSOE, que impulsou unha intensa campaña de protestas baixo o equívoco lema “OTAN, de entrada no” e prometeu convocar un referendo sobre a cuestión cando chegase ao poder. Malia todo, en maio de 1982, España convertíase en membro de pleno dereito da Alianza Atlántica.

A etapa socialista (1982-1996)


Ante o agravamento dos problemas internos da UCD, Calvo-Sotelo dissolveu as Cortes e convocou eleccións anticipadas para o **28 de outubro de 1982**. O PSOE, baixo o liderado carismático de F. González, aproveitou a desintegración da UCD, a crise interna do PCE e os desexos de cambio de amplos sectores para obter un amplo apoio electoral (49% dos votos) que se traduciu nunha cómoda maioría absoluta no

Cartel electoral do PSOE (1982)



Fonte: [Kronos Historia](#)

DOC. 12: Composición do Congreso dos Deputados (1979-1996)



Sinatura do Tratado de Adhesión de España á CEE (12-VI-1985).



Fonte: [Ministerio de Asuntos Exteriores](#)

Congreso (202 escaños sobre 350) e no Senado. A coalición conservadora formada por *Alianza Popular* e o *Partido Demócrata Popular* (AP-PDP), que recollía a boa parte do sector democristián da UCD, ficaba en segundo lugar (106 deputados). Manuel Fraga convertíase en líder da oposición parlamentaria.

Ante o agravamento dos problemas internos da UCD, Calvo-Sotelo dissolveu as Cortes e convocou **eleccións anticipadas para o 28 de outubro de 1982**. O PSOE, baixo o liderado carismático de F. González, aproveitou a desintegración da UCD, a crise interna do PCE e un programa reformista que conectaba cos desexos de cambio de amplos sectores da poboación para obter un apoio electoral sen precedentes (48% dos votos) que se traduciu nunha cómoda maioría absoluta no Congreso (202 sobre 350 escaños) e no Senado. A coalición conservadora AP-PDP, liderada por M. Fraga, ficaba en segundo lugar (106 deputados). **[DOC. 12]**

As realizacións dos gobernos socialistas (1983-1996).

O clara vitoria electoral socialista de 1982, repetida en 1986 e 1989, rematou coa inestabilidade anterior e permitiron aos gobernos encabezados por Felipe González avanzar na consolidación do sistema democrático e abordar toda unha serie de reformas pendentes. Certo que tamén se impuxo en moitos casos un pragmatismo a ultranza que significou non poucas renuncias e conflitos.

A política militar.

Dende o ministerio de Defensa, o catalán Narcís Serra, impulsaría unha ampla reforma militar. O tamaño do exército, unha herdanza do franquismo, foi reducido na procura dunha maior operatividade ao tempo que se impulsaba a súa profesionalización e modernización. Aínda que houbo que unha última intentona, desartellada en 1986, a ameaza golpista semellou definitivamente conxurada e o vello problema militar ficou aparentemente resolto.

A duración do servizo militar foi recortada, a 12 meses en 1984 e a 9 en 1991. Sen embargo, a oposición contra el non cedeu. O número de obxectores e insubmisos medrou e a regulación da obxección de conciencia e da prestación social substitutoria (1984) foi xulgada insuficiente por moitos mozos e os grupos antimilitaristas.

Permitíuse a incorporación de mulleres ás forzas armadas (1988) e fomentouse a presenza destas en misións internacionais de paz e cooperación, medidas que contribuíron a mellorar a imaxe do exército ante a opinión pública.

A política exterior-

A diplomacia española, dirixida sucesivamente polos ministros de Asuntos Exteriores Fernando Morán e Francisco Fernández Ordóñez estivo dirixida á **plena integración de España no mundo occidental**. As negociacións coa CEE culminaron co ingreso efectivo na Comunidade en xaneiro de 1986. O europeísmo do goberno español máis as boas relacións con Francia e Alemaña permitiron a Felipe González, a quen correspondeu a presidencia de quenda da CEE no primeiro semestre de 1989, xogar un papel na construción europea que superaba con moito o peso español na economía e nas institucións comunitarias. En 1989 deuse luz verde ao proceso de integración monetaria que levaría ao *euro* (2002) e comezaron as negociacións que culminaría na sinatura do *Tratado de Maastricht* (1991), orixe da Unión Europea (UE).

Por outra banda, os socialistas no poder abandonaron as súas posicións previas contrarias ao mantemento dos bloques militares e, conseguintemente, ao ingreso na OTAN. A celebración do prometido referéndum sobre a **permanencia na alianza atlántica** adiouse ata marzo de 1986. A

participación foi moi baixa, inferior ao 60%, e unha curta maioría dos votantes, o 52%, pronunciouse a favor da permanencia no bloque militar liderado polos EEUU, defendida agora vehementemente por Felipe González. O atlantismo convertiuse noutro dos trazos da política exterior socialista. En consonancia con el, España inteviría na primeira Guerra do Golfo (1991).

Prestouse tamén unha maior atención a **América latina** aínda que os resultados non foron máis alá do simbólico. No **norte de África** o interese na estabilidade da rexión, imprescindible para garantir a seguridade das posesións españolas e a subministración de gas natural, levou a coidar particularmente as relacións con Marrocos, esquecendo vellos pronunciamentos a prol da autodeterminación do Sáhara occidental, e Alxeria.

En **Oriente Medio**, recoñeceuse ao Estado de Israel (1986) aínda que se procurou manter unha posición mediadora no conflito árabe-israelí. Os bos oficios da diplomacia española na rexión posibilitaron a celebración en Madrid da *Conferencia de Paz sobre Oriente Medio* (1991).

A política económica.

En 1982, a economía española a penas crecía, a inflación anual rondaba o 14%, o desemprego superaba o 15% da poboación activa e o déficit público sobrepasara o 5% do PIB [DOCs. 13 e 14]. Os ministros de Economía (Miguel Boyer) e Industria (Carlos Solchaga) puxeron en marcha unha ortodoxa **política económica de axuste**, á que non se atreveran nin o último goberno do franquismo nin os primeiros da transición. Para restablecer os equilibrios macroeconómicos devaliouse a peseta, adoptouse unha política monetaria restritiva, instouse á contención salarial e incrementouse a presión fiscal. A inflación e o déficit exterior reducíronse.

Por outra banda, púxose en marcha unha política de **reconversión industrial** que afectou aos sectores manufactureiros tradicionais (siderurxia, construción naval, téxtil, calzado) e tivo dolorosas consecuencias. Numerosas empresas tiveron que pechar e outras sufriron fortes recortes nos seus cadros de persoal. Os programas de reindustrialización non sempre deron os resultados apetecidos.

Nos anos 1980 comezou tamén un proceso de **privatización do sector público** que afectou a unhas 80 empresas: algunhas (SEAT, ENASA, Viajes Marsans), escasamente rendibles e nas que o


Celebración en Madrid da Conferencia de Paz sobre Oriente Medio (1991)

Felipe González posa entre o líder soviético M. Gorbachov e o presidente dos EE.UU. G. Bush)




Fonte: Estudios de Política Exterior

DOC. 13: Evolución do PIB e do PIB per cápita (1975-2000) en índices (1975=100)



DOC. 14: Evolución da taxa de paro en % sobre a poboación activa (1975-2000).



FONTE: CARRERAS, A.; TAFUNELL, X. *Estadísticas históricas de España. Siglos XIX-XX*. Madrid, Fundación BBVA, 2005

Estado non estaba en condicións de investir para garantir a súa viabilidade (SEAT, ENASA) foron transferidas completamente ao sector privado; outras (ENDESA, REPSOL, ARGENTARIA, TELEFÓNICA), que aportaban xugosos beneficios, foron obxecto de privatizacións parciais. Con estas operacións, o Estado conseguiu importantes ingresos (máis de 10.000 millóns de euros, segundo algúns cálculos). O INI tivo que ser completamente reestruturado.

A economía española viviu a partir de 1985 un período de **forte crecemento**, favorecida pola afluencia constante de capitais estranxeiros e pola expansión do gasto público (construción de infraestruturas, gasto social). Pero aquela favorable evolución estivo asociada tamén á especulación xeralizada, á fraude e á corrupción.

O remate das grandes celebracións de 1992 (V Centenario, Xogos Olímpicos de Barcelona, Exposición Universal de Sevilla) coincidiu coa fin do ciclo expansivo. A **recesión**, que se prolongou ata 1995, foi moi profunda. En 1993, o paro subiu ao 24% da poboación activa e o déficit público disparouse ata preto do 7% do PIB [DOCs 13-14].


A política social.

O gasto público destinado a fin sociais experimentou un considerable crecemento achegando a España, que non igualando, ao modelo de **Estado de Benestar** construído nos países desenvolvidos de Europa occidental tras a Segunda Guerra Mundial [DOC. 15].

Melloráronse as **pensións mínimas** e avanzouse cara a **universalización da asistencia sanitaria** (Lei Xeral de Sanidade, 1986). No eido educativo, produciuse unha intensa actividade lexislativa. A *Lei de Reforma Universitaria* (1983) consagraba a autonomía universitaria e o carácter de servizo público educación superior, democratizaba o goberno universitario e procuraba racionalizar e regularizar as figuras do profesorado. A *Lei Orgánica do Dereito á Educación* (LODE, 1985), impulsada tamén, polo ministro José Antonio Maravall, facía efectivo o carácter obrigatorio e gratuito da educación básica pero consagraba a coexistencia entre unha rede de centros estatais e outra de centros privados, moi maioritariamente católicos, sostida tamén con fondos públicos (*educación concertada*). A *Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo* (1990) ampliou a escolarización obrigatoria e gratuita ata os 16 anos.

Sen embargo, non todo foron avances. Houbo tamén importantes retrocesos: recortes nas prestacións por desemprego, reformas laborais que contribuíron á precarización e inestabilidade dos contratos. As relacións coas centrais sindicais UGT e CCOO foron degradándose e levaron a

DOC. 15: Evolución dos ingresos e o gasto público (1964-2000) en % do PIB.



Fonte: <https://blogaldeaglobal.files.wordpress.com/2018/11/d8da2-grafico2b1.png>

Imaxe da folga xeral do 14 de decembro de 1988



Fonte: diario Público.

convocatoria dunha folga xeral contra o *plan de emprego xuvenil* promovido polo goberno socialista o 14 de decembro de 1988. Foi masivamente secundada polos traballadores.

A política territorial.

Baixo os gobernos de Felipe González **completouse o mapa autonómico**. Foron aprobados os estatutos pendentes e comezou efectivamente o **traspaso de competencias** ás Comunidades Autónomas. As negociacións entre a goberno central e as autoridades autonómicas non sempre foron fáciles.

A hexemonía nacionalista en Cataluña e o País Vasco dificultou os acordos e traducíuse en frecuentes conflitos de competencias resoltos nuns casos pola vía da negociación e noutros con recursos ante o Tribunal Constitucional. No caso vasco, o desenvolvemento do *Estatuto de Gernika*, aprobado en 1979, veuse afectado, ademais, pola persistencia da actividade terrorista de ETA.

A política antiterrorista dos gobernos de Felipe González contou, por primeira vez, coa colaboración francesa (deportacións, extradicións), e combinou a actuación policial, non exenta de prácticas ilegais (torturas, *guerra sucia*), con medidas de reinserción e mesmo a negociación. Fracasadas as chamadas *conversas de Alxer* (1989), as accións armadas de ETA continuarían, con algunhas interrupcións, ata 2011.

A fin da etapa felipista.

O negativo ciclo económico comezado en 1992 veu agravar o evidente deterioro da imaxe pública dos gobernos socialistas. O exercicio do poder tras tres vitorias electorais con maioría absoluta (1982, 1986, 1989), sen apenas contrapesos, non estivo exento de soberbia e problemas comezaron a amorsearse sen solución:

- A **división interna na familia socialista**: á ruptura co sindicato irmán, a UGT, que culminara na folga xeral do 14-D (1988) sumáronse os enfrontamentos dentro do PSOE entre *renovadores* e *guerristas*, que reproducían o evidente distanciamento entre os dous líderes máis importantes do partido, Felipe González e Alfonso Guerra, obrigado a deixar a vicepresidencia do Goberno en 1991.
- A **reiteración dos casos de corrupción** que afectaban ao PSOE (o escándalo *FILESA*, ligado ao financiamento ilegal do partido) e a altos cargos do goberno: Jesús Roldán, director xeral da Garda Civil; Mariano Rubio, gobernador do Banco de España; Juan Guerra, irmán do vicepresidente.
- A **guerra sucia contra ETA**: a partir de 1983, os autodenominados *Grupos Antiterroristas de Liberación* (GAL), formados por pistoleiros ultradereitistas e mercenarios estranxeiros, cometeron máis de 40 atentados e asasinaron a 28 persoas, a maioría membros de ETA e persoas próximas ao entorno da *esquerda abertzale*. Dende o comezo, resultaron evidentes as relacións dos GAL con mandos policiais e altos cargos gobernamentais, o uso de fondos reservados para financiar as súas accións e o desinterese oficial en investigalas. A prensa e os tribunais comezaron a botar luz sobre a vergoñenta actuación gobernamental.

A prensa conservadora, cada vez máis militante, aproveitou sen piedade os escándalos. A dereita política, refundada en 1989 no *Partido Popular* (PP) baixo o novo e sólido liderado de **José María Aznar**, sumouse á descualificación do goberno. Malia todo, en 1993, o PSOE obtivo unha curta e inesperada vitoria electoral (38% dos votos, 159 deputados). Sen maioría absoluta no Congreso, o novo goberno de Felipe González ficou dependente de apoios externos, nomeadamente dos que lle prestaron os nacionalistas cataláns de *Convergència e Unió* (CiU).

Cando este foi retirado, nun contexto marcado por unha enorme crispación política e mediática, fíxose inevitable a convocatoria de eleccións.

Nos comicios de marzo de 1996, o PP obtivo outra curta vitoria (39% dos votos, 156 escanos) e Aznar converteuse en presidente do goberno co apoio dos nacionalistas cataláns (CiU) e vascos (PNV) [DOC. 4]. A boa marcha da economía, comezada en 1995 e alimentada polo crédito barato e o boom do sector da construción e a desorientación socialista favoreceron un novo triunfo do PP en 2000, esta vez con maioría absoluta nas dúas cámaras.

España en Europa e no mundo.

A integración de España na C.E.E. O papel de España no contexto internacional. Participación en conflitos bélicos e misións humanitarias e de paz.

Antecedentes.

Dende comezos do século XIX, tras a independencia dos seus dominios americanos, España tivera un papel case irrelevante no concerto internacional. Un país periférico, de industrialización tardía e limitada e cunha historia demasiado conflitiva apenas podía pensar en aventuras exteriores. Tras o desastre do 98, debeu resignarse á **posición secundaria** que as grandes potencias, especialmente Gran Bretaña e Francia, lle consentiron no norte de África e no Mediterráneo. A proxección africanista tivo un alcance territorial moi limitado pero ninguén pode esquecer a enorme transcendencia que tiveron o longo conflito de Marrocos e o exército colonial na vida interna española nas primeiras metade do século XX.

O franquismo, malia as pretensións imperiais dalgúns dos seus responsables e propagandistas, non puido saír deses límites. A impotencia levou á **neutralidade na Segunda Guerra Mundial**. Tras a derrota das potencias fascistas, que tanta improtancia tiveran na vitoria dos sublevados na Guerra Civil, chegou a **condena internacional e o illamento**. O comezo da **guerra fría** permitiu ao réxime adaptarse a un entorno europeo e internacional menos hostil. Así o certificaron os **acordos bilaterais hispano-norteamericanos** (1953), o **Concordato coa Santa Sede** (1953) e o **ingreso na ONU** (1955). Pero a ditadura franquista fixo que España non fose invitada a participar nas primeiras fases da **integración europea**: o creación do Consello de Europa (1949), o nacemento da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA, 1951) e os Tratados de Roma (1957), que darían orixe á Comunidade Económica Europea (CEE) e á Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM).

O **Plan de Estabilización** de 1959 posibilitou a apertura de España aos mercados exteriores e propiciou a chegada de investimentos estranxeiros. Os países da CEE constituían xa os principais socios comerciais do país e tanto os tecnócratas do Opus Dei como algúns representantes da elite económica recomendaban un achegamento ás institucións europeas. En 1962, o goberno español pediu oficialmente a **apertura de negociacións** para ser primeiro país asociado e máis tarde membro de pleno dereito da CEE. A petición non foi atendida dado que a ditadura non era compatible co establecido nos tratados comunitarios. A solicitude volveuse presentar en 1964 con idénticos resultados. Finalmente, os esforzos diplomáticos fructificaron en 1970, cando foi asinado un **Acordo Comercial Preferencial**, un compromiso mutuo de redución arancelaria. Os intercambios económicos entre España e o mercado común europeo reforzáronse pero ausencia de democracia vetaban a entrada nas institucións comunitarias.

O proceso de adhesión á CEE.

Tras a morte de Franco, os países europeos adiron o inicio das negociacións ata confirmar que os pasos cara a democracia eran firmes. Tras as eleccións xerais de xuño de 1977, gañadas pola UCD, o goberno de **Adolfo Suárez solicitou formalmente á adhesión de España á CEE**. As negociacións comezarían en 1979. O firme europeísmo de Suárez contrastaba co seu dubidoso atlantismo: o ingreso na OTAN (Organización do Tratado do Atlántico Norte), o bloque militar occidental liderado polos EEUU, non semellaba entre as súas prioridades.

O **proceso de integración na CEE foi longo e complicado** pola coincidencia de varios factores. A Europa dos nove (Francia, Italia, Alemaña, Países Baixos, Bélxica, Luxemburgo, Dinamarca, Irlanda e Reino Unido) sufría aínda os efectos da **crise petrolífera de 1973** e da súa **primeira ampliación**. A integración de España resultaba especialmente complexa pola importancia dos seus sectores agrario e pesqueiro, as súas magnitudes territoriais e demográficas e os seus fortes desequilibrios rexionais. Ademais, algúns importantes países comunitarios procuraban impoñer condicións ao ingreso español: Gran Bretaña pedía a apertura da fronteira con Xibraltar, Francia buscaba garantías para a súa agricultura fronte a competencia española, Alemaña postulaba a incorporación simultánea de España á OTAN, etc. Mentres, España foi admitida no **Consello de Europa** (1978).

Aínda que a integración nas Comunidades Europeas gozaba dun amplísimo consenso político e a oposición a ela era minoritaria, a complicada situación interna contribuíu tamen a ralentizar o proceso de integración. Os débiles gobernos da UCD non puideron impoñer plans de axuste económico como os que xa se estaban aplicando na maioría dos países da CEE e que as institucións comunitarias demandaban.

A dimisión de Suárez e a súa substitución por **Leopoldo Calvo Sotelo** semellaron derrubar os receos atlantistas do goberno español. O novo executivo apostou pola **integración na OTAN**. As Cortes aprobaron a solicitude de ingreso de España nela, que se faría efectiva en maio de 1982. O goberno da UCD facía unha aposta decididamente europeísta e consideraba a integración do exército español nas estruturas militares occidentais como un antídoto as tentacións golpistas nun momento en que aínda estaba recente a intentona do 23-F. Porén, o PSOE e toda a esquerda opuxéronse frontalmente a aquela decisión.

Nas **eleccións xerais de outubro de 1982**, o PSOE obtivo un amplo triunfo que lle deu maioría absoluta no Congreso e no Senado e posibilitou a elección dun goberno presidido por **Felipe González**. En 1983, cos socialistas no poder tanto en España como en Francia, reanudáronse as negociacións co apoio firme do goberno alemán. As **maiores dificultades** nacían de dúas cuestións: por unha banda, os **problemas financeiros** derivados do feito de que España, ao dispór dunha renda inferior á media europea, se ía converter en receptora neta de fondos europeos; pola outra, os derivados da **incorporación do sector primario español** (agricultura, gandería, pesca) ao mercado común europeo. Sorteáronse a través do establecemento de períodos transitorios de ata 10 anos que permitían unha integración gradual.

Superadas as negociacións, en xuño de 1985 tivo lugar no Palacio Real de Madrid a **sinatura solemne do Tratado de Adhesión á CEE**, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1986. A incorporación de España a CEE como membro de pleno dereito tivo un apoio case unánime das forzas políticas e da opinión pública. As consecuencias para España foron notables:

- ➔ Puxo **fin ao tradicional proteccionismo español**, o que significou a apertura aos produtos españois do amplo mercado comunitario pero, ao mesmo, tempo forzou unha dura reconversión dalgúns sectores (pesca, agricultura, siderúrxia, construción naval). O axuste en termos de emprego foi drástico.
- ➔ Significou a recepción dun considerable volume de **axudas europas** a través dos **fondos estruturais** (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -FEDER-, Fondo Social Europeo -FSE-, Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria -FEOGA-g) e de cohesión. de Orientación e Garantía Agraria -FEOGA) e **de cohesión**. A modernización das infraestruturas españolas nas últimas décadas non tería sido posible sen esta aportación.

Dende o ingreso na CEE, o Estado español amosouse como un socio activo que participou activamente na elaboración dos acordos que foron transformando a arquitectura institucional europea:

- A **Acta Única Europea** (1986), que estableceu a libre circulación de mercadorías, persoas, servizos e capitais (o *mercado único*) e sentou as bases para unha política económica común.
- O **Tratado de Schengen sobre seguridade europea** (1991), que suprimiu os controis fronteirizos entre os estados asinantes.
- O **Tratado de Maastricht** (1992) fundou a partir da CEE a **Unión Europea** (UE), con obxectivos moi ambiciosos: integración económica e monetaria, política exterior e de seguridade comúns, fomento de políticas sociais e medioambientais, creación da cidadanía europea... A unión política aparecía no horizonte, pero a UE seguiu a ser unha unión de estados con institucións e símbolos compartidos. O Banco Central Europeo (1998), un responsable de política exterior común (1999) e unha moeda común, o euro (2002).

En Maastricht acordouse o establecemento da Unión Monetaria para 1999. Aqueles países que cumprisen os chamados criterios de converxencia (niveis máximos de déficit e endebedamento públicos, índices de inflación e tipos de xuro baixos). España, baixo o goberno do Partido Popular, presidido por José María Aznar, conseguiu cumprilos en 1998 e puido adoptar definitivamente o euro no 2002.

- Os **Tratados de Amsterdam** (1997), **Niza** (2001) e **Lisboa** (2007) trataron de reforzar as institucións Europeas, singularmente o Parlamento. Porén, a pouco ambiciosa **Constitución Europea** (2004), malia ser ratificada por España por referéndum popular, non chegou a entrar en vigor ao ser rexeitada polos pobos holandés e francés.

Nas últimas décadas, a evolución da UE veuse condicionada polas mudanzas experimentadas polo mapa europeo, singularmente a disolución do bloque socialista (1989), a reunificación alemá (1990) e a desintegración da URSS (1991). O novo escenario posibilitou sucesivas ampliacións (1995, 2004, 2007, 2013), que España apoiou sen reparos. Dos 12 membros de 1986 pasouse aos 27 actuais tras a saída do Reino Unido a raíz do *Brexit* (2020). Este revés é o síntoma máis claro das dificultades polas que pasa o proxecto europeo, afectado polo complicado escenario internacional, a falla de liderado e os conflitos de intereses entre os estados membros.

A integración no bloque occidental.

A adhesión ao proxecto europeo tivo un notable influxo nas relacións de España co bloque occidental liderado polos EEUU. O **ingreso na OTAN**, solicitado en outubro de 1982 e asinado en maio de 1982, provocara unha forte división política.

Mentres estivo na oposición, o **PSOE amosárase contrario tanto á renovación dos pactos bilaterais de defensa cos Estados Unidos como á adhesión á OTAN**. No seu programa electoral para as eleccións de 1982 comprometérase a convocar un referendo para abandonar a organización atlantista. Unha vez no poder, a posición socialista mudou. En 1983, o congreso do partido aprobou unha resolución favorable á permanencia e o referendo prometido foi posposto. A presión dos EE.UU. e dalgúns países europeos, singularmente de Alemaña, deberon ser un factor decisivo no cambio de postura.

Unha vez asinado o ingreso na CEE (1985), o goberno anunciou a convocatoria do prometido referendo, dirixido agora a ratificar a adhesión. Porén os inquéritos de opinión amosaban a oposición da maioría dos cidadáns á permanencia na OTAN. Non semellaba

sequera que as condicións restritivas á participación español na alianza militar liderada polos EEUU prometidas (permanencia fóra da estrutura militar integrada, prohibición de instalar ou almacenar armas nucleares no territorio español, redución progresiva das bases militares estadounidenses) servisen para modificar a opinión popular. Porén, a intensa campaña propagandística despregada polo goberno e os medios de comunicación, tanto públicos como privados, conseguiron que no **referendo para a permanencia na OTAN**, celebrado o 12 de marzo de 1986 cunha elevada abstención, a maioría dos votantes (56%) apoiase a permanencia na OTAN.

Os **acordos bilaterais con EEUU foron revisados** e as súas forzas armadas abandonaron dúas das bases que tiñan en territorio español, Torrejón de Ardoz (1991) e Zaragoza (1992), pero mantiveron reforzaron a súa presenza nas de Morón e Rota. Ademais, en 1996, o Congreso autorizou ao goberno para solicitar o ingreso na estrutura militar atlantista. En 1995, Javier Solana, ministro de Asuntos Exteriores foi elixido de España, Secretario Xeral da Alianza.

O papel de España no contexto internacional.

Ademais, dos vectores europeo e atlantista, a política exterior española tivo sempre outras dúas áreas de interese preferentes: Latinoamérica e o Mediterráneo.

Durante o franquismo, as **relacións cos países latinoamericanos** estiveron dominadas máis pola retórica que polos resultados prácticos. Tras a incorporación de España á CEE, a proxección económica na área medrou considerablemente grazas aos **investimentos das empresas españolas** (*Telefónica, Repsol*) en sectores produtivos clave (enerxía, banca, telecomunicacións). Procurouse tamén facer valer o papel de España como intermediario entre Europa e América Latina. Procurouse reforzar os vínculos políticos entre as dúas bandas do Atlántico mediante os chamados **Cumios Iberoamericanos**, o primeiro dos cales celebrouse en México en 1991. Porén, nos últimos anos, estas reunións veñen decaendo fronte a puxanza doutros encontros internacionais (os Cumios das Américas, as reunións UE-Comunidade de Estados de América latina e Caribe ou CELAC), os propios procesos de integración rexional (MERCOSUR) e as diverxencias políticas entre os estados latinoamericanos.

O **Mediterráneo** converteuse noutra área de interese prioritaria. O escenario resulta tremendamente complicado: as vellas disputas sobre Xibraltar ou sobre Ceuta e Melilla, a situación do Sáhara occidental, a crecente presión migratoria de orixe africana, a inestabilidade dos países do Magreb, o conflito de Oriente Próximo, etc. Difícil que un Estado como o español poida abordalo unilateralmente.

España procurou desenvolver unha **política de amizade e cooperación cos Estados árabes** mesmo despois do **establecemento de relacións diplomáticas co Estado de Israel** (1986). Tratou de mediar no conflito entre Israel e Palestina coa. Os seus esforzos posibilitaron a celebración da **Conferencia de Paz de Madrid** (1991), iniciando un camiño que levaría á sinatura dos Acordos de Oslo entre a Organización de Liberación de Palestina e o Estado de Israel (1993). Á iniciativa española e europea correspondeu a celebración en Barcelona da **Conferencia Euromediterránea** (1995), que pretendía promover a cooperación, a seguridade, a paz e o benestar na conca mediterránea. Non semella que tales esforzos teñan contribuído en moito á estabilidade e os problemas persisten e mesmo se agravan: o estourido da *primavera árabe* (2010-2012), o interminable conflito árabe-israelí a intervención militar da OTAN en Libia para derrocar o réxime de Gadafi (2011)...

Nesta orientación, resultou extemporánea a **participación española na invasión de Iraq** (2003). Tras a desaparición da URSS e do bloque socialista, impúxose nos EEUU unha política exterior unilateralista que acadou o máximo apoxeo durante a presidencia de George W. Bush (2001-2009). Os atentados do 11-S (2001) proporcionaron a excusa para decidir a intervención en Iraq como parte dun proxecto de reorganización xeopolítica de Oriente Medio. Malia a oposición da comunidade internacional (o Consello de Seguridade da ONU non lexitimou cunha resolución a intervención) e a contestación masiva da opinión pública, o goberno español encabezado por Jose María Aznar converteuse nun dos patrocinadores da acción, xunto co presidente norteamericano e o primeiro ministro británico Tony Blair. Aquela decisión, os **atentados de Madrid do 11-M** (2004) e o intento de manipulación destes por parte do goberno español contribuíron decisivamente á derrota electoral do PP nas eleccións xerais do 12 de marzo de 2004 e á vitoria do PSOE, liderado por Jose Luis Rodríguez Zapatero, que decidiu a retirada das forzas españolas daquela vergoñenta aventura.

A participación en conflitos bélicos e misións humanitarias.

Superado o aislacionismo franquista, a integración en diversas estruturas multinacionais serviu de catalizador para a **proxección exterior do Forzas Armadas españolas**. Desde 1989, as Forzas Armadas españolas **participan en misións no estranxeiro con tres grandes obxectivos estratéxicos**: proporcionar **estabilidade e seguridade**; a **loita contra o terrorismo**; e a **disuasión e defensa do territorio aliado**. A maioría destas misións atenden mandatos da ONU, a Unión Europea e a OTAN, pero tamén son consecuencia de acordos bilaterais.

As primeiras operacións de paz tiñan como obxectivo evitar a escalada dun conflito ou evitar unha traxedia humanitaria, sen abordar as raíces do conflito e con observadores internacionais desarmados. A participación española comezou en decembro de 1988 en Angola. Nos anos 90, tras a fin da Guerra Fría, a ONU acomete misións máis ambiciosas, de segunda xeración, cun enfoque integral, que inclúe aspectos políticos e policiais. Aparece o compoñente civil das operacións de paz. O exemplo máis claro é a UNPROFOR, a primeira forza de "mantemento da paz" en Croacia e Bosnia-Herzegovina no curso das guerras tras a desintegración da antiga Xugoslavia. Naquela altura España participou tamén en operacións en Centroamérica: Nicaragua (1989-1991); eleccións en Haití (1990-91); O Salvador (1992-95) e Guatemala (1994-2002).

Desde mediados dos 1990, tras as crises de Bosnia e o xenocidio en Ruanda, abordáronse operacións cuxo mandato incluía autorización para o uso da forza. O protagonismo comezou a corresponder a OTAN. A misión en Bosnia, a máis importante e longa das que emprendeu España, é un claro exemplo dunha operación que comeza como axuda humanitaria nunha zona en conflito armado, evoluciona cara ao mantemento da paz, máis tarde cara á súa imposición e estabilización. A esta seguiu a de Kosovo ata a súa declaración de independencia (2008).

A estas seguiron as intervencións en Afganistán (ONU, OTAN, 2001-2014), Irak antes citada (2003), Líbano e Colombia (2016) e en Somalia (UE, 2014), Mali (UE, 2013), Republica Centroafricana (UE, 2016), Mozambique (UE, 2021). En 2023, máis de 12.000 soldados e gardas civís teñen participado en 17 misións no exterior, incluídas as tropas presentes en Letonia e Romanía por mor do conflito en Ucraína.


A pesar de que estas operacións acostuman presentarse como "misións humanitarias e de paz", dirixidas a prestar asistencia e protección humanitaria en situacións de crise e conflito, reciben tamén fortes críticas de expertos debido ao risco da súa instrumentalización para satisfacer intereses políticos, ideolóxicos, económicos ou estratéxicos.

Evolución e cambios na España actual.

As fondas transformacións experimentadas por España nas últimas décadas inscribíense no proceso máis global que afectou a tódalas sociedades capitalistas avanzadas dende mediados os anos 1970. Porén, estas presentaron no caso español algúns trazos específicos. En primeiro lugar, un significativo atraso inicial: daquela España non era equiparable en termos demográficos, económicos, políticos e socioculturais ás sociedades do seu entorno. En segundo lugar, a velocidade do proceso de cambio: esta homologación produciuse nun período moito máis breve do que requirira a maioría dos países europeos. Por último, os desequilibrios de todo tipo xerados por estas mudanzas resultan moito máis acusados.

Os efectos da globalización.

Dende mediados da década de 1970, España pasou a gran velocidade dunha **economía protexida** caracterizada por unha **industrialización tardía** e cun **importante sector agrario** a outra de servizos e globalizada. A reconversión industrial, iniciada nos anos 1980, e a **terciarización da economía**, encetada daquela pero intensificada nos 2000, significaron unha perda de relevancia do sector secundario e unha drástica redución da agricultura.




O **tránsito dunha sociedade industrial a outra posindustrial**, experimentado por tódalas economías capitalistas desenvolvidas, veuse acelerado polo impulso da **globalización** en curso. Este proceso significou a intensificación a nivel mundial dos fluxos de capital, mercadorías, persoas e mesmo coñecemento. Dende as últimas décadas do século XIX veuse favorecido polo abaratamento dos transportes e polo espectacular avance das tecnoloxías da información e a comunicación. Non foi alleo o **triunfo do neoliberalismo**, que postulaba unha significativa redución do papel do Estado, a desregulación das actividades económicas e o protagonismo dos mercados. A primeira ministra británica Margaret Thatcher e o presidente dos EE.UU Ronald Reagan foron os principais adalides desta orientación que había ter moitos seguidores. A **conversión de China ao capitalismo**, a **disolución do bloque socialista** e a **desaparición da URSS** borrarón calquera freo ao seu avance.

A integración económica a escala mundial tivo como principais protagonistas e beneficiarios ás **grandes corporacións multinacionais**. Fronte a elas, o marxe de acción dos Estados reduciuse. Parte do poder das institucións nacionais migrou cara **organismos internacionais** como o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial ou a Organización Mundial de Comercio. Actualmente, a **Unión Europea** e as súas institucións, especialmente o Banco Central Europeo, que rexe a política monetaria na zona euro, son quen de pór límites á capacidade dos gobernos dos Estados membros para implementar as súas políticas. Demostrárono claramente a austeridade e os brutais axustes impostos a Portugal, Irlanda, Grecia e España (os *PIGS*) a raíz da crise de 2008 e a *Gran Recesión*. Semella imposible conciliar globalización económica, Estado-nación e democracia.

Algunhas grandes empresas españolas dos sectores financeiro (*Santander, BBVA*), enerxético (*Repsol, Naturgy*) e das telecomunicacións (*Telefónica*) internacionalizaron as súas actividades, especialmente en América Latina. Mentres, os traballadores industriais do noso país sufriron a competencia da man de obra máis barata doutras latitudes: Corea e Xapón primeiro, China o sueste asiático e mesmo os países do antigo bloque socialista máis tarde. Tamén hai empresas que, como o xigante *Inditex*, manteñen a súa sede social e os seus centros de deseño e loxística en territorio español pero trasladan a produción manufacturera a lugares (Turquía, México, Marrocos, Bangladesh, etc.) onde os custos laborais son menores e as esixencias medioambientais mínimas ou inexistentes. As consecuencias desta **desindustrialización**, agravadas polo drástico axuste do sector agrario, sobre o mercado laboral español son moi importantes:

- O mantemento dunhas **altas taxas de paro estrutural**.
- A **precarización** (eufemisticamente *flexibilización*) do emprego e a multiplicación das fórmulas contractuais (por obra, por tempo limitado, a tempo parcial, falsos autónomos, etc.).
- A **dualización do mercado de traballo**: produciuse un aumento en paralelo das ocupacións de profesionais e técnicos e das de traballadores non cualificados. Esta últimas caracterízanse, ademais, por un significativo sesgo de xénero e idade (predominan mulleres e mozos) e pola presenza masiva e crecente de inmigrantes.
- A configuración dun **modelo produtivo** centrado na construción -polo menos ata o estourido da *burbulla inmobiliaria* en 2008-, os servizos tradicionais (turismo, sobre todo) e outros sectores intensivos en man de obra e de escaso valor engadido (servizo doméstico) que resultan moi **dependentes da conxuntura económica**. Así o demostrou a enorme destrución de emprego derivada da *Gran Recesión*: entre 2008 e 2013, a taxa de paro en España pasou do 8 ao 26% da poboación activa.



A globalización xera tamén unha **tendencia á homoxeneización social e cultural**. Neste sentido cómpre destacar as consecuencias da universalización de internet e da telefonía móbil e da confluencia entre ambas a partir de 2007. Están a xerar unha sociedade hiperconectada e, ao mesmo tempo, extremadamente individualista. Teñen demostrado sobradamente a súa potencialidade para cambiar radicalmente non só a comunicación, senón tamén o funcionamento das empresas, da vida familiar e social e ata da política. Pero a dixitalización, tamén xerou unha dobre fenda: socioeconómica, entre os que poden dispoñer dunha boa conexión e aqueles que dispoñen dunha mínima cobertura (zonas rurais, sobre todo); e xeracional, entre os novos (*nativos dixitais*) e os máis maiores, obrigados a adaptarse ao uso dunhas novas tecnoloxías que requiren novas destrezas.


A globalización realmente existente foi definida cun significado exclusivamente mercantil ligado aos intereses das grandes empresas e grupos financeiros multinacionais. Fronte ao capitalismo global organizacións e grupos moi heteroxéneos comezaron a contraponer certos principios: a garantía do dereitos humanos, a defensa dunhas condicións laborais dignas, a protección do medio ambiente, unha distribución máis equitativa da riqueza, etc. Esa foi a orixe a finais da década de 1990 do **movemento antiglobalización** (ou altermundialista), que tipo a súa manifestación máis coñecida no **Foro Social Mundial**, que celebrou a súa primeira reunión en Porto Alegre (Brasil) no 2001.

Os retos do Estado de benestar.


Cómpre ter en conta que o **Estado de benestar**, caracterizado pola provisión dunha cobertura universal de servizos (saúde, educación) e prestacións sociais (pensións, desemprego e outras), non comeza a implementarse en España ata mediados da década de 1980, cando na Europa desenvolvida xa eran hexemónicas as teses que falaban de **crise fiscal do Estado** e da conseguinte necesidade de reducir o gasto social e redefinir o papel da administración pública. Este Estado de benestar tardío presenta uns **trazos** bastante semellantes aos doutros países da Europa meridional (Portugal, Grecia, Italia):

- Un **nivel de gasto inferior ao promedio europeo**, aínda que o diferencial se reduciu nos últimos anos.
- A **desigualdade** entre a cobertura proporcionada polas **prestacións contributivas** (pensións, desemprego), ligadas a cotizacións regulares e estables, e as **non contributivas**, de carácter asistencial.
- A **desatención das cuestións relativas á vivenda**, especialmente grave dende os anos 1990. A promoción pública resulta ridícula e orientada maioritariamente á venda. O resultado é unha bolsa de vivenda social moi cativa, entre as máis baixas da UE.
- O **escaso desenvolvemento dos servizos de axuda ás familias** para a atención a nenos, maiores e persoas discapacitadas. Neste sentido, a aplicación da **lei de dependencia**, promovida polo goberno socialista de J.L. Rodríguez Zapatero en 2006, que

Comparación do o gasto social en España e na UE (2015 e 2021)




Importancia da vivenda social na UE (2019)



pretendía ser o “*cuarto pía*” da protección social, veuse moi limitada polos efectos da crise iniciada en 2008 e os drásticos recortes posteriores.

Os déficits do sistema español de benestar evidenciáronse por mor dos **cambios sociodemográficos** e a vicisitudes económicas experimentadas nas últimas décadas. En 1975, España era aínda un dos países máis natalistas de Europa. O seu índice sintético de **fecundidade** ascendía a 2'8 fillos por muller. Dende aquela, esta taxa diminuíu rapidamente ata situarse no 1'1 en 1998. Tras unha leve recuperación, atribuíble en boa medida ás mulleres inmigrantes, situouse no 1'4 en 2008 e volveu descender ata as cifras actuais, por debaixo de 1'2. Deste xeito pasou a formar parte do grupo de países europeos con menor fecundidade con Malta, Portugal, Italia e Grecia, moi lonxe da *taxa de reemprazo* (2'1). Esta caída esta asociada a outros feitos: a difusión da anticoncepción, o descenso da nupcialidade, o atraso progresivo da maternidade, a aparición de novos modelos familiares e de convivencia. Pero, como en tódalas sociedades do noso entorno, sería a consecuencia dos **cambios na posición das mulleres na familia e na sociedade**, especialmente o aumento do seu nivel educativo e da súa participación no mercado de traballo. A debilidade do compromiso público en materia de vivenda, que dificulta a emancipación da poboación nova, e na atención ás familias, que sobrecarga moi especialmente ás mulleres, axuda a entender a negativa posición actual.

Por outra banda, os importantísimos avances en calidade de vida e sanidade causaron un **notable incremento da esperanza de vida**. A sociedade española actual é unha sociedade avellentada, o que se traduce nunha elevada e crecente taxa de dependencia e xera dúbidas sobre a viabilidade do sistema público de pensións, moi dependente do volume pero tamén da calidade do emprego. A degradación das condicións laborais e vitais dos novos, cada vez máis escasos, pode debilitar a solidariedade interxeracional cos maiores, cada vez máis numerosos.




Malia a abrupta caída da natalidade e o avellentamento da poboación, **os efectivos demográficos medraron** significativamente nas últimas décadas, dende os 35 millóns de hab. de 1975, aos 40 do 2000 e aos máis de 48 que ofrecen os últimos recontos. Este crecemento **non foi uníforme dende o punto de vista territorial**: concéntrase nas áreas metropolitanas e no eixo mediterráneo, mentres as rexións agrarias do centro e o oeste peninsulares (a España baleira ou baleirada) e as áreas industriais en devalo perdían peso demográfico en termos relativos e absolutos.

O crecemento demográfico foi posible porque **España pasou neste lapso de tempo de ser unha sociedade de emigración a outra de inmigración**. Se a comezos deste século a poboación de orixe estranxeira apenas superaba o 2% do total, actualmente representa máis do 12%. Comezaron a chegar atraídos pola forte expansión económica española do período 1996-2008 e, tras o paréntese da grave recesión do sexenio 2008-2014, volveron

afluír nos anos recentes. Concéntranse en sectores como a agricultura, a hostalería, a construción e o servizo doméstico, nas ocupacións máis descualificadas e precarias e nas categorías laborais máis baixas. Como noutros países europeos está a conformarse unha **estratificación étnico-laboral da poboación ocupada**.

Ningún país europeo viviu en tan curto espazo de tempo un cambio tan rápido e profundo. A **sociedade española actual é moito máis diversa** que noutroa. Isto ten provocado problemas de aceptación e inclusión dos recién chegados pero, polo de agora, non semellan tan graves como os habidos noutros países europeos. Pero os retos son enormes. Os **discursos xenófobos** prenderon en certos lugares (áreas metropolitanas, comarcas de agricultura intensiva do sueste) e teñen unha notable repercusión política. A **migración irregular** pon a proba as capacidades do Estado e da sociedade civil. Houbo varios procesos de regularización extraordinaria pero semella que non foron suficientes. A posición de España como fronteira sur da Europa próspera acrecenta a presión das correntes migratorias. Os acordos cos países do Magreb para que actúen de diques de contención, auspiciados pola UE, non semellan unha solución digna. A traxedia dos milleiros de inmigrantes mortos na perigosa travesía dende as costas africanas semella non ter fin.




Os novos actores colectivos.


As ONG.

Nos anos 1980 cando comezou en España o **despegue das ONG e do voluntariado** en España, que se consolidaría na década seguinte. Aínda que algunhas entidades, ligadas á Igrexa católica, tiñan xa unha longa historia (*Cáritas*, fundada en 1942; *Mans Unidas*, en 1960), o seu crecemento foi favorecido por algunhas circunstancias: a incorporación do Estado español a mecanismos de cooperación internacional no marco da ONU, a OCDE e da CEE; o **xurdimento de novos problemas sociais** que desbordaban as capacidades do incipiente sistema español de benestar (avellentamento, dependencia, drogadicción, cambios nas estruturas familiares); a **elaboración dun marco normativo** (lexislación sobre asociacións, fundacións e mecenado) que estimulou o seu desenvolvemento e

Servizos prestados polas entidades adheridas á Plataforma de ONG de Acción Social (2019)




Entidades adheridas á Plataforma de ONG de Acción Social en 2019 segundo data de creación.



FONTE: El Tercer Sector de Acción Social en España 2019. Informe completo, Madrid, 2020

facilitou, vía desgravacións fiscais, a recepción de doazóns. Cómpre lembrar que en 1988 se introduciu no IRPF a partida destinada a *outros fins de interese social* alternativa ao financiamento por esta vía da Igrexa católica.

Na última década do século XX e nas primeiras do actual, o **número de ONG multiplicouse**, pero os índices de afiliación e, aínda máis, de participación son baixos en relación aos da maioría dos países europeos. En 1986 creouse a **Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento**, que agrupa a entidades que traballan preferentemente no ámbito da cooperación internacional. Dende o 2000 existe tamén unha **Plataforma de ONG de Acción Social**, que agrupa a aquelas que traballan preferentemente coa poboación española. Os seus **recursos son escasos** e dependen en non pequena medida das aportacións públicas. Dende logo, resultan insuficientes para cumprir cos **obxectivos declarados** (impulso da cohesión social, igualdade, fomento da participación) e, aínda máis, para encher o oco deixado polos recortes nas prestacións sociais do Estado.



O feminismo e a loita pola igualdade de xénero.

A consolidación do réxime democrático nacido da Transición permitiu a emerxencia de **novas formas de participación e de novos actores colectivos** diferentes dos tradicionais (partidos políticos, sindicatos, organizacións patronais). Nos anos 1980, os **movementos feminista, ecoloxista e antimilitarista** (obxección de conciencia, insubmisión, anti-OTAN) tiveron un importante protagonismo nalgún dos debates sociais e mobilizacións máis relevantes da década. Contribuíron a ampliar a axenda política e a introducir novas sensibilidades e valores sociais: a igualdade de xénero, o pacifismo, a sensibilidade medioambiental, a defensa dos consumidores, etc. Ao seu labor débéronlle moito as **grandes mobilizacións sociais** desencadeadas polo desastre ambiental do *Prestige* na costa galega (2002) ou contra a invasión de Iraq e a participación española nela (2003).

O **movemento feminista e a loita pola igualdade de xénero** tivo unha singular continuidade nas últimas décadas. Malia a igualdade xurídica consagrada pola Constitución de 1978, o progreso educativo e o acceso masivo ao mercado de traballo retribuído, persisten situacións de desigualdade real que afectan tanto ás condicións de traballo como á vida cotiá das mulleres.

Aínda que se reduce, a **fenda laboral de xénero** persiste e pódese medir: segundo os datos oficiais, en 2022, as mulleres cobraban de media un 15'7%, menos que os homes; a taxa de actividade feminina era menor (53'4 fronte a 63'7%); e a de paro maior (14'7 fronte a 11'4%). As mulleres son maioría nos empregos de baixa cualificación e, segundo se ascende na escala laboral, o predominio masculino é máis evidente. Entre os cadros directivos das empresas, os recentes progresos sitúan a presenza feminina nun 38% do


total. Esta desigualdade ten que ver coa continuidade dos **estereotipos machistas** que insisten no menor rendemento e dispoñibilidade das mulleres para as empresas. Pero débese, sobre todo, á **desigualdade de xénero no ámbito familiar**: o traballo no fogar e o coidado de fillos, adultos enfermos, maiores e dependentes son labores realizadas moi predominantemente por mulleres. Do mesmo xeito, son elas as que asumen na maioría dos casos a custodia dos fillos e das fillas a raíz de separacións e divorcios. Isto explica que moitas mulleres se vexa obrigadas a abandonar a súa carreira profesional ou renunciar á súa promoción laboral. O escaso desenvolvemento dos servizos públicos de axuda ás familias agrava o problema.

Non hai dúbida de que as mulleres foron o principal motor do cambio cultural, social e económico na España recente. A **conciencia social sobre as desigualdades de xénero** avanzou e a **condena cara as diversas formas de violencia machista** (familiar, sexual, laboral) xeralizouse. Procuraron darlles resposta os gobernos do socialista J.L. Rodríguez Zapatero (2004-2011) que impulsaron a *Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero* (2004), a *Lei para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres* (2007) e a *Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo* (2010).

O papel do **plural movemento feminista** foi decisivo nestes avances. Os seus debates adquiriron relevancia e nunca a súa presenza pública foi tan notable. Así o puxo de relevo o éxito masivo das mobilizacións convocadas por todo o país o **8 de marzo de 2018**, coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller,

Desigualdade entre mulleres e homes en relación ao traballo doméstico e aos coidados (2022)

Fonte: MINISTERIO DE IGUALDAD-INSTITUTO DE LAS MUJERES,



ITEMS

- 1.-Realizan todo ou a meirande parte do traballo doméstico.
- 2.-Comparten o traballo doméstico.
- 3.-Fan pouco ou ningún traballo doméstico
- 4.-Teñen excedencia laboral por coidado dos fillos.
- 5.-Teñen excedencia laboral por coidado doutros parentes.
- 6.-Deixaron de traballar para dedicarse ao coidado dos fillos ou outros parentes.
- 7.-Non traballan fóra da casa por dedicarse ao coidado dos fillos ou outros parentes.
- 8.-Dedícanse ao traballo doméstico e non traballan fóra da casa.

Os recentes desafíos.

O impacto da crise de 2008.

Nos primeiros anos deste século percibíase entre boa parte da poboación española un amplo **apoio á democracia** como réxime político e, ao mesmo tempo, unha notable **desconfianza cara o funcionamento** de moitas das súas institucións clave (partidos políticos, parlamento). A crise de 2008 e as súas consecuencias contribuíron a alimentar esta posición crítica.

Entre 1995 e 2007, o país viviu unha etapa de ininterrompido **crecemento económico** que tivo a construción como principal motor. O aumento da demanda e a dispoñibilidade de crédito barato hincharon aquela *burbulla inmobiliaria*. Malia os **desequilibrios** evidentes da economía española (baixa produtividade, elevado índice de pobreza, desigualdade crecente, déficit exterior), ninguén quixo poñer límites á especulación desbocada.

Os primeiros síntomas de dificultades comezaron a percibirse a finais de 2007, pero foi a **crise financeira de Wall Street**, que estourou en 2008, a que precipitou ao país nunha forte recesión que se prolongaría ata 2013. As crebas inmobiliarias seguiu unha grave crise bancaria. Destruíronse 5.000.000 empregos. Centos de miles de familias hipotecadas eran despoixados das súas casas. A partir de 2010, os gobernos de J.L. Rodríguez Zapatero (PSOE), primeiro, e M. Rajoy (PP), despois, aprobaron durísimos **programas de axuste** baixo a presión da UE, que impuxo mesmo unha reforma da Constitución no 2011 en prol da *estabilidade orzamentaria*. Trouxeron máis pobreza e desigualdade.

Mentres as sucesivas **reformas laborais** precarizaban aínda máis o emprego e as prestacións sociais sufrían graves recortes, o **rescate do sistema financeiro** costaba ao país 73.000 millóns €. Nestas circunstancias, os numerosos **escándalos de corrupción** que estouraron durante aqueles anos acabaron minando o crédito de partidos e outras institucións básicas, incluída a Coroa: o mesmo rei Juan Carlos I tivo finalmente que renunciar ao trono no 2014 en favor de Felipe VI.

O **descontento** estendeuse entre amplos sectores da cidadanía, especialmente entre a poboación máis nova, enfrontada tanto aos recortes como a uns salarios e a unhas expectativas minguentes. Este foi o caldo de cultivo no que se formou o **movemento do 15-M**. O 15 de maio de 2011, unha plataforma cidadá convocou manifestacións en toda España. Ao rematar a de Madrid, algúns manifestantes decidiron acampar na Porta do Sol. O movemento dos *indignados* consolidouse e estendeuse a outras localidades. Baixo o lema *Democracia real ya!* as súas reivindicacións apuntaban a un profundo cambio político: democracia participativa, separación real de poderes, maior proporcionalidade do sistema electoral, listas abertas... Demandaban tamén a fin dos recortes: recuperación dos servizos públicos, retirada da reforma laboral, vivenda digna... Nos anos seguintes, o 15-M alentou diversas experiencias: a *Marea Verde*, en defensa da educación pública (2011), a *Marea Branca* contra os recortes na sanidade

QUE FOI O 15-M?

Santiago Alba Rico. El País, 9-V-2021

O 15-M foi un descubrimento, case en sentido xeográfico. Os dirixentes políticos, os partidos, os medios de comunicación, costra continental do chamado réxime do 78, descubriron con sorpresa que debaixo se configurara outra España, vasta, descontenta, flotante. Unha España moi nova nas prazas, pero que interpelaba fóra delas, en tempos de crise, a unha potencial maioría social, unha España sen memoria que non lembraba os pecados da Transición nin os mortos do franquismo; pero contra o ensimesmamento dixital e os subornos do mercado; facíase as preguntas correctas, e aínda máis inesperado, dáballe as respostas correctas; unha España sen futuro que esixía o cumprimento das promesas da Constitución e que se arredaba das institucións, pero non da democracia, unha España que non se sentía representada por ningunha forza política, nin de dereitas nin de esquerdas, pero que impediu ou atrasou, coas súas demandas e as súas asembleas utópicas, a entrada no noso país da ultradereita xa empoleirada no resto de Europa. O 15-M foi ao mesmo tempo protesta indignada e protesta xovial [...]

Como todo mito, o 15-M podía ser invocado, pero non representado. Podemos foi para algúns unha traición, para outros unha tradución. [...] Por graves erros propios e baixo unha presión mediática subterránea, a veces abxecta, Podemos convértese en UP, a máis tradicional das forzas de esquerdas, e deixa de ser o "tapón" que o 15-M concibira contra a ultradereita. A atmosfera de renovación convértese nunha de tensión e VOX aparece para restablecer coa axuda do PP, o eixe esquerda/dereita na súa versión máis antiga e enconada.

Dez anos despois, que queda do 15-M? Un soño volteado [...] no seu reverso tenebroso: a desmemoria converteuse en memoria guerracivilista, as demandas de democracia en degoiros de "liberdade", a reforma plebea das institucións en rexeitamento da política. Que queda do 15-M? O malestar soterrado [...] dunha xeración, tamén sen futuro, que ve incumpridas as promesas da nova política e non cre tampouco nas do 78. Que queda do 15-M? [...] un mito lonxano e, por iso mesmo, poderoso: unha experiencia de felicidade colectiva que convén lembrar os que están preparando, sen sabelo, a próxima emenda á totalidade"


pública (2012). Quizais as máis relevantes serían as que deron lugar á formación en 2014 dun novo partido político, *Podemos*.

As respostas á crise de 2007-2008 contribuíron á **polarización política e ideolóxica** recente. Mozos e importantes sectores das clases traballadoras e das clases medias arredáronse da *vella política* (a *casta*, o *régime do 78*), debilitando as bases sociais do imperfecto bipartidismo PSOE-PP. Á emerxencia de *Podemos* pola esquerda e de *Ciudadanos* e *Vox* pola dereita sumouse o reto independentista catalán que culminou no referendo do 1 de outubro de 2017. As consecuencias directas de todo aquilo seguen a condicionar a marcha presente do país.

O reto climático.

Nas últimas décadas, a **crise climática** deixou de ser unha ameaza afastada para condicionar de xeito crecente a nosa vida cotiá. O aumento progresivo da temperatura global leva aparellados fenómenos meteorolóxicos cada vez máis extremos (prolongados períodos de seca, graves inundacións), favorece a difusión de enfermidades tropicais, a multiplicación de incendios devastadores, etc. Ademais, a rexión mediterránea, España incluída, semella unha das zonas do planeta máis sensibles ao quecemento global.

O Estado español subscribiu, como membro da UE, os principais acordos internacionais sobre redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, o **Protocolo de Kioto** (1992) e os **Acordos de París** (2016). Tamén se adheriu ao **Pacto Verde Europeo** (2019), que pretende conseguir unha redución de emisións de polo menos o 55% en 2030 e que a UE acade a neutralidade climática no 2050. Porén os obxectivos semellan ambiciosos de máis.



España tamén se sumou a **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible** adoptada pola Asemblea Xeral da ONU en 2015. Actualmente non acada o aprobado en ningún dos indicadores de cumprimento dos **ODS** (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible). Dende logo, queda moito por facer.